2. A Universidad Intercontinental de la Empresa regulará o réxime de acceso e permanencia do alumnado nos seus centros, con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade garantindo, en todo caso, que non exista discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social.

3. A Universidad Intercontinental de la Empresa establecerá un sistema propio de bolsas e axudas ao estudio en consideración ao expediente académico do/a estudante e as súas circunstancias persoais e familiares, para o que destinará o 15% dos ingresos totais obtidos anualmente.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 5. *Garantía de actividade*

A Universidad Intercontinental de la Empresa deberá garantir o mantemento das súas actividades durante o tempo necesario para a consecución dos obxectivos académicos e investigadores establecidos na súa programación.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 6. *Inspección e control*

1. A Universidad Intercontinental de la Empresa colaborará coa consellería competente en materia de universidades na tarefa de comprobación do cumprimento dos requisitos e compromisos adquiridos pola entidade promotora, que se levará a cabo mediante a actividade de inspección e control, facilitando a documentación e o acceso ás súas instalacións que, para tal efecto, lle sexan requiridas, en cumprimento do Decreto 36/2016, do 23 de marzo polo que se regula a inspección no ámbito universitario na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Universidad Intercontinental de la Empresa elaborará anualmente unha memoria detallada, que comprenda as actividades docentes que nela se realicen, así como as liñas de investigación e os seus resultados, en relación coas titulacións que se impartan. A dita memoria estará a disposición da consellería competente en materia de universidades.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 7. *Transmisión ou cesión da titularidade*

1. A realización de actos e negocios xurídicos que modifiquen a personalidade xurídica ou a estrutura da universidade privada, o que impliquen a transmisión o cesión, intervivos, total o parcial, a título oneroso o gratuíto, da titularidade directa o indirecta que as persoas físicas o xurídicas ostenten sobre a universidade, deberá ser previamente comunicada á comunidade autónoma. Esta, no prazo que determine con carácter xeral, poderá denegar a súa conformidade.

2. A denegación deberá fundarse no incumprimento do previsto no artigo 5.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades ou na insuficiencia de garantías para o cumprimento dos compromisos adquiridos ao solicitarse o recoñecemento da universidade.

3. Nos supostos de cambio de titularidade, o novo titular quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas do titular anterior.

4. A infracción do previsto nos parágrafos anteriores suporá unha modificación das condicións esenciais do recoñecemento da universidade e poderá ser causa da súa revogación.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 8. *Incidencia orzamentaria*

A execución e desenvolvemento desta lei non terá incidencia algunha na dotación orzamentaria prevista no Plan Galego de Financiamento Universitario da consellería competente en materia de universidades e, en todo caso, a Universidad Intercontinental de la Empresa deberá dispoñer dos medios persoais e materiais precisos para garantir o desempeño adecuado das súas funcións.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición transitoria primeira. *Proceso de integración do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa*

No decreto de autorización de inicio de actividades da Universidad Intercontinental de la Empresa, determinarase o inicio do cese de actividades do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa adscrito á Universidade de Vigo. Para iso, a entidade promotora do centro deberá respectar o previsto sobre extinción de ensinanzas no convenio de adscrición asinado coa Universidade de Vigo o 23 de xullo de 2009 e, en todo caso deberán garantir que o alumnado que iniciara os seus estudos neste centro podan finalizalos seguindo un aproveitamento normal dos mesmos e nas condicións acordadas.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición transitoria segunda. *Caducidade do recoñecemento*

De acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional novena da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades o recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa caducará no caso de que, transcorridos cinco anos desde a entrada en vigor desta lei, non se solicitase a autorización para o inicio das actividades académicas ou esta fose denegada por falta de cumprimento dos requisitos previstos no ordenamento xurídico.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase o Consello da Xunta e a consellería competente en materia de universidades para que, no ámbito das súas respectivas competencias, diten as disposicións que correspondan para o desenvolvemento da presente lei.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

Alfonso Rueda Valenzuela

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO

Centros e oferta docente inicialmente prevista da "Universidad Intercontinental de la Empresa"

Ensinanzas de grao:

Facultade de Administración de Empresas e Dereito:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas.
- Grao en Negocios Dixitais e Intelixencia Empresarial.

Facultade de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial:

- Grao en Sistemas de Información e Ciberseguridade.
- Grao en Enxeñaría Empresarial e Emprendemento Tecnolóxico.

Ensinanzas de Posgrao:

Facultade de Administración de Empresas e Dereito:

- Máster universitario en Administración e Dirección de Empresas – MBA.
- Máster universitario en Dereito Empresarial e Economía Dixital.
- Máster universitario en Neuromarketing e Comportamento do Consumidor.

Facultade de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial:

- Máster universitario en Enxeñaría de Datos e Intelixencia de Negocios.

Ensinanzas de doutoramento:

Instituto Universitario de Investigación:

- Programa de doutoramento en Economía e Empresa.
- Programa de doutoramento en "Data Science" e Sistemas de Información.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Informe de pertinencia socio-económica da Secretaría Xeral de Universidades, respecto da solicitude de recoñecemento da "Universidad Internacional de la Empresa"

Na sede electrónica da Xunta de Galicia do pasado 4 de outubro de 2018, tivo entrada a documentación correspondente á solicitude de recoñecemento da "Universidad Internacional de la Empresa" (en adiante UIE), promovida pola Fundación Galicia Obra Social (en adiante Afundación)

Competencia

A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do artigo 31 do seu Estatuto de autonomía aprobado pola Lei orgánica 1/1981, asumiu a competencia plena sobre a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme co punto primeiro do artigo 81 desta o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o punto 30 do número 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección prevista para o seu cumprimento e garantía. Ademais das formalidades contidas na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades(LOU) modificada por lei orgánica 4/2007 do 12 de abril, de universidades e Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios.

Sucesivas disposicións normativas aprobadas no Parlamento de Galicia foron configurando a ordenación do sistema universitario de Galicia ata a actual e vixente Lei 6/2013, do 13 de xuño, na que no seu preámbulo reflicte as estruturas que poderán integrar as universidades e fixa os criterios para a creación e implantación de novas titulacións e centros, tendo en conta principios de descentralización e equilibrio territorial. A lei estrutura un sistema de ordenación en catro niveis:

- un para a creación ou recoñecemento de novas universidades públicas ou privadas, (nivel onde se encadra a actual proposta, con posterioridade ao proceso de desadscrición de IESIDE da Universidade de Vigo)

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- outro para que universidades de fóra do Sistema universitario galego poidan impartir títulos oficiais en Galicia,

- un terceiro para que universidades de fóra do Sistema universitario galego poidan ofrecer no noso territorio títulos non oficiais debidamente configurados de acordo coa normativa vixente nos seus lugares de orixe,

- e o último, para autorizar a impartición de titulacións oficiais na modalidade non presencial.

En consonancia co antedito o **artigo 3** desta norma establece que "O *Sistema universitario de Galicia está integrado pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo e, se for o caso, por aqueloutras que sexan creadas ou recoñecidas por lei do Parlamento de Galicia."* Neste senso o **capítulo segundo do título primeiro (art.12 e ss)** ocupase da creación e recoñecemento de universidades e centros, nos que se detallan os requisitos xerais básicos e específicos de creación dunha nova universidade.

Seguindo o fio destas disposicións, analizarase o grao de cumprimento de cada un dos requisitos establecidos na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, nos artigos 13 e 14 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG, así como no establecido no RD 420/20015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios:

a) Proposta de creación da universidade. Acreditación da personalidade dos promotores

- Afundación a través do seu padroado (representado por ABANCA, os concellos de A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo, as catro deputacións provinciais de Galicia, o Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia e o cadro de persoal da entidade) e ao obxecto de dar continuidade co desenvolvemento dun dos seus fins principais, como é a educación en todos os seus niveis acorda, en acta da sesión do padroado do pasado 26 de xuño de 2018, a proposta de creación dunha universidade privada, *a UIE que se configura como unha **institución privada** de **educación superior**, de **servizo público**, con forte orientación internacional, especializada no ámbito da empresa. Nace como un **proxecto de responsabilidade social corporativa** e **institucional**, orientado á creación de valor económico, social e cultural para Galicia.*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*- Neste sentido o padroado, co fin de dotar de **personalidade xurídica propia** á universidade e **plena autonomía de actuación de dirección e xestión e económico financeiro**, acorda a creación dunha nova fundación, que se denominará "**Fundación para UIE**" de configuración **non lucrativa** e fins xerais, que contribuiran ao desenvolvemento da actividade académica de **interese social institucional** ao servizo da sociedade.*

A constitución efectiva supeditarase á verificación administrativa do recoñecemento dos requisitos establecidos pola lexislación vixente.

Cumprimento art. 2.1 e art. 5 Lei Orgánica 6/2001:

- A presentación desta proposta concorda coa posibilidade constitucional recollida no artigo 27.6 de permitir a unha persoa xurídica, dentro dos principios constitucionais e con sometemento á normativa de desenvolvemento en vigor ditada polo Estado e polas CCAA, a creación dunha universidade privada.

- Por obrigación legal diferenciase a personalidade xurídica dos promotores da universidade e a da propia universidade privada. Así a UIE ten a súa propia personalidade xurídica, diferente á dos seus promotores ou titulares.

- Permite a lei calquera forma xurídica admitida en dereito e, polo tanto, é valido a personalidade xurídica de natureza fundacional, fundación que se materializará durante o proceso de recoñecemento da UIE e na autorización de inicio de actividades pola Xunta de Galicia.

b) Características mais destacadas

*- A constitución desta institución configurarase como a **primeira** universidade privada do noroeste peninsular **especializada na empresa, a tecnoloxía** e o **emprendemento**.*

*- Xurdirá da **transformación** dun centro universitario e escola de negocios denominada IESIDE adscrito á universidade da UVIGO dende o curso 2010/2011. A escola de negocios manterá a súa identidade.*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*-Un **novo modelo administrativo-académico** innovador e vangardista adaptado á lexislación española, sincronizado con Bolonia no ámbito europeo e co proceso de educación presencial e a distancia de Estados Unidos, cuxo centro será a empresa e todas as súas múltiples combinacións.*

*- **Internacionalización** en todas as dimensións: contidos, profesores, estudantes e alianzas estratéxicas con institucións de diferentes ámbitos, especialmente universidades de Europa, Estados Unidos, Canadá e América Latina, **campus multilingüe e multinacional***

*- **Alta especialización**, con prioridade na formación de posgrao en todos os ámbitos da empresa, a ciencia e a tecnoloxía aplicada á empresa e o emprendemento e a innovación de procesos*

*- Modelo baseado na **excelencia** e na xeración de coñecemento e non nun status socioeconómico: unha **formación de elite para todos os estratos sociais** que permite o acceso a estudantes sen capacidade económica, pero academicamente excelentes, cun elevado número **bolsas** de traballo e créditos educativos e con **tarifas non superiores á media de institucións educativas comparables.***

*- **Campus virtual** vangardista **"Campus Galicia"** combinado con instalacións de primeiro nivel nos tres **Intercampus** da UIE e o soporte das infraestruturas e centros de recursos para o ensino e a aprendizaxe de Afundación.*

*-Forte vinculación e **cooperación coas empresas e as universidades públicas galegas**, coa posibilidade de desenvolver programas conxuntos e sen entrar en competencia.*

*-Unha **institución privada, de servizo público,** que carece de ánimo de lucro e co xestión eficiente para facela sustentable e posibilitar o investimento na mellora da calidade.*

Xustificación de oportunidade para a comunidade autónoma:

O SUG o compoñen tres universidades públicas e 7 campus universitarios. Complementaríase coa autorización dunha universidade de carácter privado e con programa de ensino mixta-blended (que permite formación online interactiva e telepresencial) e cunha oferta especializada na empresa, tecnoloxía e o emprendemento.

Un dos retos do sistema universitario galego é o de mellorar a empregabilidade dos seus estudantes. Este proxecto ten a intención de servir aos intereses de Galicia achegando un

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Validación: https://sede.xunta.gal/cve

modelo de referencia internacional en innovación, tecnoloxía, enfoque empresarial, excelencia académica e carácter internacional.

Forte impacto económico, mediante a adopción de medidas para a retención de estudantes galegos que opten pola universidade privada, para a atracción de estudantes doutras comunidades e países, a xeración de riqueza polo número de estudantes que atraerá e o aumento da taxa de actividade emprendedora en Galicia (que na actualidade sitúase máis dun 20% por baixo da media nacional).

c) Metodoloxía administrativa- académica

- A nova institución contará cunha estrutura horizontal baseada en ***programas e proxectos***. *Un modelo universitario diferencial.*

*- A **flexibilidade** da estrutura permitirá axilizar o proceso de creación de novos programas e titulacións, non en disciplinas, senón interdisciplinas vinculadas directamente coa empresa, tanto privada como pública, ou entidades de economía social.*

*- O **calendario académico** baséase en semestres académicos lectivos de 15 semanas que suman 45 semanas en **3 semestres académicos**, ademais dos correspondentes períodos de exames. O estudante pode ingresar na universidade no outono, inverno ou verán, o que facilita compaxinar o estudo con prácticas no tecido empresarial.*

- Graos de 240 ECTS a cursar en 8 semestres e máster de 60/90 ECTS a cursar en 2/3 semestres.

*- **Non pecha en ningunha época do ano**, o que permite a mobilidade de estudantes con relación a outros continentes (cuxos períodos de verán non son coincidentes cos nosos).*

*- **Programa titorial** ao estilo anglosaxón (**mentores**).*

- Formalización dun contrato de ensino-aprendizaxe co estudante.

*- Simulación de proxectos / procesos / escenarios, asociando a metodoloxía á utilización da sociedade profesional e a obtención de **certificacións profesionais internacionais** (CAIA,CIA,CFA,EFA, EFP, FRM, ITIL, PMP)*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*-Total **transparencia.** Todos os traballos de grao e posgrao serán expostos na súa integridade na súa páxina web. Os casos de plaxio total ou parcial, sancionaranse coa expulsión automática do estudantado e a retirada do seu título, no seu caso.*

d) Metodoloxía educativa

Desenvolvemento dun modelo educativo diferencial, internacional e bilingüe

*- **Formación presencial** baseada en estudo de casos, cun equilibrio entre a práctica e a teoría e demais innovacións de tecnoloxía educativa.*

*- **Formación** online interactiva e telepresencial. Programas mixtos (**blended**).*

*- Programas de **bilingüismo** progresivo que permiten impartir as materias dos últimos semestres académicos completamente en **inglés**, así como realizar estancias no estranxeiro e obter titulacións oficiais internacionais.*

- A UIE considera fundamental a inclusión de ***formación para o emprendemento,** como competencia transversal na totalidade das súas actividade académicas, o que contribuirá a reducir que os universitarios traballen en postos por debaixo da súa cualificación.*

- Modelo de **internacionalización:**

  - *a medio prazo pretende crear campus universitarios en EEUU e Portugal*
  - *definición de programas internacionais cursados en campus de Galicia e no estranxeiro, co obxecto de atraer estudantes estranxeiros e españois*
  - *acordos para a realización de intercambios entre estudantes*
  - *contará coa acreditación internacional da Association to Advance Collegiate Schools of Business (AACSB)*

- Uso intensivo da **tecnoloxía**, tanto na propia aula, dotada co sistemas de videoconferencia interactivos, como no campus virtual.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

e) Organización académica

- Sistema baseado en *créditos **ECTS** (europeos) e **GPA** (EE.UU.) e en módulos de aprendizaxe personalizados para a creación de **diferentes itinerarios formativos**, a partir de contidos comúns das áreas medulares e outros específicos do itinerario; así o estudantado de distintos programas poderá compartir aulas adquirindo coñecementos comúns a todas as especialidades.*

- A actividade académica organizarase *en **áreas académicas de coñecemento**, entendidas como unidades estruturais que organizan as ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e títulos propios, así como outros ensinos de formación permanente e outros estudos que se impartan na universidade, de conformidade coa lexislación vixente.*

- O profesorado *integrarase en áreas académicas favorecendo a existencia de equipos docentes interdisciplinares, co obxecto de poder abordar con visión multidisciplinar programas docentes ou programas de investigación.*

- *Cada **área académica** deberá preparar unha **oferta docente** estruturada en **programas** e fomentar a actividade investigadora por medio de programas e estudos de posgrao e doutoramento.*

- Para manter o nivel de excelencia educativa e a mellora do compromiso do profesorado, aplicarase o seguinte modelo:

• *A avaliación continua do desempeño potencia as mellores prácticas do profesorado, que poderán chegar a ser profesionais en persoal.*

• *O profesorado comprometerase a colaborar tanto coa institución como con fins sociais.*

• *O esquema retributivo potencia a maximización do tempo do profesor e a súa eficiencia.*

• *Ao non existir especialización ou separación departamental, potenciarase a ocupación do profesorado ao longo de todo o período, ao poder rotar entre programas.*

f) Formación e actividades de I+D+i

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Validación: https://sede.xunta.gal/va

A UIE apoiará coa súa actividade académica o desenvolvemento de organizacións innovadoras, froito tanto das actividades de I+D+i propias como das dos seus grupos de interese. Para iso impulsará, en colaboración co Centro de Innovación e Tecnoloxía de ABANCA (CITA), a creación de novas empresas de base tecnolóxica (NEBT).

- Principios reitores:

- *Apoio e acompañamento ao investigador no proceso de transferencia de coñecemento á sociedade e á empresa incluíndo as actividades de emprendemento, para desta forma contribuír de forma directa á I+D+i dos nosos grupos de interese.*
- *Promoción para que a investigación desenvolta na institución colabore ao desenvolvemento práctico da sociedade.*
- *Procura da internacionalización de todas as etapas do proceso de I+D+i apoiando o desenvolvemento do Espazo Europeo de Investigación (EEI).*
- *Procura da plena colaboración coas organizacións empresariais en I+D+i a través da OTRI (Oficina de Transferencia dos Resultados da Investigación) mediante, entre outros, a creación de clústeres, liñas de investigación comúns, paneis, etc.*

Cumprimento do art.6.2b) do RD 420/2015, Título VIII da LOU, art.13 b) da Lei 6/2013 e RD 99/2011 do 28 de xaneiro pola que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento:

No documento remitido especifícanse detalladamente os requisitos da investigación en forma de produción científica por investigador, impacto das publicacións, recursos xerados, transferencia de coñecemento e outros indicadores.

Establécense mecanismos de colaboración coa comunidade científica, mediante a organización de congresos, talleres, seminarios... e de colaboración con outros centros de investigación públicos e privados e especialmente na busca de agrupacións estratéxicas (mediante obxectivos conxuntos) con outras universidades e institucións: organismos públicos de investigación, institutos universitarios de investigación, centros tecnolóxicos, parques científicos e tecnolóxicos e outras entidades relacionadas.

O Plan con horizonte temporal e por períodos de 3 anos, inclúe os recursos humanos, materiais, organizativos e relacionais necesarios.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: Texto Fixo 62
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

g) Cooperación coas universidades públicas galegas e vinculación e colaboración co tecido empresarial

- A oferta formativa pretende ser complementaria á oferta actual existente no SUG, descartando a idea de ser competitiva coas outras universidades

- Pretendese crear unha estrutura de colaboración co SUG para a formación especializada e co fin de desenvolver conxuntamente programas interdisciplinares de máster, programas de doutoramento ou proxectos de investigación, *facendo valer os recursos humanos e tecnolóxicos de cada institución*

- Aposta por unha forte vinculación e colaboración coas empresas, en tres ámbitos:

- *Como parte do proceso educativo (prácticas, intercambios, etc.).*
- *Desenvolvendo servizos de consultaría xerencial e liderazgo para empresas.*
- *Incorporando á UIE formadores vinculados activamente á empresa.*

Cumprimento do art.13g) Lei 6/2011:

> Trátase dunha oferta innovadora e especializada na empresa, a tecnoloxía e o emprendemento e non coincidente coas titulacións ofertadas no SUG, o que se valora especialmente pola súa aposta as novas ramas xurdidas no ámbito científico e consecuentemente ligadas ás novas necesidades profesionais de futuro.
>
> Esta oferta innovadora posibilitará ao estudante galego abrir a súa capacidade de elección, de modo que os que asi o desen non teñan a necesidade de desprazarse fora do territorio da comunidade autónoma.

h) Órganos de goberno e organización

- Órganos de goberno unipersoais: reitor-presidente, vicerreitores e secretario xeral

- Órganos de goberno colexiados: padroado, comisión permanente e consello reitor

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Defensor universitario, PDI, PAS, estudantado e comisión de participación como órgano de máxima representación da comunidade universitaria

Cumprimento do art.27 da LOU e art.14 b) da Lei 6/2011:

Acompañase o borrador de Normas de Organización e Funcionamento, que entrarán en vigor o día da súa publicación no DOG, no que se especifican os órganos de gobemo e representación, o procedemento de designación e remoción, ao tempo que garante que as decisións de natureza estritamente académica se adopten por órganos nos que o persoal docente e investigador teña a representación maioritaria.

Os órganos unipersoais ten idéntica denominación á establecida para as universidades privadas.

Garante o principio de liberdade de cátedra, investigación e o de estudo.

i) Oferta formativa

- *Co fin de formar profesionais con pensamento innovador nos ámbitos da estratexia e xestión empresarial, na economía dixital, en tecnoloxía aplicada á empresa, en innovación empresarial e análise de datos,* pretende implantar as seguintes titulacións encadradas nas ramas de coñecemento seguintes: Ciencias Social e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura:

Rama en Ciencias Sociais e Xurídicas

- Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Grao en Negocios Dixitais e Intelixencia Empresarial
- Máster Universitario en Administración e Dirección de Empresas (MBA)
- Máster Universitario en Dereito Empresarial e Economía Dixital
- Máster Universitario en Neuromarketing e Comportamento do Consumidor
- Programa de doutoramento en Economía e Empresa

Rama en Enxeñaría e Arquitectura

- Grao en Enxeñaría en Sistemas de Información e Ciberseguridade

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Grao en Enxeñaría Empresarial e Emprendemento Tecnolóxico
- Máster Universitario en Enxeñaría de Datos e Intelixencia de Negocios
- Programa de doutoramento en Data Science e Sistemas de Información

Estas titulacións impartiranse no "Instituto Universitario de Administración de Empresas e Dereito", "Instituto Universitario de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial" e "Instituto Universitario de Investigación".

Esta formación complementarase con titulacións propias non oficiais que se impartirán en IESIDE.

Cumprimento art.13 a), g) e h) Lei 6/2013 e art. 6.1 e 2a) do RD420/2015

A oferta de títulos proposta (4 graos, 4 máster e 2 doutorados e 2 ramas de coñecemento) supera os mínimos establecidos pola normativa estatal e autonómica: 8 títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional dos cales 4 sexan graos e a lo menos 2 doutorados, e distribuidos en dúas ramas de coñecemento.

Na memoria especifícase a relación de titulacións, a previsión do número total de prazas universitarias que pretenden ofertarse curso a curso, o curso académico no que dará comenzo as referidas actividades, o calendario para a implantación completa das ensinanzas e a posta en funcionamento dos correspondentes centros, así como os medios cos que conta para o seu desenvolvemento.

Debido á alta especialización das titulacións ofertadas, non se observa reiteración coas titulacións preexistentes no SUG.

O Grao en ADE e o Máster en Administración e Dirección de Empresas (MBA), como titulacións existentes na comunidade Galega dende hai mais de 20 anos e impartidas no actual IESIDE, seguirán impartidose baixo o paraugas da nova personalidade xurídica, o que permite garantir a continuidade destes estudos unha vez que se materialice o proceso de desadscrición da actual vinculación á universidade de Vigo.

Asemade recóllese o compromiso de garantir o axeitado desenvolvemento das ensinanzas que iniciasen os seus estudantes ata a súa finalización, arbitrando as medidas oportunas para que podan rematalas en condicións axeitadas.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Valorarase positivamente a intención manifesta de colaboración coa universidade pública para a formación especializada e investigación coa posibilidade de desenvolver conxuntamente programas interdisciplinares.

k) Cronograma de implantación

Está prevista a implantación no curso 2021/2022 do primeiro curso académico todas as titulacións oficiais en ambos intercampus de Vigo e Coruña.

A implantación efectiva destas titulacións requirirá ó previo recoñecemento mediante Lei aprobada no Parlamento de Galicia así como á autorización mediante Decreto do inicio de actividades.

l) Recursos humanos

PDI

- Contémplase criterios de selección, plan de seguimento e plan de formación, así como un plan de avaliación do profesorado co fin de actualizar os coñecementos e aumentar as habilidades

- Ase mesmo garante a liberdade de cátedra e investigación do profesorado, nos termos establecidos na lexislación vixente.

- *Previsións do úmero de profesores a tempo completo por área. Grao: inicio con 16 nos semestres 1 e 2 ata alcanzar 46 en 7º semestre. Másters oficiais: 10 profesores a tempo completo.*

- No grao impartirán un 50% de doutores, no Máster o 70% serán doutores e nos cursos de doutoramento o 100%. Polo menos o 60% dos profesores doutores estarán acreditados pola ACSUG

- Ratio profesor/alumno: grao entre 21 e 24, máster entre 9 e 15

PAS

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dúas premisas a ter en conta na selección do persoal: -O uso das tecnoloxías da información en procesos administrativos favorece a optimización de recursos. - Externalizarase as funcións non académicas, como mantemento, limpeza...

- Actualmente o IESIDE conta con 16 persoas de administración e servizos,cifra se duplicará nos primeiros 4 anos.

Cumprimento do art.13 d), e) Lei 6/2013, art.7 RD 420/2015):

> Non obstante o anterior, a acreditación dos requisitos establecidos neste apartado deberá documentarse aportando a prantilla de persoal no acto de autorización de inicio da actividade, momento no que se comprobará que o profesorado non sexa funcionario de corpo docente universitario en situación de activo e destino nunha universidade pública.

m) Recursos materiais

- O modelo educativo combina activos inmobiliarios e plataforma online para proporcionar formación presencial e blended (mixta). Por iso a súa actividade desenvolverase en:

CAMPUS FÍSICO: Afundación cederá as instalacións do Instituto de Educación Superior da Empresa (IESIDE) en campus de Vigo e campus de A Coruña. Ademais Afundación e ABANCA pon a disposición do proxecto UIE toda a súa rede de infraestruturas educativas, sociais ,culturais e residencial. (sede Afundación en A Coruña, en Vigo e en Pontevedra e centro ABANCA Innova integrado no Centro de Investigación e Tecnoloxía e Tecnoloxía-CITA-)

CAMPUS VIRTUAL: ferramentas nas aulas do sistema de videoconferencia e gravación; posibilidade de interacción entre os estudantes presenciais e os estudantes on line.

Cumprimento art.13 f) Lei 6/2013, art. 8 RD 420/2015:

> A futura universidade conta con infraestruturas e medios materiais adecuados e suficientes para o desenvolvemento das súas funcións docentes e investigadoras repartidas por todo o territorio galego en atención mais que suficiente para o número de alumnado previsto durante os seis primeiros anos (1382 en titulacións oficiais e 260 en titulacións propias), ademais de recursos para o aprendizaxe e a investigación, equipamento informático, salóns

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/tramites/csv/

de actos, bibliotecas, instalacións deportivas...todas elas en condicións de prevención de riscos laborais, requirimentos acústicos e acadando as condicións de habitabilidade exixidas pola lexislación vixente.

n) Estudo económico-financeiro

- A UIE nace como unha institución privada de servizo público, cun modelo de xestión eficiente que permite garantir a sustentabilidade e crecemento do proxecto e cuxos beneficios se reinvertirán completamente na institución.

- Para o análise financeiro toman en consideración a experiencia acumulada nos 30 anos de existencia da escola de negocios e en particular nos derradeiros 8 anos como centro adscrito á Universidade de Vigo, adoitando datos actuais do IESIDE reflectidos en prezos de matrícula, gastos de persoal, mantemento e conservación de inmobles, custos docentes, publicidade, seguros...

- Na **previsión de ingresos académicos por matrícula** tómase en consideración as seguintes premisas calculadas para os seis primeiros anos do proxecto: 60ECTS anuais e a tempo completo en 4 graos, 4 máster e 2 doutoramentos oficias e títulos propios. Utilízanse hipóteses prudentes crecentes de incorporación de alumnado, considerando para graos un máximo de 40 na rama da enxeñaría e de 60 na rama de ciencias sociais e xurídicas; para máster considerase 30 alumnos por grupo e ano, uno por cada campus; e 22 alumnos anuais en programas de doutoramento. A taxa de abandono en graos (tendo en conta a evolución do rendemento académico de IESIDE), oscilaría no primeiro ano entre 20%-25% e no terceiro ano entre 2%-5%. Os prezos aplicables corresponden á media dos aplicados polo resto das universidades privadas en España.

De acordo con estes parámetros pasaríase dos 6 millóns de euros no primeiro ano ata alcanzar 14,5 millóns o sexto ano, que en termos porcentuais resulta 47% a graos, 27% a másters universitarios e 36% a títulos propios.

-Outros **ingresos adicionais**, por programas de formación directiva a medida para empresas, por servizos de consultaría xerencial... previsión de 350.000€ anuais

- Gastos da universidade:

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **Custos docentes,** considerase que a dedicación a tempo completo do profesorado é de 450 h./ano, do profesorado a tempo parcial é de 300h./ano e a dedicación de cargos académicos é de 120 h./ano máximo. Faise a estimación do número de profesorado en relación aos créditos de grao e máster para determinar o total de horas de docencia anual e toman con base o custo retributivo do profesorado titular en IESIDE e de profesores externos por servizos docentes (incorporados os gastos de desprazamento e suplidos), o

  que resulta unha cantidade de 142€-151€ custo/hora estimado de primeiro/sexto ano, que extrapolado ao custo total docente resultaría 2,5 M. primeiro ano/ 4,8 M. sexto ano.

- **Outros custos asociados á docencia,**

  - Gasto en material docente: entrega de documentación, equipos informáticos, equipos de proxección, papelería... estimase nun 4% dos ingresos por matrículas.

  - Laboratorios de investigación: o gasto corresponde ao arrendamento de equipos para laboratorio

  - Gastos por visitas a empresas, outdoor training, actividades extracurriculares e programa de mentoring (fundamental para la metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe), gasto estimado en 1,25%dos ingresos totais.

- **Política de bolsas.** Tómase en consideración o expediente académico do estudantado e as circunstancias persoais e familiares, coa previsión de destinar, no caso de houber solicitantes que cumpran as condicións requiridas, o 15% dos ingresos totais obtidos anualmente o que podería beneficiar ao 25% do estudantado co intención de construír unha institución de elite pero non para as elites.

- **Custo de captación de estudantado**: gasto en márketing (paso do 7% ao 6%) axentes nacionais e internacionais (paso do 3% ao 2%) decrecente anualmente sobre total ingresos.

- **Dirección académica,** custo correspondente ao reitor e secretario xeral como cargos estatutarios, 2 vicerreitores (un académico e un económico), 1 coordinador xeral e 3 coordinadores de área e 8 responsables de programa e/ou áreas, estimase en 935 mil €/ano descontando 250 mil €/ano por non remuneración os tres primeiros anos do reitor e secretario xeral.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- **Persoal de administración e servizos (PAS)**, para manter a ratio de 1/54 por estudante, prevese un aumento de PAS de 19 a 28 de 1º a 6º ano e un custo de 31 mil €/ano cun aumento por ano dun 2%.

- **Actividades extracurriculares:** deportivas, culturais e de responsabilidade social

- Mantemento de **bibliotecas**, gastos para impartir docencia e desenvolvemento en **proxectos de investigación**, gastos de xestión e administración , gastos de difusión da actividade investigadora, asistencia a congresos e xornadas, publicidade e difusión de artigos e revistas....estimándose nun 5% dos ingresos estimados.

- Gastos de mantemento tecnolóxico, infraestruturas e equipos, gastos en enerxía, electricidade e auga, gasto en mantemento de edificios e mobiliario

- **Inversións e amortizacións** Afundación cederá as instalacións á universidade antes do inicio da súa actividade, sen necesidade de facer novas inversións. Non obstante destinarase 200 mil € anuais os dous primeiros anos para a adquisición de dispositivos tecnolóxicos e mobiliario. Nos seguintes prevese a realización de novas inversións.

- **Conta de resultados,** 2 primeiros anos, resultado negativo. Terceiro ano alcanzaría o punto de equilibrio co beneficio a partir do 4º ano.

Afundación financiará con 2,5 millóns non reintegrable para o desenvolvemento da UIE durante os dous primeiros anos.

Observacións

1ª No proxecto presentado faise unha exposición detallada e completa da totalidade do patrimonio de Afundación en la comunidade autónoma Galega, pero deberá **concretar** aquela parte do conxunto do patrimonio (instalacións, bens, dereitos e demais recursos) que Afundación formalmente cede á "*Fundación para el desarrollo de la Universidad Internacional de la Empresa*" para o exercicio das actividades propias da UIE

2ª Deberá **cuantificar** as cantidades destinadas aos seguintes grupos de gastos: gasto en actividades extracurriculares; gasto de mantemento tecnolóxico, infraestruturas e equipos; gasto

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: 7 Sec Fdo 2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

en enerxía, electricidade e auga; gasto en mantemento de edificios e mobiliario; gastos de amortización (só nalgúns casos parece que destina unha pordentaxe respecto do costo actual de IESIDE- que non din cal é-). Non se cuantifica a previsión do custo de persoal, no caso concreto do vicerreitor académico e do vicerreitor económico.

3º Deberá presentar "Certificación de solvencia económica-financeira" de acordo co establecido no artigo 9 do Real Decreto 420/2015, de 29 de maio.

4º Deberá estar constituída a "*Fundación para el desarrollo de la Universidad Internacional de la Empresa*", como personalidade xurídica propia, para a tramitación do recoñecemento por lei da UIE.

5º Recoméndase un cambio na terminoloxía e substituír o termo "posgrao" polo de máster universitario ou programa de doutoramento en cada caso, conforme á normativa vixente no ensino universitario.

Conclusión

A documentación presentada incide sobre todos os extremos previstos para o seu recoñecemento e cumpre coas esixencias legais establecidas na normativa estatal e autonómica, polo que se emite informe favorable de pertinencia socioeconómica e se propón á conselleira a oportunidade de iniciar a tramitación dun anteproxecto de lei de recoñecemento na comunidade autónoma de Galicia da UIE como universidade privada, de servizo público e sen ánimo de lucro e comprometida co desenvolvemento sostible da sociedade, da cultura e da economía galega.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

Conselleira de Educación, Universidade e Formación profesional

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Técnica
Data e hora: 29/03/2021 09:00:59
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lei pola que se recoñece como universidade privada á "Universidad Internacional de la Empresa", con sede na Comunidade Autónoma de Galicia

Órgano ou entidade impulsora: Secretaría Xeral de Universidades

Departamento: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional-Secretaría Xeral de Universidades

Estado actual: Consulta aberta

Prazo para remitir achegas/opinións: 14/01/2019 - 28/01/2019

Forma de remitir achegas/opinións: poderán ser presentadas cantas achegas/opinións se estimen convenientes por vía electrónica a través do formulario habilitado nesta mesma páxina.

Información sobre a norma :

Antecedentes:

A Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, regula os principais aspectos relativos ás condicións e requisitos para o recoñecemento, funcionamento e réxime xurídico das universidades privadas establecendo no seu artigo 4 a necesidade de que o dito recoñecemento, que terá carácter constitutivo, se leve a cabo mediante unha lei da asemblea lexislativa da comunidade autónoma en cuxo ámbito territorial se estableza.

A dita lei foi desenvolvida neste aspecto concreto polo Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios.

Así mesmo a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, logo de establecer no seu artigo 3 a posibilidade de creación ou recoñecemento por lei do Parlamento de Galicia de novas universidades no sistema universitario autonómico, desenvolve, na sección 1ª do capítulo II, o procedemento para a creación e recoñecemento de universidades, establecendo os requisitos xerais e específicos que deben cumprir as universidades privadas.

A entidade Fundación Universidad Internacional de la Empresa solicita o recoñecemento da Universidade Internacional da Empresa como universidade privada que, con sede en Santiago de Compostela, impartirá ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional.

Problemas que se pretenden solucionar:

Autorizar a formación universitaria de iniciativa privada diversificando a oferta do Sistema Universitario de Galicia, incidindo no carácter de servizo público ao ser promovida por unha fundación de interese galego sen ánimo de lucro.

Ampliación da oferta formativa superior, mantendo a garantía da calidade da mesma aos niveis da oferta pública xa existente, mediante o recoñecemento da primeira universidade privada galega, con oferta especializada no eido da empresa e de carácter internacional.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Necesidade e oportunidade da súa aprobación:

A creación de universidades públicas e o recoñecemento de universidades privadas levarase a cabo por Lei do Parlamento da Comunidade Autónoma segundo o establecido na normativa vixente, estatal e autonómica, polo tanto é necesario proceder á elaboración dunha norma con rango de lei.

Obxectivos:

O Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, ditado en desenvolvemento da Lei orgánica 6/2001, de 21 e decembro, de Universidades, establece os requisitos básicos de persoal, infraestruturas e materiais, actividade académica e investigadora, organización e estrutura... para a creación e recoñecemento de universidades, polo que a norma a elaborar deberá conter as ditas previsións:

-Recoñecer a Universidad Internacional de la Empresa como universidade privada con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Regular aspectos relativos á:

estrutura e organización académica

inicio e cesamento de actividades

requisitos de acceso do estudantado

garantía de actividade

inspección e control por parte da comunidade autónoma

Rango da norma:

Lei

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:00:59
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: 2021/4041
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Universidade Vigo

Secretaría Xeral

Edificio
Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

secral@uvigo.es
www.uvigo.gal

En relación coa consulta pública aberta no portal de transparencia da Xunta de Galicia sobre a Lei pola que se recoñece como universidade privada á "*Universidad Internacional de la Empresa*" con sede na Comunidade Autónoma de Galicia, por parte da Universidade de Vigo cabe presentar as seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA: a Resolución do 2 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2017 (polo que se aproban as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia) establece que a consulta previa "deberase realizar de tal forma que os potenciais destinatarios da norma e os que realicen achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o cal se deberán pór á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros e concisos e reunirán toda a información precisa para que se poidan pronunciar sobre a materia".

No presente caso non se axuntou documentación algunha complementaria respecto do proxecto de Lei presentado a consulta pública que permita emitir una opinión fundamentada sobre o mesmo. Esiximos que se proporcione toda a documentación necesaria, ao obxecto de poder emitir una opinión fundamentada sobre unha cuestión tan sensible para o Sistema Universitario de Galicia como a presente.

En concreto -e tal e como figura no texto da propia consulta- o Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, *de creación, reconocimiento, autorización y acreditación de universidades y centros universitarios*, (ditado en desenvolvemento da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades) establece os requisitos para o recoñecemento de Universidades privadas en España. A tal efecto, sería bo dispoñer da "*Documentación justificativa para el expediente de creación/reconocimiento de universidades y su posterior autorización*" listada no Anexo III do devandito RD, que lembramos de seguido:

a) *Memoria en la que consten sus objetivos académicos y la programación de actividades docentes e investigadoras que garanticen el cumplimiento de las funciones de la universidad establecidas en el artículo 1 de la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre.*
b) *Documentación justificativa de la garantía de actividad a la que se refiere el artículo 9 del presente real decreto.*
c) *La documentación que acredite los requisitos de organización y funcionamiento previstos en el artículo 10 del presente real decreto.*
d) *Justificación de la plantilla del personal docente e investigador al comienzo de la actividad, en los términos previstos en el artículo 7.6 del presente real decreto.*
e) *Justificación de la plantilla de personal de administración y servicios al comienzo de la actividad, así como la previsión de su incremento anual hasta la implantación total de las correspondientes enseñanzas.*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

f) *Justificación de las enseñanzas a impartir y el número de centros con que contará la nueva universidad al inicio de las actividades, así como la previsión del número total de plazas universitarias que pretenden cubrirse, curso a curso, hasta alcanzar el pleno rendimiento, curso académico en que darán comienzo las referidas actividades, y calendario para la implantación completa de las enseñanzas y la puesta en funcionamiento de los correspondientes centros.*

g) *Justificación de los objetivos y programas de investigación de las áreas científicas que guarden relación con las titulaciones oficiales que integren la nueva universidad, así como de las estructuras específicas que aseguren tales objetivos.*

h) *Justificación del cumplimiento de las infraestructuras y medios materiales adecuados y suficientes para el desarrollo de sus funciones docentes e investigadoras.*

SEGUNDA: O devandito Real Decreto 420/2015, do 29 de maio establece os requisitos para o recoñecemento das Universidades privadas en España e no seu artigo terceiro prevé que "*el reconocimiento de las universidades privadas se llevará a cabo por ley, **previo** informe de la Conferencia General de Política Universitaria de acuerdo con lo establecido en los artículos 4 y 5 de la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades*" (énfase propio).
Non consta que se teña presentado por parte dos promotores da chamada "*Universidad Internacional de la Empresa*" o preceptivo informe a que alude o artigo citado, con carácter previo á tramitación da Lei, o que podería supoñer a nulidade de todo o precedemento. En aras da transparencia, sería bó axuntar o citado Informe á documentación anterior, de cara á consulta previa (no caso de dispoñer de él).

TERCEIRA: Segundo o mesmo artigo terceiro xa citado do RD 420/2015, "*para la elaboración del informe de la Conferencia General de Política Universitaria, que se pronunciará en términos favorables o desfavorables a la creación o reconocimiento de universidades, se tendrán en cuenta los requisitos establecidos en la normativa vigente*". Isto inclúe non só os requisitos do propio Real Decreto 420/2015, senón tamén os establecidos pola normativa autonómica aplicable, no noso caso, os artigos 13 e 14 da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.
Non consta -porque falta a documentación oportuna- se o proxecto da "*Universidad Internacional de la Empresa*" compre cos requisitos establecidos na lexislación vixente (estatal e autonómica), pero cabe lembrar aquí os seguintes:

- ✓ O artigo 7.3º do RD 420/2015 sinala que "*el personal de las universidades dedicado a actividades docentes e investigadoras estará compuesto, como mínimo, por: a) Un cincuenta por ciento de doctores para el conjunto de enseñanzas correspondientes a la obtención de un Título de Grado. b) Un setenta por ciento de doctores para el conjunto de enseñanzas correspondientes a la obtención de un título de Máster. c) La totalidad del profesorado de la universidad encargado de la impartición de las enseñanzas de doctorado deberá estar en posesión del título de Doctor*".

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Edificio
Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
secretaria@uvigo.es
www.uvigo.gal

Ao anterior debemos unir que, segundo o artigo 14.2º da citada Lei galega 6/2001, do SUG, "o profesorado das universidades privadas non poderá ser persoal funcionario dos corpos docentes universitarios en situación de servizo activo e destino nunha universidade pública, nin profesorado contratado doutor nas mesmas condicións".
É certamente dubidoso que o proxecto da "Universidad Internacional de la Empresa" poda cumplir con estes requisitos sobre persoal docente, considerando ademáis que, segundo o artigo 7.4º do RD 420/2015, *"las universidades garantizarán que, al menos el sesenta por ciento del total de su profesorado ejerza sus funciones en régimen de dedicación a tiempo completo"*.

- ✓ Por outra banda, tanto a normativa autonómica como a normativa estatal insisten na necesidade de implantación de programas de doutoramento así como no perfil investigador das Universidades públicas e privadas. En concreto, o artigo 13 b) da Lei galega dispón que "as universidades deberán garantir a implantación progresiva dos programas de doutoramento e dos programas e as liñas de investigación correspondentes ás ensinanzas que impartan"; o artigo 4 b) do RD 420/2015 sinala que as Universidades deberán *"contar con una programación investigadora adecuada"*, insistindo o artigo 6.1º en que *"las universidades deberán promover el desarrollo de actividad investigadora"*.
  Debemos lembrar entón o que dispoñe sobre a responsabilidade como director de tese o artigo 11 4º do RD 99/2011, *de 28 de enero, por el que se regulan las enseñanzas oficiales de doctorado: "podrá recaer sobre cualquier doctor español o extranjero, <u>con experiencia acreditada</u>"* (subliñado propio). Tal experiencia acreditada ven sendo asimilada na maioría das Universidades españolas á posesión dun sexenio de investigación -como mínimo- por parte de quen aspire a dirixir una tese de dotoramento.
  Parece novamente difícil que o proxecto da *"Universidad Internacional de la Empresa"* poda presentar programas de doutoramento propios acreditables sen contar cun núcleo mínimo de doutores con acreditada experiencia investigadora (é dicir, de potenciales directores de tese).

- ✓ Finalmente, a normativa galega esixe que "o catálogo de titulacións ofertadas deberá ser complementario e non reiterativo respecto das titulacións preexistentes e consolidadas no SUG, e valorarase especialmente a súa conexión con novas ramas xurdidas no campo científico e con novas necesidades profesionais" (art. 13 g da Lei 6/2013, do SUG).
  Ao non constar a documentación necesaria, non é posible facer afirmacións categóricas a este respecto, pero tras conversacións mantidas cos impulsores do proxecto *"Universidad Internacional de la Empresa"* parece claro que o pefil das titulacións incialmente previstas é certamente reiterativo respecto de outras xa existentes e consolidadas no SUG e, concretamente, na Universidade de Vigo.

CUARTA: Aínda que as alegacións anteriores non esgotan o catálogo de irregularidades que amosa o obxecto da presente consulta pública, entendemos que reflexan, como mínimo, un claro incumprimento da legalidade vixente, nacional e autonómica, no eido da regulación da

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

transparencia e da normativa universitaria e son susceptibles, por tanto, de provocar a nulidade de todo o procedemento. Por conseguinte, en aras da preservación dun Sistema Universitario Galego de calidade e consideracións políticas aparte -que serán presentadas onde correponda-

SOLICITAMOS

A retirada inmediata do proxecto Lei pola que se recoñece como universidade privada á "*Universidad Internacional de la Empresa*" con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

MICHINEL ALVAREZ MIGUEL ANGEL - 34966524S

Firmado digitalmente por MICHINEL ALVAREZ MIGUEL ANGEL - 34966524S
Fecha: 2019.01.29 17:52:14 +01'00'

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:00:59
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo
San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Asunto: Contestación ao escrito presentado pola Universidade de Vigo durante o período de consulta previa da proposta presentada na Xunta de Galicia en relación á solicitude de recoñecemento dunha universidade privada nesta comunidade autónoma.

Na sede electrónica da Xunta de Galicia do pasado 4 de outubro de 2018, tivo entrada a documentación correspondente á solicitude de recoñecemento da "Universidad Internacional de la Empresa", promovida pola Fundación Galicia Obra Social.

Durante o período comprendido entre o 16 de xaneiro á 30 de xaneiro do 2019 a Secretaría Xeral de Universidades a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia, procedeu a facer unha consulta pública á cidadanía en xeral, co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 133 "de *participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei*", da Lei 39/2015, do 1 de decembro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Comunicación que ao mesmo tempo, se fixo persoalmente aos reitores das tres universidades do SUG.

A finalidade deste trámite de consulta é recadar opinión dos suxeitos e das organización mais representativas e afectados na comunidade autónoma, previo á elaboración do anteproxecto de recoñecemento como universidade privada.

Resultado desta consulta pública recibese por portal de transparencia, escrito de alegacións de Miguel-Ángel Michinel Álvarez en representación da Universidade de Vigo.

En contestación a seu escrito de alegacións cabe dicir que:

1 - O artigo 133 foi enxuizado por STC 91/2017 en canto á cobertura competencial de previsións estatais relativas á participación cidadán durante a elaboración de calquera disposición administrativa. De este artigo, salvo o establecido no apartado primeiro, primeiro inciso e apartado cuarto, primeiro parágrafo, descende a cuestións procedimentais de detalle desbordando o ámbito do básico e vulneran por elo as competencias estatutarias das comunidades autónomas en relación coa elaboración das súas propias disposicións administrativas. En consecuencia, os restantes apartados do artigo son contrarios ao orde constitucional de competencias, resultando por elo inaplicables as comunidades autónomas.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Polo tanto, de acordo co establecido no capítulo II do título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, será nun momento posterior cando se publique na páxina web da consellería e se dea información pública do proxecto de lei e documentación anexa solicitada.

2 - A universidade solicita "*a retirada inmediata do proxecto Lei pola que se recoñece como universidade privada á Universidad Internacional de la Empresa con sede na Comunidade Autónoma de Galicia*". Non cabe atender a esta solicitude toda vez que a consulta pública levada a cabo no mes de xaneiro foi previa ao inicio dos tramites do expediente, e polo tanto carente dun Acordo da conselleira con competencias en materia de universidades no que se dispoña o inicio da elaboración do anteproxecto de lei.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

Miguel Angel Michinel Alvarez
Edificio Ernestina Otero – Campus Vigo
Universidade de Vigo

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Técnica
Data e hora: 29/03/2021 09:00:59
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Informe de pertinencia socio-económica da Secretaría Xeral de Universidades, respecto da solicitude de recoñecemento da "Universidad Intercontinental de la Empresa"

Na sede electrónica da Xunta de Galicia do pasado 4 de outubro de 2018, tivo entrada a documentación correspondente á solicitude de recoñecemento da "Universidad Internacional de la Empresa", promovida pola Fundación Galicia Obra Social (en adiante Afundación).

A Secretaría Xeral de Universidades con data 13 de decembro de 2018 emitiu informe de pertinencia socioeconómica respecto da solicitude de recoñecemento como universidade, no que se fai unha serie de observacións relativas á necesidade de cumprimentar a documentación inicialmente presentada pola entidade, previa ao inicio por este departamento da tramitación do expediente .

Durante o período comprendido entre o 16 de xaneiro á 30 de xaneiro do 2019 a Secretaría Xeral de Universidades a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia, procedeu a facer unha consulta pública á cidadanía en xeral, co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de decembro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e recabar opinión dos suxeitos e das organización mais representativas e afectados na comunidade autónoma, previo á elaboración do anteproxecto de recoñecemento como universidade privada.

Resultado desta consulta pública recibese escrito de alegacións pola Universidade de Vigo.

O 17 de xaneiro de 2019 Afundación constitúe, a instancia desta conselleria, a "Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa"(en adiante FUIE) como entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar, co obxecto de promover, crear e impulsar a propia UIE.

O 13 de marzo de 2019 a entidade promotora remite documentación aclaratoria e complementaria para cumprimentar o expediente.

O secretario do padroado de A fundación presenta o 4 de xullo de 2019 escrito no que manifesta o cambio de denominación da "Fundación Universidad Internacional de la Empresa" pola de "Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa"(en adiante UIE) e engadir unha Cláusula Adicional Segunda aos Estatutos da FUIE (acordo elevado a publico ante notario o 3 de xullo).

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Acompaña tamen Convenio entre Abanca Corporación Bancaria, S.A., a Fundación Galicia Obra Social e a Fundación Universidade Intercontinental de la Empresa (en constitución).

Unha vez cumprimentada toda a documentación emítese o seguinte Informe de pertinencia socioeconómica:

Competencia

A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do artigo 31 do seu Estatuto de autonomía aprobado pola Lei orgánica 1/1981, asumiu a competencia plena sobre a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme co punto primeiro do artigo 81 desta o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o punto 30 do número 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección prevista para o seu cumprimento e garantía. Ademais das formalidades contidas na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades(LOU) modificada por lei orgánica 4/2007 do 12 de abril, de universidades e Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios.

Sucesivas disposicións normativas aprobadas no Parlamento de Galicia foron configurando a ordenación do sistema universitario de Galicia ata a actual e vixente Lei 6/2013, do 13 de xuño, na que no seu preámbulo reflicte as estruturas que poderán integrar as universidades e fixa os criterios para a creación e implantación de novas titulacións e centros, tendo en conta principios de descentralización e equilibrio territorial. A lei estrutura un sistema de ordenación en catro niveis:

- un para a creación ou recoñecemento de novas universidades públicas ou privadas, (nivel onde se encadra a actual proposta, con posterioridade ao proceso de desadscrición de IESIDE da Universidade de Vigo)

- outro para que universidades de fóra do Sistema universitario galego poidan impartir títulos oficiais en Galicia,

- un terceiro para que universidades de fóra do Sistema universitario galego poidan ofrecer no noso territorio títulos non oficiais debidamente configurados de acordo coa normativa vixente nos seus lugares de orixe,

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Validación: https://sede.xunta.gal/cve

- e o último, para autorizar a impartición de titulacións oficiais na modalidade non presencial.

En consonancia co antedito o **artigo 3** desta norma establece que "*O Sistema universitario de Galicia está integrado pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo e, se for o caso, por aqueloutras que sexan creadas ou recoñecidas por lei do Parlamento de Galicia.*" Neste senso o **capítulo segundo do título primeiro (art.12 e ss)** ocupase da creación e recoñecemento de universidades e centros, nos que se detallan os requisitos xerais básicos e específicos de creación dunha nova universidade.

Seguindo o fio destas disposicións, analizarase o grao de cumprimento de cada un dos requisitos establecidos na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, nos artigos 13 e 14 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG, así como no establecido no RD 420/20015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios:

a) Proposta de creación da universidade. Acreditación da personalidade dos promotores

- Afundación a través do seu padroado (representado por ABANCA, os concellos de A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo, as catro deputacións provinciais de Galicia, o Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia e o cadro de persoal da entidade) e ao obxecto de dar continuidade co desenvolvemento dun dos seus fins principais, como é a educación en todos os seus niveis acorda, en acta da sesión do padroado do pasado 26 de xuño de 2018, a proposta de creación dunha universidade privada, *a UIE que se configura como unha **institución privada de educación superior**, de **servizo público**, con forte orientación Intercontinental, especializada no ámbito da empresa. Nace como un **proxecto de responsabilidade social corporativa** e **institucional**, orientado á creación de valor económico, social e cultural para Galicia.*

*- Neste sentido o padroado, co fin de dotar de **personalidade xurídica propia** á universidade e **plena autonomía de actuación de dirección e xestión e económico financeiro**, acorda a creación dunha nova fundación, denominada "**Fundación Universidad Internacional de la Empresa**" de configuración **non lucrativa** e fins xerais, que contribuíran ao desenvolvemento da actividade académica de interese **social institucional** ao servizo da sociedade.*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A constitución efectiva da FUIE supeditarase á verificación administrativa por parte da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do recoñecemento dos requisitos establecidos na lexislación vixente para a clasificación, declaración de interese galego e inscrición inicial no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Cumprimento art. 2.1 e art. 5 Lei Orgánica 6/2001:

- A presentación desta proposta concorda coa posibilidade constitucional recollida no artigo 27.6 de permitir a unha persoa xurídica, dentro dos principios constitucionais e con sometemento á normativa de desenvolvemento en vigor ditada polo Estado e polas CCAA, a creación dunha universidade privada.

- Por obrigación legal diferenciase a personalidade xurídica dos promotores da universidade e a da propia universidade privada. Así a UIE ten a súa propia personalidade xurídica, diferente á dos seus promotores ou titulares.

- Permite a lei calquera forma xurídica admitida en dereito e, polo tanto, é valido a personalidade xurídica de natureza fundacional: FUIE con domicilio na Rúa Nova 33 de Santiago de Compostela, que se constitúe como unha organización de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral establecido nos seu propios estatutos.

b) Características mais destacadas

- A constitución desta institución configurarase como a ***primeira*** *universidade privada do noroeste peninsular* ***especializada na empresa, a tecnoloxía e o emprendemento.***

- *Xurdirá da* ***transformación*** *dun centro universitario e escola de negocios denominada IESIDE adscrito á universidade da UVIGO dende o curso 2010/2011. A escola de negocios manterá a súa identidade.*

-*Un* ***novo modelo administrativo-académico*** *innovador e vangardista adaptado á lexislación española, sincronizado con Bolonia no ámbito europeo e co proceso de educación presencial e a distancia de Estados Unidos, cuxo centro será a empresa e todas as súas múltiples combinacións.*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
DOE
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- ***Intercontinentalización*** *en todas as dimensións: contidos, profesores, estudantes e alianzas estratéxicas con institucións de diferentes ámbitos, especialmente universidades de Europa, Estados Unidos, Canadá e América Latina,* ***campus multilingüe e multinacional***

- ***Alta especialización****, con prioridade na formación de posgrao en todos os ámbitos da empresa, a ciencia e a tecnoloxía aplicada á empresa e o emprendemento e a innovación de procesos*

- *Modelo baseado na* ***excelencia*** *e na xeración de coñecemento e non nun status socioeconómico: unha* ***formación de elite para todos os estratos sociais*** *que permite o acceso a estudantes sen capacidade económica, pero academicamente excelentes, cun elevado número* ***bolsas*** *de traballo e créditos educativos e con* ***tarifas non superiores á media de institucións educativas comparables.***

-*Forte vinculación e* ***cooperación coas empresas e as universidades públicas galegas****, coa posibilidade de desenvolver programas conxuntos e sen entrar en competencia.*

-*Unha* ***institución privada, de servizo público,*** *que carece de ánimo de lucro e co xestión eficiente para facela sustentable e posibilitar o investimento na mellora da calidade.*

- **Dous campus** combinado con instalacións de primeiro nivel na Coruña e Vigo onde actualmente ten as súas sedes IESIDE con infraestruturas e centros de recursos para o ensino e a aprendizaxe.

Xustificación de oportunidade para a comunidade autónoma:

O SUG o compoñen tres universidades públicas e 7 campus universitarios. Complementariase coa autorización dunha universidade de carácter privado e con programa de ensino mixta-blended (que permite formación online interactiva e telepresencial) e cunha oferta especializada na empresa, tecnoloxía e o emprendemento.

Un dos retos do sistema universitario galego é o de mellorar a empregabilidade dos seus estudantes. Este proxecto ten a intención de servir aos intereses de Galicia achegando un modelo de referencia Intercontinental en innovación, tecnoloxía, enfoque empresarial, excelencia académica e carácter Intercontinental.

Forte impacto económico, mediante a adopción de medidas para a retención de estudantes galegos que opten pola universidade privada, para a atracción de estudantes doutras

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/validacion

comunidades e países, a xeración de riqueza polo número de estudantes que atraerá e o aumento da taxa de actividade emprendedora en Galicia (que na actualidade sitúase máis dun 20% por baixo da media nacional).

c) Metodoloxía administrativa- académica

- A nova institución contará cunha estrutura horizontal baseada en ***programas e proxectos***. *Un modelo universitario diferencial.*

- *A **flexibilidade** da estrutura permitirá axilizar o proceso de creación de novos programas e titulacións, non en disciplinas, senón interdisciplinas vinculadas directamente coa empresa, tanto privada como pública, ou entidades de economía social.*

- *O **calendario académico** baséase en semestres académicos lectivos de 15 semanas que suman 45 semanas en **3 semestres académicos**, ademais dos correspondentes períodos de exames. O estudante pode ingresar na universidade no outono, inverno ou verán, o que facilita compaxinar o estudo con prácticas no tecido empresarial.*

- Graos de 240 ECTS a cursar en 8 semestres e máster de 60/90 ECTS a cursar en 2/3 semestres.

- ***Non pecha en ningunha época do ano**, o que permite a mobilidade de estudantes con relación a outros continentes (cuxos períodos de verán non son coincidentes cos nosos).*

- ***Programa titorial** ao estilo anglosaxón **(mentores)**.*

- *Formalización dun contrato de ensino-aprendizaxe co estudante.*

- *Simulación de proxectos / procesos / escenarios, asociando a metodoloxía á utilización da sociedade profesional e a obtención de **certificacións profesionais internacionais** (CAIA,CIA,CFA,EFA, EFP, FRM, ITIL, PMP)*

- *Total **transparencia**. Todos os traballos de grao e posgrao serán expostos na súa integridade na súa páxina web. Os casos de plaxio total ou parcial, sancionaranse coa expulsión automática do estudantado e a retirada do seu título, no seu caso.*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CSE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

d) Metodoloxía educativa

Desenvolvemento dun modelo educativo diferencial, Intercontinental e bilingüe

- ***Formación presencial*** *baseada en estudo de casos, cun equilibrio entre a práctica e a teoría e demais innovacións de tecnoloxía educativa.*

- ***Formación*** *online interactiva e telepresencial. Programas mixtos (* ***blended****).*

- *Programas de* ***bilingüismo*** *progresivo que permiten impartir as materias dos últimos semestres académicos completamente en* ***inglés****, así como realizar estancias no estranxeiro e obter titulacións oficiais internacionais.*

- A UIE considera fundamental a inclusión de ***formación para o emprendemento,*** *como competencia transversal na totalidade das súas actividade académicas, o que contribuirá a reducir que os universitarios traballen en postos por debaixo da súa cualificación.*

- Modelo de **Intercontinentalización**:

  - *a medio prazo pretende crear campus universitarios en EEUU e Portugal*
  - *definición de programas internacionais cursados nos campus de Galicia e no estranxeiro, co obxecto de atraer estudantes estranxeiros e españois*
  - *acordos para a realización de intercambios entre estudantes*
  - *contará coa acreditación Intercontinental da Association to Advance Collegiate Schools of Business (AACSB)*

- Uso intensivo da **tecnoloxia,** tanto na propia aula, dotada co sistemas de videoconferencia interactivos, como no campus virtual.

e) Organización académica

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.xunta.gal/tramitesgalicia.gal/tramites/csv/

- Sistema baseado en *créditos ECTS (europeos) e GPA (EE.UU.) e en módulos de aprendizaxe personalizados para a creación de **diferentes itinerarios formativos**, a partir de contidos comúns das áreas medulares e outros específicos do itinerario; así o estudantado de distintos programas poderá compartir aulas adquirindo coñecementos comúns a todas as especialidades.*

- A actividade académica organizarase *en **áreas académicas de coñecemento**, entendidas como unidades estruturais que organizan as ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e títulos propios, así como outros ensinos de formación permanente e outros estudos que se impartan na universidade, de conformidade coa lexislación vixente.*

- O profesorado *integrarase en áreas académicas favorecendo a existencia de equipos docentes interdisciplinares, co obxecto de poder abordar con visión multidisciplinar programas docentes ou programas de investigación.*

- *Cada **área académica** deberá preparar unha **oferta docente** estruturada en **programas** e fomentar a actividade investigadora por medio de programas e estudos de posgrao e doutoramento.*

- Para manter o nivel de excelencia educativa e a mellora do compromiso do profesorado, aplicarase o seguinte modelo:

  • *A avaliación continua do desempeño potencia as mellores prácticas do profesorado, que poderán chegar a ser profesionais en persoal.*

  • *O profesorado comprometerase a colaborar tanto coa institución como con fins sociais.*

  • *O esquema retributivo potencia a maximización do tempo do profesor e a súa eficiencia.*

  • *Ao non existir especialización ou separación departamental, potenciarase a ocupación do profesorado ao longo de todo o período, ao poder rotar entre programas.*

f) Formación e actividades de I+D+i

A UIE apoiará coa súa actividade académica o desenvolvemento de organizacións innovadoras, froito tanto das actividades de I+D+i propias como das dos seus grupos de interese. Para iso

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
DOE - 07/04/2021
Verificación: https://sede.xunta.gal/doe

impulsará, en colaboración co Centro de Innovación e Tecnoloxía de ABANCA (CITA), a creación de novas empresas de base tecnolóxica (NEBT).

- *Principios reitores:*

- *Apoio e acompañamento ao investigador no proceso de transferencia de coñecemento á sociedade e á empresa incluíndo as actividades de emprendemento, para desta forma contribuír de forma directa á I+D+i dos nosos grupos de interese.*

- *Promoción para que a investigación desenvolta na institución colabore ao desenvolvemento práctico da sociedade.*

- *Procura da Intercontinentalización de todas as etapas do proceso de I+D+i apoiando o desenvolvemento do Espazo Europeo de Investigación (EEI).*

  Procura da plena colaboración coas organizacións empresariais en I+D+i a través da OTRI (Oficina de Transferencia dos Resultados da Investigación) mediante, entre outros, a creación de clústeres, liñas de investigación comúns, paneis, etc.

Cumprimento do art.6.2b) do RD 420/2015, Título VIII da LOU, art.13 b) da Lei 6/2013 e RD 99/2011 do 28 de xaneiro pola que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento:

No documento remitido especifícanse detalladamente os requisitos da investigación en forma de produción científica por investigador, impacto das publicacións, recursos xerados, transferencia de coñecemento e outros indicadores.

Establécense mecanismos de colaboración coa comunidade científica, mediante a organización de congresos, talleres, seminarios... e de colaboración con outros centros de investigación públicos e privados e especialmente na busca de agrupacións estratéxicas (mediante obxectivos conxuntos) con outras universidades e institucións: organismos públicos de investigación, institutos universitarios de investigación, centros tecnolóxicos, parques científicos e tecnolóxicos e outras entidades relacionadas.

O Plan con horizonte temporal e por períodos de 3 anos, inclúe os recursos humanos, materiais, organizativos e relacionais necesarios.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.xunta.gal/tramitesgeneralicia.gal/tramites/csv/

g) Cooperación coas universidades públicas galegas e vinculación e colaboración co tecido empresarial

- A oferta formativa pretende ser **complementaria** á oferta actual existente no SUG, descartando a idea de ser competitiva coas outras universidades

- Pretendese crear unha estrutura de colaboración co SUG para a formación especializada e co fin de desenvolver conxuntamente programas interdisciplinares de máster, programas de doutoramento ou proxectos de investigación, facendo valer os recursos humanos e tecnolóxicos de cada institución

- Aposta por unha forte vinculación e colaboración coas empresas, en tres ámbitos:

- *Como parte do proceso educativo (prácticas, intercambios, etc.).*
- *Desenvolvendo servizos de consultaría xerencial e liderazgo para empresas.*
- *Incorporando á UIE formadores vinculados activamente á empresa.*

Cumprimento do art.13 g) Lei 6/2011:

> Trátase dunha oferta innovadora e especializada na empresa, a tecnoloxía e o emprendemento e non coincidente coas titulacións ofertadas no SUG, o que se valora especialmente pola súa aposta as novas ramas xurdidas no ámbito científico e consecuentemente ligadas ás novas necesidades profesionais de futuro.
>
> Esta oferta innovadora e de futuro posibilitará ao estudante galego abrir a súa capacidade de elección, de modo que os que así o desen non teñan a necesidade de desprazarse fora do territorio da comunidade autónoma.

h) Órganos de goberno e organización

- Órganos de goberno unipersoais: reitor-presidente, vicerreitores e secretario xeral

- Órganos de goberno colexiados: padroado, comisión permanente e consello reitor

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Defensor universitario, PDI, PAS, estudantado e comisión de participación como órgano de máxima representación da comunidade universitaria

Cumprimento do art.27 da LOU e art.14 b) da Lei 6/2011:

Acompañase o borrador de Normas de Organización e Funcionamento, que entrarán en vigor o día da súa publicación no DOG, no que se especifican os órganos de goberno e representación, o procedemento de designación e remoción, ao tempo que garante que as decisións de natureza estritamente académica se adopten por órganos nos que o persoal docente e investigador teña a representación maioritaria.

Os órganos unipersoais ten idéntica denominación á establecida para as universidades privadas.

Garante o principio de liberdade de cátedra, investigación e o de estudo.

i) Oferta formativa

- *Co fin de formar profesionais con pensamento innovador nos ámbitos da estratexia e xestión empresarial, na economía dixital, en tecnoloxía aplicada á empresa, en innovación empresarial e análise de datos,* pretende implantar as seguintes titulacións encadradas nas ramas de coñecemento seguintes: Ciencias Social e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura:

Rama en Ciencias Sociais e Xurídicas

- Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Grao en Negocios Dixitais e Intelixencia Empresarial
- Máster Universitario en Administración e Dirección de Empresas (MBA)
- Máster Universitario en Dereito Empresarial e Economía Dixital
- Máster Universitario en Neuromarketing e Comportamento do Consumidor
- Programa de doutoramento en Economía e Empresa

Rama en Enxeñaría e Arquitectura

- Grao en Enxeñaría en Sistemas de Información e Ciberseguridade

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/tramites/csv/

- Grao en Enxeñaría Empresarial e Emprendemento Tecnolóxico
- Máster Universitario en Enxeñaría de Datos e Intelixencia de Negocios
- Programa de doutoramento en Data Science e Sistemas de Información

Estas titulacións impartiranse no "Instituto Universitario de Administración de Empresas e Dereito", "Instituto Universitario de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial" e "Instituto Universitario de Investigación".

Esta formación complementarase con titulacións propias non oficiais que se impartirán en IESIDE.

Cumprimento art.13 a), g) e h) Lei 6/2013 e art. 6.1 e 2a) do RD420/2015

A oferta de títulos proposta (4 graos, 4 máster e 2 doutorados e 2 ramas de coñecemento) supera os mínimos establecidos pola normativa estatal e autonómica: 8 títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional dos cales 4 sexan graos e a lo menos 2 doutorados, e distribuidos en dúas ramas de coñecemento.

Na memoria especifícase a relación de titulacións, a previsión do número total de prazas universitarias que pretenden ofertarse curso a curso, o curso académico no que dará comenzo as referidas actividades, o calendario para a implantación completa das ensinanzas e a posta en funcionamento dos correspondentes centros, así como os medios cos que conta para o seu desenvolvemento.

Debido á alta especialización das titulacións ofertadas, non se observa reiteración coas titulacións preexistentes no SUG.

O Grao en ADE e o Máster en Administración e Dirección de Empresas (MBA), como titulacións existentes na comunidade Galega dende hai mais de 20 anos e impartidas no actual IESIDE, seguirán impartíndose baixo o paraugas da nova personalidade xurídica, o que permite garantir a continuidade destes estudos unha vez que se materialice o proceso de desadscrición da actual vinculación á Universidade de Vigo.

Asemade recóllese o compromiso de garantir o axeitado desenvolvemento das ensinanzas que iniciasen os seus estudantes ata a súa finalización, arbitrando as medidas oportunas para que podan rematalas en condicións axeitadas.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CSE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Valorarase positivamente a intención manifesta de colaboración coa universidade pública para a formación especializada e investigación coa posibilidade de desenvolver conxuntamente programas interdisciplinares.

k) Cronograma de implantación

Está prevista a implantación no curso 2021/2022 do primeiro curso académico todas as titulacións oficiais en ambos intercampus de Vigo e Coruña.

A implantación efectiva destas titulacións requirirá ó previo recoñecemento mediante Lei aprobada no Parlamento de Galicia asi como á autorización mediante Decreto do inicio de actividades.

l) Recursos humanos

PDI

- Contémplase criterios de selección, plan de seguimento e plan de formación, así como un plan de avaliación do profesorado co fin de actualizar os coñecementos e aumentar as habilidades

- Ase mesmo garante a liberdade de cátedra e investigación do profesorado, nos termos establecidos na lexislación vixente.

- Previsións do número de profesores a tempo completo por área. *Grao: inicio con 16 nos semestres 1 e 2 ata alcanzar 46 en 7º semestre. Másters oficiais: 10 profesores a tempo completo.*

- No grao impartirán un 50% de doutores, no Máster o 70% serán doutores e nos cursos de doutoramento o 100%. Polo menos o 60% dos profesores doutores estarán acreditados pola ACSUG

- Ratio profesor/alumno: grao entre 21 e 24, máster entre 9 e 15

PAS

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dúas premisas a ter en conta na selección do persoal: -O uso das tecnoloxías da información en procesos administrativos favorece a optimización de recursos. - Externalizaranse as funcións non académicas, como mantemento, limpeza...

- Actualmente IESIDE conta con 16 persoas de administración e servizos, cifra se duplicará nos primeiros 4 anos.

Cumprimento do art.13 d), e) Lei 6/2013, art.7 RD 420/2015):

> Non obstante o anterior, a acreditación dos requisitos establecidos neste apartado deberá documentarse aportando a prantilla de persoal no acto de autorización de inicio da actividade, momento no que se comprobará que o profesorado non sexa funcionario de corpo docente universitario en situación de activo e destino nunha universidade pública.

m) Recursos materiais

- O modelo educativo combina activos inmobiliarios aportados por Afundación ao patrimonio da FUIE e a plataforma online para proporcionar formación presencial e blended (mixta). Por iso a súa actividade desenvolverase en:

CAMPUS FÍSICO: como conxunto de inmobles para a súa utilización como parte integrante da UIE, Afundación aportará á FUIE as instalacións do Instituto de Educación Superior da Empresa (IESIDE) en campus de A Coruña (sito en Ronda de Nelle 31 e Rúa Rivadavia 2) e no campus de Vigo (Avenida de Vigo 21). Ademais Afundación e ABANCA pon a disposición do proxecto UIE toda a súa rede de infraestruturas educativas, sociais ,culturais e residencial. (sede Afundación en A Coruña, en Vigo e en Pontevedra e centro ABANCA Innova integrado no Centro de Investigación e Tecnoloxía e Tecnoloxía-CITA-)

CAMPUS VIRTUAL: ferramentas nas aulas do sistema de videoconferencia e gravación; posibilidade de interacción entre os estudantes presenciais e os estudantes on line.

Cumprimento art.13 f) Lei 6/2013, art. 8 RD 420/2015:

> A futura universidade conta con infraestruturas e medios materiais adecuados e suficientes para o desenvolvemento das súas funcións docentes e investigadoras repartidas por todo o

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

territorio galego en atención mais que suficiente para o número de alumnado previsto durante os seis primeiros anos (1382 en titulacións oficiais e 260 en titulacións propias), ademais de recursos para o aprendizaxe e a investigación, equipamento informático, salóns de actos, bibliotecas, instalacións deportivas...todas elas en condicións de prevención de riscos laborais, requirimentos acústicos e acadando as condicións de habitabilidade exixidas pola lexislación vixente.

n) Estudo económico-financeiro

- A UIE nace como unha institución privada de servizo público, cun modelo de xestión eficiente que permite garantir a sustentabilidade e crecemento do proxecto e cuxos beneficios se reinvertirán completamente na institución.

- Para o análise financeiro toman en consideración a experiencia acumulada nos 30 anos de existencia da escola de negocios e en particular nos derradeiros 8 anos como centro adscrito á Universidade de Vigo, adoitando datos actuais do IESIDE reflectidos en prezos de matrícula, gastos de persoal, mantemento e conservación de inmobles, custos docentes, publicidade, seguros...

- Na **previsión de ingresos académicos por matrícula** tómase en consideración as seguintes premisas calculadas para os seis primeiros anos do proxecto: 60ECTS anuais e a tempo completo en 4 graos, 4 máster e 2 doutoramentos oficias e títulos propios. Utilízanse hipóteses prudentes crecentes de incorporación de alumnado, considerando para graos un máximo de 40 na rama da enxeñaría e de 60 na rama de ciencias sociais e xurídicas; para máster considerase 30 alumnos por grupo e ano, uno por cada campus; e 22 alumnos anuais en programas de doutoramento. A taxa de abandono en graos (tendo en conta a evolución do rendemento académico de IESIDE), oscilaría no primeiro ano entre 20%-25% e no terceiro ano entre 2%-5%. Os prezos aplicables corresponden á media dos aplicados polo resto das universidades privadas en España.

De acordo con estes parámetros pasaríase dos 6 millóns de euros no primeiro ano ata alcanzar 14,5 millóns o sexto ano, que en termos porcentuais resulta 47% a graos, 27% a másters universitarios e 36% a títulos propios.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

-Outros **ingresos adicionais**, por programas de formación directiva a medida para empresas, por servizos de consultaría xerencial... previsión de 350.000€ anuais

- **Gastos** da universidade:

- **Custos docentes,** considerase que a dedicación a tempo completo do profesorado é de 450 h./ano, do profesorado a tempo parcial é de 300h./ano e a dedicación de cargos académicos é de 120 h./ano máximo. Faise a estimación do número de profesorado en relación aos créditos de grao e máster para determinar o total de horas de docencia anual e toman con base o custo retributivo do profesorado titular en IESIDE e de profesores externos por servizos docentes (incorporados os gastos de desprazamento e suplidos), o

  que resulta unha cantidade de 142€-151€ custo/hora estimado de primeiro/sexto ano, que extrapolado ao custo total docente resultaría 2,5 M. primeiro ano/ 4,8 M. sexto ano.

- **Outros custos asociados á docencia,**

  - Gasto en material docente: entrega de documentación, equipos informáticos, equipos de proxección, papelería... estimase nun 4% dos ingresos por matrículas.

  - Laboratorios de investigación: o gasto corresponde ao arrendamento de equipos para laboratorio

  - Gastos por visitas a empresas, outdoor training, actividades extracurriculares e programa de mentoring (fundamental para la metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe), gasto estimado en 1,25%dos ingresos totais.

- **Política de bolsas.** Tómase en consideración o expediente académico do estudantado e as circunstancias persoais e familiares, coa previsión de destinar, no caso de houber solicitantes que cumpran as condicións requiridas, o 15% dos ingresos totais obtidos anualmente o que podería beneficiar ao 25% do estudantado co intención de construir unha institución de elite pero non para as elites.

- **Custo de captación de estudantado**: gasto en márketing (paso do 7% ao 6%) axentes nacionais e internacionais (paso do 3% ao 2%) decrecente anualmente sobre total ingresos.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CSE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **Dirección académica,** custo correspondente ao reitor e secretario xeral como cargos estatutarios, 2 vicerreitores (un académico e un económico), 1 coordinador xeral e 3 coordinadores de área e 8 responsables de programa e/ou áreas, estimase en 935 mil €/ano descontando 250 mil €/ano por non remuneración os tres primeiros anos do reitor e secretario xeral.

- **Persoal de administración e servizos (PAS)**, para manter a ratio de 1/54 por estudante, prevese un aumento de PAS de 19 a 28 de 1º a 6º ano e un custo de 31 mil €/ano cun aumento por ano dun 2%.

- **Actividades extracurriculares:** deportivas, culturais e de responsabilidade social

- Mantemento de **bibliotecas**, gastos para impartir docencia e desenvolvemento en **proxectos de investigación**, gastos de xestión e administración , gastos de difusión da actividade investigadora, asistencia a congresos e xornadas, publicidade e difusión de artigos e revistas....estimándose nun 5% dos ingresos estimados.

- Gastos de mantemento tecnolóxico, infraestruturas e equipos, gastos en enerxia, electricidade e auga, gasto en mantemento de edificios e mobiliario

- **Inversións e amortizacións:** co fin de garantir o bo funcionamento e continuidade da actividade universitaria asinase o 27 de xuño de 2019 un Convenio entre Abanca, Afundación e FUIE, no que se recollen os fundamentos nos que se baseará o goberno, funcionamento e financiación da FUIE en relación as aportacións dos inmobles que Afundación cederá á UIE, sen necesidade de facer novas inversións. Non obstante destinarase 200 mil € anuais os dous primeiros anos para a adquisición de dispositivos tecnolóxicos e mobiliario. Nos seguintes prevese a realización de novas inversións.

- **Conta de resultados,** 2 primeiros anos, resultado negativo. Terceiro ano alcanzaría o punto de equilibrio co beneficio a partir do 4º ano.

d) Garantía de continuidade: *Convenio entre ABANCA Corporación Bancaria, S.A., a Fundación Obra Social e a Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa (en constitución)*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Afundación financiará con un máximo 2,5 millóns non reintegrable para garantir a posta en marcha e funcionamento da UIE durante os tres primeiros anos. O excedente, de se lo caso, facilitaralo Abanca directamente ou mediante financiación en óptimas condicións. No caso de non se poder levar a cabo esta opción, será Abanca a que manterá e desenvolverá a UIE e compensará a Afundación o valor dos inmobles cedidos segundo taxación por experto independente.

A FUIE comprometese, nos 10 seguintes ao inicio da actividade, a destinar parte do excedente obtido á realización de obras sociais en colaboración co Afundación.

Conclusión

Unha vez considerada a totalidade da documentación aportada ao longo destes meses e suplidas as deficiencias detectadas inicialmente no informe do 13 de decembro de 2018, este departamento con competencias en materia universitaria considera que se cobren todos os extremos previstos para o seu recoñecemento e cumpre coas esixencias legais establecidas na normativa estatal e autonómica, polo que se emite informe favorable de pertinencia socioeconómica e se propón á conselleira a oportunidade de iniciar a tramitación dun anteproxecto de lei de recoñecemento na comunidade autónoma de Galicia da UIE como universidade privada, de servizo público e sen ánimo de lucro e comprometida co desenvolvemento sostible da sociedade, da cultura e da economía galega.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díaz de Castro

Conselleira de Educación, Universidade e Formación profesional

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Técnica
Data e hora: 29/03/2021 09:00:59
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

galicia

Acordo de inicio para a tramitación do anteproxecto de Lei de recoñecemento da "Universidad Intercontinental de la Empresa" (UIE)

Visto o informe-proposta de pertinencia socio-económica presentado polo secretario xeral de Universidades en relación á necesidade e oportunidade de iniciar os trámites para a elaboración do anteproxecto de Lei de recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa

Acordo:

Disponer que se inicien os trámites oportunos para a súa elaboración e posterior aprobación do anteproxecto de Lei de recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2019
A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Carmen Pomar Tojo

10, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Técnica
Data e hora: 29/03/2021 09:14:11
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.xunta.gal/tramites/csv/

Anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa", con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

LEI

Exposición de motivos

A Constitución Española recoñece no seu artigo 27 a liberdade de ensino así como a liberdade das persoas físicas e xurídicas para crear centros docentes, dentro do respecto aos principios constitucionais.

A Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, regula os principais aspectos relativos ás condicións e requisitos para o recoñecemento, funcionamento e réxime xurídico das universidades privadas establecendo no seu artigo 4 a necesidade de que o dito recoñecemento, que terá carácter constitutivo, se leve a cabo mediante unha lei da asemblea lexislativa da comunidade autónoma en cuxo ámbito territorial se estableza.

Así mesmo a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, logo de establecer no seu artigo 3 a posibilidade de creación ou recoñecemento por lei do Parlamento de Galicia de novas universidades no sistema universitario autonómico, desenvolve, no capítulo II do Título I, o procedemento para a creación e recoñecemento de universidades, establecendo os requisitos xerais e específicos que deben cumprir as universidades privadas.

De acordo co marco xurídico exposto, a entidade Fundación Galicia Obra Social-Afundación solicitou o recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa como universidade privada que, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia, impartirá ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, nas modalidades presencial e semipresencial.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O proxecto da Universidad Intercontinental de la Empresa parte do actual Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE), centro actualmente adscrito á Universidade de Vigo polo Decreto 445/2009, do 23 de decembro, impartindo os estudos oficiais de grao en Administración e Dirección de Empresas e o máster universitario en Dirección e Administración de Empresas, ademais de títulos propios e interinstitucionais. O seu obxectivo é constituírse en universidade privada de servizo público, especializada no eido da empresa e de carácter internacional desenvolvendo unha actividade académica centrada en dúas áreas de coñecemento: ciencias sociais e xurídicas e enxeñaría e arquitectura.

O recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa tramitouse segundo o establecido nos artigos 4, 5 e 6 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, o Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia e o Decreto 259/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorizacións de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A proposta presentada conta co informe favorable de pertinencia socioeconómica do órgano competente en materia universitaria para o seu recoñecemento como universidade privada, de servizo público e sen ánimo de lucro e comprometida co desenvolvemento sostible da sociedade, da cultura e da economía galega.

A presente lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Respecto dos principios de necesidade e eficacia, a lei é de interese xeral dado que co recoñecemento desta nova universidade amplíase a oferta formativa no eido da educación universitaria galega. Os fins perseguidos quedan recollidos no articulado e trátase dun instrumento axeitado para garantir a consecución dos ditos fins. En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa contén a regulación imprescindible para o recoñecemento dunha universidade privada. Co obxecto de garantir o principio de seguridade xurídica, esta lei é coherente co resto do ordenamento xurídico. Por outra banda, en aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa lexislativa non introduce

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CSE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

cargas administrativas. Finalmente, constatouse por parte dos departamentos competentes a ausencia de repercusións ou efectos sobre o gasto público.

A presente lei dítase en exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do disposto no artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981,do 6 de abril, que determina a competencia plena sobre a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; nos artigos 4, 5, 6, 12 e 27 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades; e no capítulo II do Título I da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

Artigo 1.- *Recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa*

1. Recoñécese a *Universidad Intercontinental de la Empresa,* como universidade privada do Sistema universitario de Galicia, para impartir ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas modalidades presencial e semipresencial.

2. A *Universidad Intercontinental de la Empresa,* nace como unha institución privada de educación superior, de servizo público e responsabilidade social e con personalidade xurídica propia. Constitúese como "Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa", en adiante FUIE, de interese galego e sen ánimo de lucro.

3. A *Universidad Intercontinental de la Empresa,* establecerase na Comunidade Autónoma de Galicia con sede en Santiago de Compostela e os seus campus académicos en A Coruña e Vigo.

4. Esta universidade rexerase pola lexislación estatal e autonómica que lle resulte de aplicación, pola presente lei e polas normas de organización e funcionamento establecidas nos estatutos da FUIE e con suxeición aos principios constitucionais e recoñecemento explícito ao principio de liberdade de cátedra, de investigación e de estudo.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 2.- ***Estrutura e organización académica***

1. A *Universidad Intercontinental de la Empresa* integra dous campus académicos, A Coruña e Vigo, que operan como sistema de intercampus conectados en rede.

2. As ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais, que abranguen as ramas de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura, impartiranse nas seguintes estruturas docentes: Instituto Universitario de Administración de Empresas e Dereito, Instituto Universitario de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial e Instituto Universitario de Investigación. Inicialmente impartirá catro graos, catro másteres universitarios e dous programas de doutoramento.

2. A actividade académica organízase en áreas académicas de coñecemento. Nestas áreas integrarase o profesorado favorecendo a existencia de equipos docentes interdisciplinares. Cada área académica farase cargo dunha oferta docente estruturada en programas e fomentará a actividade investigadora por medio de programas e estudos de grao, máster universitario e programas de doutoramento.

Artigo 3.- ***Inicio e cesamento de actividades***

1. De conformidade co artigo 15 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, o inicio das actividades da *Universidad Intercontinental de la Empresa,* será autorizado por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de universidades, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos legais esixidos pola normativa estatal e autonómica vixente.

2. O cesamento de actividades, que tamén requirirá a autorización por decreto do Consello da Xunta de Galicia, estará motivado polo incumprimento por parte da universidade dos requisitos legalmente establecidos e dos compromisos adquiridos no momento de solicitar o recoñecemento, así como por decisión das persoas promotoras da universidade. No caso de cesamento de actividades, a *Universidad Intercontinental de la Empresa,* non poderá admitir novo alumnado pero deberá seguir existindo ata que todas as titulacións ofertadas sexan extinguidas co obxecto de garantir os dereitos do alumnado.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Artigo 4.- ***Requisitos de acceso***

1. Poderá acceder á *Universidad Intercontinental de la Empresa,* o alumnado que cumpra os requisitos establecidos na normativa vixente para acceder aos estudos universitarios.

2. A *Universidad Intercontinental de la Empresa* regulará o réxime de acceso e permanencia do alumnado nos seus centros, con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade garantindo, en todo caso, que non exista discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social.

3. A *Universidad Intercontinental de la Empresa* establecerá un sistema propio de bolsas e axudas ao estudio en consideración ao expediente académico do/a estudante e as súas circunstancias persoais e familiares, para o que destinará o 15% dos ingresos totais obtidos anualmente.

Artigo 5.- ***Garantía de actividade***

A *Universidad Intercontinental de la Empresa* deberá garantir o mantemento das súas actividades durante o tempo necesario para a consecución dos obxectivos académicos e investigadores establecidos na súa programación.

Artigo 6.- ***Inspección e control***

1. A *Universidad Intercontinental de la Empresa* colaborará coa consellería competente en materia de universidades na tarefa de comprobación do cumprimento dos requisitos e compromisos adquiridos pola promotora, que se levará a cabo mediante a actividade de inspección e control, facilitando a documentación e o acceso ás súas instalacións que, a tal efecto, lle sexan requiridas, en cumprimento do Decreto 36/2016, do 23 de marzo polo que se regula a inspección no ámbito universitario na Comunidade Autónoma de Galicia.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

2. A *Universidad Intercontinental de la Empresa* elaborará anualmente unha memoria detallada, que comprenda as actividades docentes que nela se realicen, así como as liñas de investigación e os seus resultados, en relación coas titulacións que se impartan. Dita memoria estará a disposición da consellería competente en materia de universidades.

Artigo 7.- ***Incidencia orzamentaria***

A execución e desenvolvemento desta lei non terá incidencia algunha na dotación orzamentaria prevista no Plan Galego de Financiamento Universitario da consellería competente en materia de universidades e, en todo caso, deberá ser atendido cos medios persoais e materiais da *Universidad Intercontinental de la Empresa*.

Disposicións Transitorias

Primeira.- *Extinción da adscrición*

Os efectos da adscrición do Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE), á Universidade de Vigo, mantéñense ata que se conceda a autorización do inicio das actividades á *Universidad Intercontinental de la Empresa*. A extinción dos efectos da adscrición producirase de acordo coa planificación establecida no Decreto 445/2009, do 23 de decembro, polo que se aproba a adscrición á Universidade de Vigo e polo convenio de adscrición asinado en data 23 de xullo de 2009 entre a Universidade e o titular do centro.

A desascrición, segundo o disposto no artigo 23 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, será autorizada mediante decreto da Xunta de Galicia, por proposta do consello de goberno da universidade e logo dos informes favorables do consello social da universidade, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e do Consello Galego de Universidades. Desa autorización será informada a Conferencia Xeral de Política Universitaria.

En todo caso, deberá respectarse o dereito do alumnado, que estea cursando estudos no centro adscrito no momento da entrada en vigor desta lei, a finalizar os seus estudos e a obter o título da Universidade de Vigo.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Segunda.- *Caducidade do recoñecemento.*

De acordo co establecido no apartado 1, da disposición adicional novena da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades o recoñecemento da *Universidad Intercontinental de la Empresa*, caducará no caso de que, transcorridos cinco anos desde a entrada en vigor da presente lei, non se tivera solicitado a autorización para o inicio das actividades académicas ou cando esta autorización tivera sido denegada por falta de cumprimento dos requisitos previstos no ordenamento xurídico.

Disposición final primeira.- *Desenvolvemento normativo*

Autorízase ao Consello da Xunta e á consellería competente en materia de universidades para que, no ámbito das súas respectivas competencias, diten as disposicións que correspondan para o desenvolvemento da presente lei.

Disposición final segunda.- *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, a --- de ------- de

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:14:11
Motivo: concorda co orixinal
IIMO. JULIA MARIA

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Validación: https://sede.xunta.gal/tramites

Memoria económico-financeira relativa ao anteproxecto de Lei para o recoñecemento da Universidad Intercontinental da Empresa (UIE).

1- Antecedentes

Na sede electrónica da Xunta de Galicia, o 4 de outubro de 2018, ingresouse a documentación correspondente á solicitude de recoñecemento da UIE promovida pola Fundación Obra Social Galicia (en diante, Afundación).

Unha vez considerada toda a documentación subministrada por Afundación, a secretaria xeral de universidades, en virtude das súas competencias e tendo en conta que todos os extremos previstos para o seu recoñecemento están cubertos e cumpre cos requisitos legais establecidos na normativa estatal e rexional, emitiu informe favorable de pertinencia socioeconómica propoñéndolle á conselleira a oportunidade de iniciar a tramitación dun anteproxecto de lei de recoñecemento na comunidade autónoma de Galicia da UIE como universidade privada, servizo público e sen ánimo de lucro e comprometida co desenvolvemento sostible da sociedade, da cultura e da economía galega.

Segundo a Orde do 3 de marzo de 2011 da Consellería de Facenda, pola que se establece o contido mínimo do informe económico financeiro nos casos de iniciativas lexislativas ou aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación, os expedientes relacionados cos proxectos lexislativos enviaranse á Dirección Xeral de Orzamentos e deberán conter un informe económico-financeiro que avalie adecuadamente os seus efectos sobre o gasto público. Así mesmo, na devandita orde establécese que cando se considere que o anteproxecto non implica impacto económico, de xeito que non supoña custo ou que teña unha cobertura adecuada e suficiente cos créditos previstos nos orzamentos, o contido da memoria económica será o indicado no anexo II.

Este informe económico financeiro está elaborado en relación co anteproxecto de lei para o recoñecemento da Universidad Intercontinental da Empresa (en diante, UIE). Como se explicará a continuación, o seu financiamento procederá integramente de fontes privadas, sen implicar custe nin impacto económico para as arcas públicas, polo que o seu contido axústase ao establecido no anexo II da Orde do 3 de marzo de 2011.

2- Xustificación

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/tramites/csv/

A oportunidade deste recoñecemento para a comunidade autónoma de Galicia está xustificada polo seguinte:

- O sistema universitario galego (en diante, SUG) complementaríase coa autorización dunha universidade privada e con programas de ensino mixto (que permite formación en liña interactiva e telepresencial) e cunha oferta especializada na empresa, tecnoloxía e emprendemento.
- Un dos retos do SUG é a mellora da empregabilidade dos seus estudantes. A UIE pretende servir aos intereses de Galicia proporcionando un modelo de referencia internacional en innovación, tecnoloxía, enfoque empresarial, excelencia académica e carácter internacional.
- Forte impacto económico, mediante a adopción de medidas para a retención de estudantes galegos que opten pola universidade privada, para a atracción de estudantes doutras comunidades e países, a xeración de riqueza polo número de estudantes que atraerá e o aumento de taxa de actividade emprendedora en Galicia (que actualmente está máis do 20% por debaixo da media nacional).

3- Estudo económico-financeiro.

A UIE, que se financiará integramente con recursos privados, nace como unha institución privada de servizo público, cun modelo de xestión eficiente que permite garantir a sustentabilidade e crecemento do proxecto e cuxos beneficios se reinvertirán completamente na institución.

Os seus promotores elaboraron as previsións de custos e ingresos tomando en consideración a experiencia acumulada nos 30 anos de existencia da escola de negocios e, en particular, nos derradeiros 8 nos como centro adscrito á Universidade de Vigo.

3.1- Custos da UIE

A seguinte táboa elaborada en base á información incluída no informe preceptivo presentado por Afundación dentro do expediente da solicitude de recoñecemento da UIE, detalla os custos da UIE, por área de actividade e tipoloxía, previstos para os seis primeiros anos de actividade:

Táboa 1: Custos previstos por tipoloxía e anualidade

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tipo de gasto anual	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6
Custo docente grado universitario	877.500,00 €	1.451.970,00 €	2.049.067,80 €	2.814.323,62 €	2.870.610,09 €	2.928.022,29 €
Custo docente máster universitario	576.000,00 €	660.960,00 €	674.179,20 €	687.662,78 €	701.416,04 €	715.444,36 €
Custo docente títulos propios y otros	1.221.500,00 €	1.245.930,00 €	1.270.848,60 €	1.296.265,57 €	1.322.190,88 €	1.348.634,70 €
Material docente e outros gastos asociados á docencia	286.937,50 €	381.305,25 €	484.368,30 €	583.246,03 €	631.473,81 €	672.341,77 €
Custo laboratorios de investigación	230.862,42 €	235.479,67 €	240.189,26 €	244.993,05 €	249.892,91 €	254.890,77 €
Custo visitas a empresas, outdoor training y programa mentoring	120.550,00 €	162.329,00 €	207.992,00 €	251.792,00 €	273.078,00 €	291.090,00 €
Custo programas interinstitucionais	323.495,00 €	329.964,90 €	336.564,20 €	343.295,48 €	350.161,39 €	357.164,62 €
Custo biblioteca e actividades de investigación	241.100,00 €	324.658,00 €	415.934,00 €	503.584,00 €	546.156,00 €	582.180,00 €
Custo actividades extracurriculares	77.935,38 €	79.494,60 €	81.084,48 €	183.520,94 €	187.191,36 €	190.935,18 €
Total gastos actividade académica	**3.955.930,80 €**	**4.872.091,42 €**	**5.760.277,84 €**	**6.908.683,47 €**	**7.132.170,47 €**	**7.340.703,69 €**
Becas e axudas	904.125,00 €	1.217.467,50 €	1.559.940,00 €	1.888.440,00 €	2.048.085,00 €	2.183.175,00 €
Marketing	843.850,00 €	759.465,00 €	774.654,30 €	790.147,39 €	805.950,33 €	822.069,34 €
Axentes nacionais e internacionais	180.825,00 €	202.911,25 €	233.991,00 €	251.792,00 €	273.078,00 €	291.090,00 €
Total gastos captación estudiantes	**1.928.800,00 €**	**2.179.843,75 €**	**2.568.585,30 €**	**2.930.379,39 €**	**3.127.113,33 €**	**3.296.334,34 €**
Custo persoal directivo	480.230,50 €	489.835,11 €	499.631,81 €	774.926,45 €	790.424,98 €	806.233,48 €
Custo persoal administración e servizos	589.000,00 €	758.880,00 €	838.562,40 €	921.128,54 €	939.551,11 €	958.242,14 €
Total gastos dirección y administración	**1.069.230,50 €**	**1.248.715,11 €**	**1.338.194,21 €**	**1.696.055,00 €**	**1.729.976,10 €**	**1.764.575,62 €**
Custo de mantemento	353.886,00 €	357.424,86 €	360.999,11 €	364.609,10 €	368.255,19 €	371.937,74 €
Custo de suministros	87.290,00 €	91.654,50 €	96.237,23 €	101.049,09 €	103.070,07 €	105.131,47 €
Custo de reparacións e conservación	250.000,00 €	255.000,00 €	260.100,00 €	265.302,00 €	270.608,04 €	276.020,20 €
Total gastos	**691.176,00 €**	**704.079,36 €**	**717.336,33 €**	**730.960,19 €**	**741.933,30 €**	**753.089,41 €**
Inversións	200.000,00 €	200.000,00 €	200.000,00 €	240.162,00 €	629.791,30 €	885.058,31 €
Total inversión	**200.000,00 €**	**200.000,00 €**	**200.000,00 €**	**240.162,00 €**	**629.791,30 €**	**885.058,31 €**
Total gastos e inversións en infraestruturas e servizos	**891.176,00 €**	**904.079,36 €**	**917.336,33 €**	**971.122,18 €**	**1.371.724,60 €**	**1.638.147,73 €**
TOTAL CUSTOS ANUAIS	**7.845.137,30 €**	**9.204.729,64 €**	**10.584.393,69 €**	**12.506.240,03 €**	**13.360.984,50 €**	**14.039.761,37 €**

Custos docentes: considerase que a dedicación a tempo completo do profesorado é de 450 h./ano, do profesorado a tempo parcial é de 300 h./ano e a dedicación de cargos académicos é de 120 h./ano máximo. Faise a estimación do número de profesorado en relación aos créditos de grao e máster para determinar o total de horas de docencia anual e toman como base o custo retributivo do profesorado titular en IESIDE e de profesores externos por servicios docentes (incorporados os gastos de desprazamento e suplidos), o que que resulta una cantidade de 142-151€ custo/hora estimado de primeiro/sexto ano, que extrapolado ao custo total docente resultaría 2.5M. primeiro ano/ 4,8 M.sexto ano.

Outros custos asociados á docencia:

- Gasto en material docente: entrega de documentación, equipos informáticos, equipos de proxección, papelería, etc. Estimase nun 4% anual dos ingresos por matrículas.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

- Laboratorios de investigación: corresponde ó arrendamento de equipos para laboratorio.
- Gastos por visitas a empresas, outdoor training, actividades extracurriculares e programa de mentoring: estimado nun 1,25% anual dos ingresos totais.

Política de bolsas. Tómase en consideración o expediente académico do estudantado e as circunstancias persoais e familiares, coa previsión de destinar, no caso de houber solicitantes que cumpran as condicións requeridas, o 15% dos ingresos totais obtidos anualmente o que poderia beneficiar ao 25% do estudantado.

Custo de captación de estudantado: gasto en marketing (pasa do 7% ao 6%) e axentes nacionais en internacionais (pasa do 3% ao 2%), decrecente anualmente sobre total de ingresos.

Dirección académica. Custo correspondente ao reitor e secretario xeral como cargos estatutarios, 2 vicerreitores (un académico e un económico), 1 coordinador xeral, 3 coordinadores de área e 8 responsables de programas e/ou áreas.

Persoal de administración e servicios (PAS). Para manter a ratio de 1/54 por estudante, prevese un aumento de PAS de 19 a 28 de 1º a 6º ano e un custo de 31 mil €/ano cun aumento por ano dun 2%.

Actividades extracurriculares: deportivas, culturais e de responsabilidade social.

Biblioteca e actividades de investigación: mantemento de bibliotecas, gastos para impartir docencia e desenvolvemento de proxectos de investigación, gastos de xestión e administración da unidade e gastos de difusión da actividade investigadora, asistencia a congresos e xornadas, publicidade e difusión de artigos e revistas, etc: estímase nun 5% anual dos ingresos totais.

Custo de mantemento: Gastos de mantemento tecnolóxico, infraestrutura e equipos, gastos en enerxía, electricidades e auga, gasto en mantemento de edificios e mobilario.

Inversións: co fin de garantir o bo funcionamento e continuidade da actividade universitaria asinase o 27 de xuño de 2019 un Convenio entre Abanca, Afundación e Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa – titular da UIE -) no que se recollen os fundamentos nos que se baseará o goberno, funcionamento e financiaciamento da FUIE en relación ás aportacions dos inmobles que Afundación cederá á UIE, sen necesidade de

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

facer novas inversións. No obstante, destinarase 200 mil € anuais os dous primeiros anos para a adquisición de dispositivos tecnolóxicos e mobiliario. Nos seguintes prevese a realización de novas inversións.

3.2- Financiamento da UIE

Durante os dous primeiros anos, a UIE obtería resultados negativos e non alcanzaría o seu punto de equilibrio ata o terceiro ano. Como resultado, a previsión é que o proxecto precise aproximadamente 2,2 millóns de euros para ser financiado nos dous primeiros anos de vida, que comezaría a recuperarse no terceiro ano e que se recuperaría plenamente no sexto.

Na seguinte táboa inclúese a previsión anual de ingresos e aportacións en base as necesidades de financiamento estimadas pola entidade promotora:

Táboa 2: Necesidades financeiras e fontes de financiamento

Tipoloxía de ingresos	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6
Ingresos académicos por matrícula	6.027.500,00 €	8.116.450,00 €	10.399.600,00 €	12.589.600,00 €	13.653.900,00 €	14.554.500,00 €
Outros ingresos (formación in company, consultoría...)	350.000,00 €	357.000,00 €	364.140,00 €	371.422,80 €	378.851,26 €	386.428,28 €
Aportación entidades promotoras da UIE	1.467.637,30 €	731.279,64 €				
Total fontes de financiamento privadas	7.845.137,30 €	9.204.729,64 €	10.763.740,00 €	12.961.022,80 €	14.032.751,26 €	14.940.928,28 €
TOTAL INGRESOS ANUAIS	7.845.137,30 €	9.204.729,64 €	10.763.740,00 €	12.961.022,80 €	14.032.751,26 €	14.940.928,28 €
TOTAL CUSTOS ANUAIS	7.845.137,30 €	9.204.729,64 €	10.584.393,69 €	12.506.240,03 €	13.360.984,50 €	14.039.761,37 €
EXCEDENTE/(DEFICIT) ANUAL		- €	179.346,31 €	454.782,77 €	671.766,76 €	901.166,91 €

Na previsión de ingresos académicos por matrícula tomase en consideración as seguintes premisas calculadas para os seis primeiros anos do proxecto: 60ECTS anuais a tempo completo en 4 graos, 4 máster e 2 doutoramentos oficiais e títulos propios. Utilízanse hipóteses prudentes crecentes de incorporación de alumnado, considerando para graos un máximo de 40 na rama da enxeñaría e de 60 na rama de ciencias sociais e xurídicas: para máster considérase 30 alumnos por grupo e ano, un por cada campus; e 22 alumnos anuais en programas de doutoramente. A taxa de abandono en graos oscilaría no primeiro ano entre o 20-2% e no terceiro entre 2%-5%. Os prezos aplicables corresponden á media dos aplicados polo resto das universidades privadas de España.

No caso de que as necesidades de financiamento foran superiores, en virtude do convenio xa mencionado entre Abanca, Afundación e a FUIE, Afundación aportará á FUIE un máximo de 2,5 millóns de euros, con carácter non reintegrable, para garantir a posta en marcha e funcionamento da UIE durante os tres primeiros anos. De ser superior o importe

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

necesario, será facilitado por Abanca directamente ou mediante financiacion en óptimas condicións. No caso de que non se poda levar a cabo esta opción, será Abanca a que manterá e desenvolverá a UIE, garantindo de esta maneira a súa continuidade e o financiamento integramente privado da mesma.

4- Metas e indicadores

As metas e indicadores básicos do proxecto da UIE incluídos na memoria presentada para o seu recoñecemento, son os seguintes:

	Metas					
Indicador	Año 1º	Año 2º	Año 3º	Año 4º	Año 5º	Año 6º
Número ttulacións grao universitario UIE	4	4	4	4	4	4
Número ttulacións máster universitario UIE	4	4	4	4	4	4
Número de ttu aciones universitarias UIE con metodoloxía sem presencia	3	3	3	3	3	3
ECTS grao universitario UIE	675	1055	1515	2040	2040	2040
ECTS máster universitario UIE	450	540	540	540	540	540
Número de estudantes grao universitario UIE	261	553	754	976	1054	1110
Número de estudante máster universitario UIE	90	110	135	142	146	150
% de estudantes becados UIE	25%	25%	25%	25%	25%	25%
% de ingresos UIE destinados a becas e axudas	15%	15%	15%	15%	15%	15%
% de ingresos UIE destinados a actividades de captación	7%	7%	6%	6%	6%	6%

5- Conclusión

Segundo o exposto, o recoñecemento da Universidad Intercontinental da Empresa, non xeraría custo algún para o erario público nin tería impacto económico, actual nin futuro, non precisando de fondos orzamentarios públicos para o seu financiamento.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019

O secretario xeral de Universidades

Alberto Díez de Castro

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CVE [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:14:11
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Memoria xustificativa para o recoñecemento da "Universidad Intercontinental de la Empresa"

O Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, asumiu, no seu artigo 31, a competencia plena sobre a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme artigo 81.1 desta o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o punto 30 do número 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección prevista para o seu cumprimento e garantía.

Ademais das formalidades contidas na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades(LOU) modificada por lei orgánica 4/2007 do 12 de abril, de universidades e no Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, sucesivas disposicións normativas aprobadas no Parlamento de Galicia foron configurando a ordenación do sistema universitario de Galicia ata a actual e vixente Lei 6/2013, do 13 de xuño, na que no seu preámbulo reflicte as estruturas que poderán integrar as universidades e fixa os criterios para a creación e implantación de novas titulacións e centros, tendo en conta principios de descentralización e equilibrio territorial.

En particular co antedito o artigo 3 desta norma establece que "*O Sistema universitario de Galicia está integrado pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo e, se for o caso, por aqueloutras que sexan creadas ou recoñecidas por lei do Parlamento de Galicia.*" Neste senso o capítulo segundo do título primeiro (art.12 e ss) ocupase da creación e recoñecemento de universidades e centros, nos que se detallan os requisitos xerais básicos e específicos de creación dunha nova universidade.

Neste contexto o pasado 4 de outubro de 2018 tivo entrada na sede electrónica da Xunta de Galicia, a documentación correspondente á proposta de recoñecemento da "Universidad Intercontinental de la Empresa" (en adiante UIE), promovida pola Fundación Galicia Obra Social (en adiante Afundación).

Durante todo este tempo, a documentación inicialmente presentada foi obxecto análise polo departamento con competencia en materia universitaria, durante o cal requiriuse á entidade

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Validación: https://sede.xunta.gal/csv

promotora aclaracións e presentación de nova documentación ao tempo que, en cumprimento do establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pretendeuse mediante a publicación no portal de transparencia da Xunta de Galicia, incrementar a participación da cidadanía co fin de recabar opinións, con carácter previo ao inicio do procedemento de elaboración do anteproxecto de lei de creación ou recoñecemento dunha universidade.

A proposta presentadas axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Respecto dos principios de necesidade e eficacia, a futura lei será de interese xeral xa que co recoñecemento desta nova universidade amplíase a oferta formativa no eido da educación universitaria galega. Os fins perseguidos quedan recollidos ao longo da memoria, materializándose nunha lei como instrumento axeitado para garantir a consecución dos ditos fins. En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa contén a regulación imprescindible para o recoñecemento dunha universidade privada. Co obxecto de garantir o principio de seguridade xurídica, esta lei é coherente co resto do ordenamento xurídico. Por outra banda, en aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa lexislativa non introduce cargas administrativas. Finalmente, constatouse por parte dos departamentos competentes a ausencia de repercusións ou efectos sobre o gasto público.

Seguindo o fio destas disposicións, analizarase o grao de cumprimento de cada un dos requisitos establecidos na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, nos artigos 13 e 14 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG, así como no establecido no RD 420/20015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios:

a) Proposta de creación da universidade. Acreditación da personalidade dos promotores

- Afundación a través do seu padroado (representado por ABANCA, os concellos de A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo, as catro deputacións provinciais de Galicia, o Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia e o cadro de persoal da entidade) e ao obxecto de dar continuidade co desenvolvemento dun dos seus fins principais, como é a educación en todos os seus niveis acordo, en acta da sesión do padroado do pasado 26 de xuño de 2018, a proposta de creación dunha universidade privada, *a UIE que se configura como unha **institución privada** de **educación superior**, de **servizo público**, con forte orientación internacional, especializada no*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
OVE (Oficina Virtual)
Verificación: https://sede.xunta.gal/ove

*ámbito da empresa. Nace como un **proxecto de responsabilidade social corporativa** e **institucional**, orientado á creación de valor económico, social e cultural para Galicia.*

- Neste sentido o padroado, *co fin de dotar de **personalidade xurídica propia** á universidade e **plena autonomía de actuación de dirección e xestión e económico financeiro**, acorda a creación dunha nova fundación, que se denomina "**Fundación para UIE**" de configuración **non lucrativa** e fins xerais, que contribuiran ao desenvolvemento da actividade académica de **interese social institucional** ao servizo da sociedade.*

A constitución efectiva da universidade supeditarase á verificación administrativa do recoñecemento dos requisitos establecidos pola lexislación vixente. Así en cumprimento art. 2.1 e art. 5 Lei Orgánica 6/2001:

- A presentación desta proposta concorda coa posibilidade constitucional recollida no artigo 27.6 de permitir a unha persoa xurídica, dentro dos principios constitucionais e con sometemento á normativa de desenvolvemento en vigor ditada polo Estado e polas CCAA, a creación dunha universidade privada.

- Por obrigación legal diferenciase a personalidade xurídica dos promotores da universidade e a da propia universidade privada. Así a UIE ten a súa propia personalidade xurídica, diferente á dos seus promotores ou titulares.

- Permite a lei calquera forma xurídica admitida en dereito e, polo tanto, é valido a personalidade xurídica de natureza fundacional, fundación que se materializará durante o proceso de recoñecemento da UIE e na autorización de inicio de actividades pola Xunta de Galicia.

b) Características mais destacadas da proposta presentada

- A constitución desta institución configurarase como *a **primeira** universidade privada do norceste peninsular **especializada na empresa, a tecnoloxía e o emprendemento.***

- *Xurdirá da **transformación** dun centro universitario e escola de negocios denominada IESIDE adscrito á universidade da UVIGO dende o curso 2010/2011. A escola de negocios manterá a súa identidade.*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*-Un **novo modelo administrativo-académico** innovador e vangardista adaptado á lexislación española, sincronizado con Bolonia no ámbito europeo e co proceso de educación presencial e a distancia de Estados Unidos, cuxo centro será a empresa e todas as súas múltiples combinacións.*

*- **Internacionalización** en todas as dimensións: contidos, profesores, estudantes e alianzas estratéxicas con institucións de diferentes ámbitos, especialmente universidades de Europa, Estados Unidos, Canadá e América Latina, **campus multilingüe e multinacional.***

*- **Alta especialización**, con prioridade na formación de posgrao en todos os ámbitos da empresa, a ciencia e a tecnoloxía aplicada á empresa e o emprendemento e a innovación de procesos.*

*- Modelo baseado na **excelencia** e na xeración de coñecemento e non nun status socioeconómico: unha **formación de elite para todos os estratos sociais** que permite o acceso a estudantes sen capacidade económica, pero academicamente excelentes, cun elevado número **bolsas** de traballo e créditos educativos e con **tarifas non superiores á media de institucións educativas comparables.***

*-Forte vinculación e **cooperación coas empresas e as universidades públicas galegas**, coa posibilidade de desenvolver **programas conxuntos** e sen entrar en competencia.*

*-Unha **institución privada, de servizo público,** que carece de ánimo de lucro e co xestión eficiente para facela sustentable e posibilitar o investimento na mellora da calidade.*

- **Dous Campus** combinado con instalacións na Coruña e Vigo onde actualmente ten as súas sedes IESIDE das infraestruturas e centros de recursos para o ensino e a aprendizaxe.

Xustificación de oportunidade para a comunidade autónoma:

O SUG o componen tres universidades públicas e 7 campus universitarios. Complementaríase coa autorización dunha universidade de carácter privado e con programa de ensino mixta-blended (que permite formación online interactiva e telepresencial) e cunha oferta especializada na empresa, tecnoloxía e o emprendemento.

Un dos retos do sistema universitario galego é a mellora da empregabilidade dos seus estudantes. Este proxecto ten a intención de servir aos intereses de Galicia achegando un

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

modelo de referencia internacional en innovación, tecnoloxía, enfoque empresarial, excelencia académica e carácter internacional.

O establecemento deste proxecto universitario en Galicia colabora no incremento do impulso o económico da comunidade, mediante a adopción de medidas para a retención de alumnado galego que opte pola universidade privada ou para a atracción de estudantes doutras comunidades e países,o que repercutirá no incremento de alumnado nesta comunidade autónoma e ao mesmo tempo o aumento da taxa de actividade emprendedora en Galicia (que na actualidade sitúase máis dun 20% por baixo da media nacional).

c) Metodoloxía administrativa- académica

- Modelo universitario diferencial xa que contará cunha estrutura horizontal baseada en **programas e proxectos**.

- Esta **flexibilidade** de estrutura permitirá dinamizar a creación de novos programas e titulacións, interdisciplinares vinculados directamente coa empresa ou outras entidades de economía social.

- O **calendario académico:** semestres académicos lectivos de 15 semanas, que suman 45 semanas en **3 semestres académicos.** O estudante pode ingresar na universidade no outono, inverno ou verán, o que facilita compaxinar o estudo con prácticas no tecido empresarial.

- Graos de 240 ECTS a cursar en 8 semestres e máster de 60/90 ECTS a cursar en 2/3 semestres.

- A universidade **non pecha en ningunha época do ano**, o que permite a mobilidade de estudantes con relación a outros continentes (con períodos de verán non coincidentes cos nosos).

- **Programa titorial** ao estilo anglosaxón (**mentores**).

- Formalización dun contrato de ensino-aprendizaxe co estudantado.

- Posibilidade de obtención de **certificacións profesionais internacionais** (CAIA,CIA,CFA,EFA, EFP, FRM, ITIL, PMP)

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

-**Transparencia:** mediante a exposición na páxina web de todos os traballos de grao e posgrao Os casos de plaxio sancionaranse coa expulsión automática do estudantado e a retirada do seu título, no seu caso.

d) Metodoloxía educativa

Desenvolvemento dun modelo educativo diferencial, internacional e bilingüe:

- **Formación presencial** baseada en estudo de casos, cun equilibrio entre a práctica e a teoría

- **Formación** online interactiva e telepresencial. Programas mixtos (**blended**).

- **Bilingüismo** progresivo que permiten impartir as materias dos últimos semestres académicos completamente en **inglés**, así como realizar estancias no estranxeiro e obter titulacións oficiais internacionais.

- Inclusión de maneira transversal en toda a actividade académica da **formación para o emprendemento,**

- Modelo de **internacionalización**:

  - *a medio prazo pretende crear campus universitarios en EEUU e Portugal*
  - *definición de programas internacionais cursados en campus de Galicia e no estranxeiro, co obxecto de atraer estudantes estranxeiros e españois*
  - *acordos para a realización de intercambios entre estudantes*
  - *contará coa acreditación internacional da Association to Advance Collegiate Schools of Business (AACSB)*

- Uso intensivo da **tecnoloxia,** tanto na propia aula, dotada co sistemas de videoconferencia interactivos, como no campus virtual.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/

e) Organización académica

- Sistema baseado en créditos **ECTS** (europeos) e GPA (EE.UU.) e en módulos de aprendizaxe personalizados para a creación de **diferentes itinerarios formativos**, a partir de contidos comúns das áreas medulares e outros específicos do itinerario.

- A actividade académica organizarase en **áreas académicas de coñecemento,** entendidas como unidades estruturais que organizan as ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e títulos propios, de conformidade coa lexislación vixente.

- O profesorado integrarase nas áreas académicas, favorecendo a existencia de equipos docentes interdisciplinares, co obxecto de poder abordar (con visión multidisciplinar) programas docentes ou programas de investigación.

- Cada **área académica** deberá preparar unha **oferta docente** estruturada en **programas** e fomentar a actividade investigadora por medio de programas e estudos de posgrao e doutoramento.

- **Compromiso do profesorado:** para manter o nivel de excelencia educativa aplicarase o seguinte modelo:

• O profesorado comprometerase a colaborar tanto coa institución como con fins sociais.

• O esquema retributivo potencia a maximización do tempo do profesor e a súa eficiencia.

• Ao non existir especialización ou separación departamental, potenciarase a ocupación do profesorado ao longo de todo o período, ao poder rotar entre programas.

f) Formación e actividades de I+D+i

A UIE apoiará coa súa actividade académica o desenvolvemento de organizacións innovadoras, feito tanto das actividades de I+D+i propias como das dos seus grupos de interese. Para iso impulsará, en colaboración co Centro de Innovación e Tecnoloxía de ABANCA (CITA), a creación de novas empresas de base tecnolóxica (NEBT). Todo isto baseándose nos seguintes principios:

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Validación: https://sede.xunta.gal/

- *"Apoio e acompañamento ao investigador no proceso de transferencia de coñecemento á sociedade e á empresa incluíndo as actividades de emprendemento, para desta forma contribuír de forma directa á I+D+i dos nosos grupos de interese.*

- *Promoción para que a investigación desenvolta na institución colabore ao desenvolvemento práctico da sociedade.*

- *Procura da internacionalización de todas as etapas do proceso de I+D+i apoiando o desenvolvemento do Espazo Europeo de Investigación (EEI).*

  Procura da plena colaboración coas organizacións empresariais en I+D+i a través da OTRI (Oficina de Transferencia dos Resultados da Investigación) mediante, entre outros, a creación de clústeres, liñas de investigación comúns, paneis, etc."

Cumprimento do art.6.2b) do RD 420/2015, Título VIII da LOU, art.13 b) da Lei 6/2013 e RD 99/2011 do 28 de xaneiro pola que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento:

No documento remitido especifícanse detalladamente os requisitos da investigación en forma de produción científica por investigador, impacto das publicacións, recursos xerados, transferencia de coñecemento e outros indicadores.

Establécense mecanismos de colaboración coa comunidade científica, mediante a organización de congresos, talleres, seminarios... e de colaboración con outros centros de investigación públicos e privados e especialmente na busca de agrupacións estratéxicas (mediante obxectivos conxuntos) con outras universidades e institucións: organismos públicos de investigación, institutos universitarios de investigación, centros tecnolóxicos, parques científicos e tecnolóxicos e outras entidades relacionadas.

O Plan con horizonte temporal e por períodos de 3 anos, inclúe os recursos humanos, materiais, organizativos e relacionales necesarios.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

g) Cooperación coas universidades públicas galegas e vinculación e colaboración co tecido empresarial.

- A oferta formativa pretende ser complementaria á oferta actual existente no SUG, descartando a idea de ser competitiva coas outras universidades.

- Pretendese crear unha estrutura de colaboración co SUG para a formación especializada e co fin de desenvolver conxuntamente programas interdisciplinares de máster, programas de doutoramento ou proxectos de investigación, facendo valer os recursos humanos e tecnolóxicos de cada institución

- Aposta por unha forte vinculación e colaboración coas empresas, en tres ámbitos:

- *Como parte do proceso educativo (prácticas, intercambios, etc.).*
- *Desenvolvendo servizos de consultaría xerencial e liderazgo para empresas.*
- *Incorporando á UIE formadores vinculados activamente á empresa.*

Cumprimento do art. 13g) Lei 6/2011:

Trátase dunha oferta innovadora e especializada na empresa, a tecnoloxía e o emprendemento e non coincidente coas titulacións ofertadas no SUG, o que se valora especialmente pola súa aposta as novas ramas xurdidas no ámbito científico e consecuentemente ligadas ás novas necesidades profesionais de futuro.

Esta oferta innovadora posibilitará ao estudante galego abrir a súa capacidade de elección, de modo que os que así o desen non teñan a necesidade de desprazarse fora do territorio da comunidade autónoma.

h) Órganos de goberno e organización

- Órganos de goberno unipersoais: reitor-presidente, vicerreitores e secretario xeral

- Órganos de goberno colexiados: padroado, comisión permanente e consello reitor

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Defensor universitario, PDI, PAS, estudantado e comisión de participación como órgano de máxima representación da comunidade universitaria

Cumprimento do art.27 da LOU e art.14 b) da Lei 6/2011:

Acompañase o borrador de Normas de Organización e Funcionamento, que entrarán en vigor o día da súa publicación no DOG, no que se especifican os órganos de goberno e representación, o procedemento de designación e remoción, ao tempo que garante que as decisións de natureza estritamente acadêmica se adopten por órganos nos que o persoal docente e investigador teña a representación maioritaria.

Os órganos unipersoais ten idéntica denominación á establecida para as universidades privadas.

Garante o principio de liberdade de cátedra, investigación e o de estudo.

i) Oferta formativa

Co fin de formar futuros profesionais con pensamento innovador nos ámbitos da estratexia e xestión empresarial, en economía dixital, en tecnoloxía aplicada á empresa, en innovación empresarial e análise de datos, pretende impartir as seguintes titulacións encadradas nas ramas de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura:

Rama en Ciencias Sociais e Xurídicas

- Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Grao en Negocios Dixitais e Intelixencia Empresarial
- Máster Universitario en Administración e Dirección de Empresas (MBA)
- Máster Universitario en Dereito Empresarial e Economía Dixital
- Máster Universitario en Neuromarketing e Comportamento do Consumidor
- Programa de doutoramento en Economía e Empresa

Rama en Enxeñaría e Arquitectura

- Grao en Enxeñaría en Sistemas de Información e Ciberseguridade

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: udi-000001
Verificación: https://sede.xunta.gal/c

- Grao en Enxeñaría Empresarial e Emprendemento Tecnolóxico
- Máster Universitario en Enxeñaría de Datos e Intelixencia de Negocios
- Programa de doutoramento en Data Science e Sistemas de Información

Estas titulacións impartiranse no "Instituto Universitario de Administración de Empresas e Dereito", "Instituto Universitario de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial" e "Instituto Universitario de Investigación".

Esta formación complementarase con titulacións propias non oficiais que se impartirán en IESIDE.

Cumprimento art.13 a), g) e h) Lei 6/2013 e art. 6.1 e 2a) do RD420/2015

A oferta de títulos proposta (4 graos, 4 máster e 2 doutorados e 2 ramas de coñecemento) supera os mínimos establecidos pola normativa estatal e autonómica: 8 títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional dos cales 4 sexan graos e a lo menos 2 doutorados, e distribuídos en dúas ramas de coñecemento.

Na memoria especifícase a relación de titulacións, a previsión do número total de prazas universitarias que pretenden ofertarse curso a curso, o curso académico nos que dará comenzo as referidas actividades, o calendario para a implantación completa das ensinanzas e a posta en funcionamento dos correspondentes centros, así como os medios cos que conta para o seu desenvolvemento.

Debido á alta especialización das titulacións ofertadas, non se observa reiteración coas titulacións preexistentes no SUG.

O Grao en ADE e o Máster en Administración e Dirección de Empresas (MBA), como titulacións existentes na comunidade Galega dende hai mais de 20 anos e impartidas no actual IESIDE, seguirán impartídose baixo o paraugas da nova personalidade xurídica, o que permite garantir a continuidade destes estudos unha vez que se materialice o proceso de desadscrición da actual vinculación á Universidade de Vigo.

Asemade recóllese o compromiso de garantir o axeitado desenvolvemento das ensinanzas que iniciasen os estudantes ata a súa finalización, arbitrando as medidas oportunas para que podan rematalas en condicións axeitadas.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

Valorarase positivamente a intención manifesta de colaboración coa universidade pública para a formación especializada e investigación coa posibilidade de desenvolver conxuntamente programas interdisciplinares.

k) Cronograma de implantación

Está prevista a impartición no curso 2021/2022 do primeiro curso académico, de todas as titulacións oficiais, en ambos campus de Vigo e Coruña.

A implantación efectiva destas titulacións requirirá ó previo recoñecemento mediante Lei aprobada no Parlamento de Galicia así como á autorización mediante Decreto do inicio de actividades.

l) Recursos humanos

PDI

- Contémplase criterios de selección, plan de seguimento e plan de formación, así como un plan de avaliación do profesorado co fin de actualizar os coñecementos e aumentar as habilidades

- Así mesmo garantirase a liberdade de cátedra e investigación do profesorado, nos termos establecidos na lexislación vixente.

- *Previsións do número de profesores a tempo completo por área. Grao: inicio con 16 nos semestres 1 e 2 ata alcanzar 46 en 7º semestre. Másters oficiais: 10 profesores a tempo completo.*

- No grao impartirán un 50% de doutores, no Máster o 70% serán doutores e nos cursos de doutoramento o 100%. Polo menos o 60% dos profesores doutores estarán acreditados pola ACSUG

- Ratio profesor/alumno: grao entre 21 e 24. máster entre 9 e 15

PAS

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: BOPGDS-01-2021
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dúas premisas a ter en conta na selección do persoal:

-O uso das tecnoloxías da información en procesos administrativos favorece a optimización de recursos.

- Externalizarase as funcións non académicas: como mantemento, limpeza...

Actualmente IESIDE conta con 16 persoas de administración e servizos, cifra que se duplicará nos primeiros 4 anos.

Cumprimento do art.13 d), e) Lei 6/2013, art.7 RD 420/2015):

> Non obstante o anterior, a acreditación dos requisitos establecidos neste apartado deberá documentarse aportando a prantilla de persoal no acto de autorización de inicio da actividade, momento no que se comprobará que o profesorado non sexa funcionario de corpo docente universitario en situación de activo e destino nunha universidade pública.

n) Garantía de continuidade: *Convenio entre ABANCA Corporación Bancaria, S.A., a Fundación Obra Social e a Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa (en constitución)*

Afundación financiará con un máximo 2,5 millóns non reintegrable para garantir a posta en marcha e funcionamento da UIE durante os tres primeiros anos. O excedente, de se lo caso, facilitaralo Abanca directamente ou mediante financiación en óptimas condicións. No caso de non se poder levar a cabo esta opción, será Abanca a que manterá e desenvolverá a UIE e compensará a Afundación o valor dos inmobles cedidos segundo taxación por experto independente.

A FUIE comprometese, nos 10 seguintes ao inicio da actividade, a destinar parte do excedente obtido á realización de obras sociais en colaboración co Afundación.

Visto todo o anterior, e unha vez considerada a totalidade da documentación aportada ao longo destes meses e supridas as deficiencias detectadas inicialmente no informe do 13 de decembro

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

de 2018, este departamento con competencias en materia universitaria considera que se cobren todos os extremos previstos para o seu recoñecemento e cumpre coas esixencias legais establecidas na normativa estatal e autonómica, polo que se inician os trámites da furura lei de recoñecemento na comunidade autónoma de Galicia da UIE como universidade privada, de servizo público e sen ánimo de lucro e comprometida co desenvolvemento sostible da sociedade, da cultura e da economía galega.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Técnica
Data e hora: 29/03/2021 09:14:12
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: gal-[illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Remitido a estudo o anteproxecto de lei, tramitado pola Secretaría Xeral de Universidades, de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa", con sede na Comunidade Autónoma de Galicia, este Servizo Técnico Xurídico

INFORMA:

1.- O artigo 1 do Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dispón que lle corresponden a esta consellería as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa que sexa de aplicación.

2.- A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, regula no seu título I a natureza, creación, recoñecemento e réxime xurídico das universidades públicas e privadas, establecendo para tal efecto as regras para a súa posta en marcha e funcionamento. No seu artigo 4 establece que a creación de universidades públicas e o recoñecemento das universidades privadas levarase a cabo por lei da asemblea lexislativa da comunidade autónoma en cuxo ámbito territorial se establezan.

O artigo 5 da citada lei determina que en virtude do establecido no apartado 6 do artigo 27 da Constitución, as persoas físicas ou xurídicas poderán crear universidades privadas ou centros universitarios privados, dentro do respecto aos principios constitucionais e con sometemento ao disposto nesa lei e nas normas que, no seu desenvolvemento, diten o Estado e as comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias.

O Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, ten por obxecto a regulación básica dos requisitos de creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios públicos e privados, a adscrición de centros universitarios, a acreditación institucional de todos os centros universitarios, o procedemento para a autorización do inicio das súas actividades en desenvolvemento do establecido na Lei orgánica de universidades, así como a autorización de centros que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos estranxeiros.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, dispón no seu artigo 3 que o Sistema universitario de Galicia está integrado pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo e, se for o caso, por

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aquelloutras que sexan creadas ou recoñecidas por lei do Parlamento de Galicia.

A devandita lei regula no capítulo II do seu Título I o procedemento para a creación e o recoñecemento de universidades e recolle os requisitos xerais e específicos que deben cumprir as universidades privadas.

O Decreto 259/1994, do 29 de xullo, establece o procedemento para a creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorizacións de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- A proxectada lei ten por obxecto recoñecer a Universidad Intercontinental de la Empresa como universidade privada do Sistema universitario de Galicia, para impartir ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas modalidades presencial e semipresencial.

A universidade establecerase na Comunidade Autónoma de Galicia con sede en Santiago de Compostela e os seus campus académicos na Coruña e Vigo.

Constan no expediente as memorias xustificativa e económica da Secretaría Xeral de Universidades, do 5 de agosto de 2019.

En consecuencia, débese entender que o anteproxecto de lei cumpre os requisitos esixidos para a súa tramitación.

Santiago de Compostela

Ana Pais López
Xefa do Servizo Técnico Xurídico

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Técnica
Data e hora: 29/03/2021 09:27:34
Motivo: concorda co orixinal
Asinado por: PAIS LÓPEZ, ANA
Cargo: Xefa do Servizo Técnico Xurídico
Data e hora: 08/03/2019 13:16:42

SECRETARIO XERAL TECNICO

Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cvs

XUNTA DE GALICIA

Axencia para a Modernización Tecnoloxica

FORMULARIO

SOLICITUDE DE PUBLICACIÓN DE NORMATIVA EN TRAMITACIÓN

DATOS NECESARIOS PARA A PUBLICACIÓN

TÍTULO DA NORMATIVA

Anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa", con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

CORREO/S ELECTRÓNICO/S AOS QUE SE REMITIRÁN AS SUXESTIÓNS DOS CIDADÁNS (correo da unidade)

suxestions.sxu@edu.xunta.es

PRAZOS

Data de inicio da tramitación (dd/mm/aaaa)	Apertura do prazo de suxestións (dd/mm/aaaa)	Peche do prazo de suxestións (dd/mm/aaaa)
19 - 07 - 2019	10 - 09 - 2019	30 - 09 - 2019

QUEN TRAMITA
(Nome do órgano ou entidade pública que tramita a normativa)

Secretaría Xeral de Universidades

DEPARTAMENTO RESPONSABLE
(Marcar segundo corresponda)

- ○ A Presidencia da Xunta
- ○ Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- ○ Consellería de Facenda
- ○ Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
- ○ Consellería de Infraestruturas e Vivenda
- ○ Consellería de Economía, Emprego e Industria
- ●x Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- ○ Consellería de Sanidade
- ○ Consellería de Política Social
- ○ Consellería do Medio Rural
- ○ Consellería do Mar

OBXECTO DA NORMATIVA
(Breve descripción, dentro dos 3 o 4 parágrafos)

Recoñecer como universidade privada do Sistema universitario de Galicia, á Universidad Intercontinental de la Empresa, para impartir ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas modalidades presencial e semipresencial.
O proxecto regula aspectos relativos a estrurura e organización académica, inicio e cesamento de actividades, requisitos de acceso do estudantado, garantía de actividade e inspeccion e control por parte da comunidade autónoma, todo elo en cumprimento do establecido no Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios , ditado en desenvolvemento da Lei orgánica 6/2001, de Universidades, así como o previsto na Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universistario de Galicia.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Axencia para a Modernización Tecnolóxica

FORMA DE REMITIR AS SUXESTIÓNS
(No caso de que existan vías alternativas ao formulario web)

Poderán ser presentadas cantas achegas/suxestións se estimen convenientes por vía electrónica a través do formulario habilitado nesta mesma páxina.

RANGO DA NORMA
(Marcar segundo corresponda)

- (●) Lei
- ( ) Decreto
- ( ) Orde

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:27:34
Motivo: concorda co original

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

Reenviamos correo de onte (dentro do prazo) con suxestión cidadá á conta correcta achegada esta mañá suxestions.sxu@edu.xunta.es <javascript:void(window.open('/webmail/imp/compose-dimp.php?to=suxestions.sxu%40edu.xunta.es&popup=1','','width=820,height=610,status=1,scrollbars=yes,resizable=yes'));>

Saúdos

Normativa en tramitación - Portal de Transparencia e Goberno aberto

Área de Modernización das Administracións Públicas

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Xunta de Galicia

http://transparencia.xunta.gal <http://transparencia.xunta.gal/>

Firma_289x59_4Kb

De: Normativa en Tramitación - Portal Transparencia
Enviado el: lunes, 30 de septiembre de 2019 14:51
Para: suxestions@edu.xunta.es
CC: Normativa en Tramitación - Portal Transparencia
Asunto: RE: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión

Bo día, reenviamos suxestión cidadán recibida para a normativa https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions/-/nt/0419/anteproxecto-lei-reconecemento-universidade-privada-universidad-intercontinental

Saúdos,

Normativa en tramitación - Portal de Transparencia e Goberno aberto

Área de Modernización das Administracións Públicas

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Xunta de Galicia

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

http://transparencia.xunta.gal <http://transparencia.xunta.gal/>

Firma_289x59_4Kb

De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia [mailto:nonresponder@xunta.gal]
Enviado el: viernes, 27 de septiembre de 2019 17:48
Para: Normativa en Tramitación - Portal Transparencia
Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión

Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
<https://transparencia.xunta.gal/>

Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:

Título da norma: Anteproxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa con sede na Comunidade Autónoma de Galicia
<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions/-/nt/11c56a19-cd57-11e9-bbc3-001636c9f962/anteproxecto-lei-reconecemento-universidade-privada-universidad-intercontinental>
Nome e apelidos: ANTONIO LÓPEZ DÍAZ
Entidade á que represento: UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Enderezo: Colexio San Xerome
Código postal: 15782
Provincia: A Coruña
Concello: Santiago de Compostela
Teléfono: 881811068
Fax:
Email: reitor@usc.gal
Data suxestión: 27/09/2019 17:47
Texto suxestión:

Á vista do anteproxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa con sede na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi sometido a exposición pública a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia, e en aplicación do artigo 9 c) da lei Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno,

A Universidade de Santiago de Compostela, representada polo su Reitor, Antonio López Díaz, con DNI 76.565.571C, presenta as seguintes SUXESTIÓNS, que foron avaladas por unanimidade polo Consello de Goberno reunido o día 27 de setembro de 2019.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

1.- Considérase que o anteproxecto exposto non dá cumprimento aos requirimentos da devandita lei de transparencia na medida en que non están a disposición pública nin a memoria de creación da Universidade privada nin os informes que se teñen elaborado sobre a mesma. Isto impide que se poidan efectuar alegacións sobre o contido material da proposta que se descoñece. Entre outras cuestións, impide que se poida valorar o cumprimento ou non dos requisitos establecidos para este tipo de entidades na Lei Orgánica de Universidades e tamén na Lei Galega de Universidades. Xa que logo reservámonos o noso parecer ata o momento en que se dispoña de tal información.

2.- Dende a USC entendemos que Galicia conta con tres universidades públicas que teñen demostrado, de xeito máis ca notorio, capacidade para dar resposta ás necesidades formativas da sociedade. No seu conxunto, e para este curso, as prazas de inicio de estudios ofertadas polas tres universidades públicas excederon en 1.000 prazas ao número de alumnos que aprobaron nesta última convocatoria as Probas de Acceso á Universidade. Por outra banda, e para atender a demanda e a empregabilidade en determinadas titulacións, as Universidades veñen demandando un incremento das prazas ofertadas, que poderían atender cos recursos que se dispoñen, sen que a Administración autonómica se teña mostrado moi receptiva a tales demandas que mellorarían a nosa oferta.

3.- Sorprende que nun contexto no que se ten afirmado que o sistema estaba pechado, polo menos no número de prazas, obrigando a reducir as prazas ofertadas na mesma contía que as prazas de nova oferta, poida resultar razoable e xustificada a creación dunha universidade privada, que sí incrementaría o número de prazas ofertadas.

4.- Nestas circunstancias, o que procede é reiterar unha vez máis que cando se coñeza a memoria é preciso analizar con todo o rigor o cumprimento ou non dos requisitos esixidos pola normativa e tamén valorar en que medida a nova iniciativa complementa e mellora ou non o sistema universitario galego, xuízo este esencial para a toma de posición sobre o mesmo.

5.- Dende a Universidade de Santiago, como integrantes do sistema público de ensino superior galego, agardamos que a administración autonómica ofreza as garantías oportunas para protexer e fortalecer este sistema deseñado por e para o país.

Santiago de Compostela a 27 de setembro de 2019.

Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xunta de Galicia

/A información contida nesta mensaxe e os seus posibles documentos adxuntos é privada e confidencial e está dirixida unicamente ao seu destinatario. Se vostede non é o destinatario orixinal desta mensaxe, por favor, elimíneo./

/La información contenida en este mensaje y sus posibles documentos adjuntos es privada y confidencial y está dirigida únicamente a su destinatario. Si usted no es el destinatario original de este mensaje, por favor elimínelo./

/The information in this message and any attachments that may be included with it, is private and confidential and is directed exclusively to the message's recipient. If you are not the original recipient is message, please erase it./

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:27:34
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Universidade Vigo UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ALEGACIÓNS DAS UNIVERSIDADES DE VIGO E DA CORUÑA AO ANTEPROXECTO DE LEI DE RECOÑECEMENTO DA UNIVERSIDADE PRIVADA "UNIVERSIDAD INTERCONTINENTAL DE LA EMPRESA"

Á vista do anteproxecto de lei de recoñecemento da universidade privada *Universidad Intercontinental de la Empresa* sometido a exposición pública a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia, e en aplicación do artigo 9 c) da lei Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno,

As Universidades de Vigo e A Coruña, representadas polos seus respectivos Reitores Manuel Joaquín Reigosa Roger e Julio Ernesto Abalde Alonso, aos efectos previstos no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LPACAP), formulan as seguintes

ALEGACIÓNS

1. Sobre o incumprimento das normas reguladoras da transparencia e do procedemento de elaboración de proxectos normativos

O sometemento do anteproxecto de lei ao trámite de información pública incumpre o disposto na lexislación galega de transparencia e bo goberno (Lei 1/2016) e de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público (Lei 41/2010).

Con efecto, o artigo 9.c) da Lei de transparencia e bo goberno obriga á Xunta a publicar "*A relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento en que se produza a aprobación do anteproxecto, con indicación do seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de o facer*".

Esta previsión debe conectarse co disposto no artigo 41 da lei de organización e funcionamento consonte o cal, na denominada "fase inicial" do procedemento de elaboración de proxectos normativos e logo de indicar na súa alínea primeira que "*a elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral será iniciada polo centro directivo correspondente, co acordo previo da persoa titular da consellaría*", acrecenta a na segunda que:

"*O anteproxecto irá acompañado dos seguintes documentos:*

a) Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade, así como sobre as modificacións e innovacións que contén.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación https://sede.xunta.gal/cve

b) Unha memoria económico-financeira que conteña a estimación do custo ao que poida dar lugar e, de ser o caso, a súa forma de financiamento.

c) O informe do servizo xurídico correspondente da consellaría na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa.

d) O anteproxecto tamén irá acompañado dunha táboa de vixencias e dunha cláusula ou disposición derrogatoria na que se enumeren expresamente as normas de igual ou inferior rango que se pretende derrogar".

Porén, na publicación deste anteproxecto de lei de creación dunha universidade privada omitíronse todos eses documentos aos que alude o precepto que se vén de transcribir. Podería entenderse a omisión respecto da memoria económico-financeira (na medida en que o propio anteproxecto declara que a norma proposta non terá impacto ningún nos gastos e ingresos públicos) mais non respecto do resto dos documentos relacionados nese artigo 41.2 da Lei 41/2010, máxime cando na propia exposición de motivos se afirma que "*a proposta presentada conta co informe favorábel de pertinencia socioeconómica do órgano competente en materia universitaria*". Ese informe, cando menos, debería ter sido publicado acompañando o texto do anteproxecto.

Neste sentido, chama a atención que a Exposición de Motivos do anteproxecto se refira, ben que de forma sintética, ao cumprimento dos principios de boa regulación contidos, con carácter básico, no artigo 129 LPACAP cando se descoñece abertamente o disposto na lexislación galega de directa aplicación.

Precisamente, en relación con estes principios de boa regulación, debe notarse que Galicia xa conta con tres universidades públicas que teñen demostrado, de xeito máis ca notorio, capacidade para dar resposta ás necesidades formativas da sociedade. No seu conxunto, e para este curso, as prazas de inicio de estudios ofertadas polas tres universidades públicas excederon en 1.000 prazas ao número de alumnos que aprobaron nesta última convocatoria as Probas de Acceso á Universidade. Por outra banda, e para atender a demanda e a empregabilidade en determinadas titulacións, as Universidades veñen demandando un incremento das prazas ofertadas, que poderían atender cos recursos que se dispoñen, sen que a Administración autonómica se teña mostrado moi receptiva a tales demandas que mellorarían a nosa oferta.

Surprende que nun contexto no que se ten afirmado que o sistema estaba pechado, polo menos no número de prazas, e se obriga ás universidades públicas a reducir as prazas ofertadas na mesma contía que as prazas de nova oferta, poida resultar razoábel e xustificada a creación dunha universidade privada, que si incrementaría o número de prazas ofertadas.

2. Sobre a entidade promotora da nova universidade privada

O artigo 1.2 do anteproxecto informa de que a proxectada nova universidade "*constitúese como Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa, en*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

adiante FUIE, de interese galego e sen ánimo de lucro". Porén, á falta de documentación que acompañe o anteproxecto, a única referencia a quen sexan os promotores é a que a se contén na exposición de motivos indicando que foi a a entidade "Fundación Galicia Obra Social – Afundación" quen solicitou o recoñecemento da nova universidade privada.

Mais se isto for así, levántanse diversas cuestións que nin o anteproxecto nin tampouco, por non existir, a documentación anexa permiten resolver. Indo por partes:

- Se Afundación é a promotora da nova universidade falta a certificación do acordo adoptado polo seu Padroado. Repárese en que de acordo co artigo 14 dos Estatutos desta fundación, ese órgano sería o competente para promover a creación dunha nova universidade.

- Dado que a nova universidade pretende constituírse, pola súa vez, en fundación, estamos diante dun suposto de escisión da fundación promotora (Afundación) dos regulados no artigo 43 da Lei 12/2006, de Fundación de Interese Galego (LFIG). A escisión debe ser aprobada polo Padroado por medio de acordo motivado comunicado ao Protectorado. Mais, polas razóns xa indicadas, descoñécese, se é que existe, o contido dese acordo.

- O Protectorado, de conformidade co artigo 47 LFIG, debe "*velar polo cumprimento adecuado dos fins fundacionais, de acordo coa vontade dos fundadores e tendo en conta o interese xeral*". Neste sentido, débese reparar en:

a) A creación dunha universidade non se encontra entre os fins fundacionais de "Afundación" (artigo 5 dos estatutos), que só aluden ao "*fomento da educación en todos os seus niveis*" mais non ao exercicio ou prestación directa de servizos educativos.

b) Tampouco se conta entre as actividades relacionadas no artigo 6 deses estatutos que alude, en cambio, a "*fomentar*" ou "*promover*" as actividades educativas desenvolvidas por outros suxeitos (así, "*potenciar a formación*" ou o "*financiamento de cátedras específicas*").

Por todas estas razóns, o Protectorado exercido pola Xunta de Galicia a teor do artigo 49 LFIG debe pronunciarse acerca do acordo de promoción dunha nova universidade, valorando tanto a legalidade do acordo como a súa relación coa escisión fundacional (artigo 48.1.h LFIG) ben como o seu impacto e compatibilidade co interese xeral.

3. Sobre a infracción do procedemento específico de elaboración do proxecto de lei de recoñecemento de universidades privadas regulado na lexislación universitaria

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.xunta.gal/tramitesdegalicia.gal/tramites/csv/

Xunto co incumprimento das previsións reguladoras da elaboración de proxectos normativos, o anteproxecto incumpre tamén o disposto na lexislación universitaria estatal e autonómica de aplicación.

En concreto, o artigo 12 da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia (LSUG), logo de establecer unha reserva formal de lei para o recoñecemento de universidades privadas, advirte que o tal recoñecemento está condicionado ao cumprimento dos "*requisitos básicos esixidos na Lei orgánica de universidades, nesta lei así como nas disposicións regulamentarias que se diten no seu desenvolvemento*".

Deste modo, a LSUG remítese ao previsto nos artigos 4 e 5, 12 e 27 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (doravante, LOU) ben como ao Real Decreto 420/2015, de 29 de maio, que a desenvolve neste punto. De conformidade con estas normas estatais de carácter básico, para o recoñecemento –non para a autorización da súa posta en funcionamento – dunha universidade privada, esta debe reunir os requirimentos estabelecidos no artigo 4 do RD 420/2015:

"*a) Dispor dunha oferta académica mínima de titulacións oficiais*

b) Contar cunha programación investigadora adecuada.

c) Dispor de persoal docente e investigador en número suficiente e coa adecuada cualificación.

d) Dispor de instalacións, medios e recursos adecuados para o cumprimento das súas funcións.

e) Contar cunha organización e estrutura adecuada.

f) Garantir a prestación do servizo, así como o mantemento das súas actividades segundo o regulado polo artigo 9.

g) Garantir que os seus estatutos, réxime xurídico e normas de organización e funcionamento sexan conformes co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, na normativa da comunidade autónoma respectiva e neste real decreto".

De por parte, o artigo 13 da LSUG (relativos aos "*Requisitos xerais para a creación ou o recoñecemento dunha nova universidade no Sistema universitario de Galicia*") desenvolve estas esixencias básicas, completándoas para as universidades privadas coas dispostas no seu artigo 14.

A estes requirimentos hai que somar aínda o de non estaren os seus promotores incursos na prohibición establecida no artigo 5 LOU, isto é, non teren sido sancionados con carácter firme pola comisión de infraccións graves en materia académica ou profesional.

Na análise do anteproxecto seguirase, en aras dunha maior clareza expositiva, a orde dese artigo 4 do RD 420/2015.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

a) Oferta académica mínima de titulacións oficiais

De conformidade co artigo 13.a) LSUG, as novas universidade, sexan elas públicas ou privadas, deberán contar co "*desenvolvemento de ensinanzas conducentes, como mínimo, á obtención de oito títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, dos cales polo menos catro serán graos universitarios e dous programas de doutoramento. A oferta das novas institucións abranguerá, como mínimo, dúas ramas de coñecemento*".

Acrecenta a letra g) dese mesmo precepto, que "*O catálogo de titulacións ofertadas deberá ser complementario e non reiterativo respecto das titulacións preexistentes e consolidadas no SUG, e valorarase especialmente a súa conexión con novas ramas xurdidas no campo científico e con novas necesidades profesionais*".

Alén do máis, o anteproxecto debería conter ou, cando menos ir acompañado, dun do plan de desenvolvemento esixido polo artigo 6.2.a) do RD 420/2015: "*Un plan de desenvolvemento de titulacións por cada rama de coñecemento que deberá comprender, ao menos, a relación das titulacións, a previsión do número total de prazas universitarias que se pretenden ofertar, curso a curso; o curso académico en que darán comezo as referidas actividades e o calendario para a implantación completa das ensinanzas e a posta en funcionamento dos correspondentes centros, así como os medios con que se conte especificamente para o seu desenvolvemento. Este plan deberá ser avaliado pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (Anaca) ou, se for o caso, polo órgano de avaliación externa da comunidade autónoma en cuxo territorio se estableza a universidade*".

O anteproxecto non permite valorar se a nova universidade privada reúne ou non estes requisitos ao non especificar cales son en concreto as titulacións oficiais ofertadas. Semella, si, cumprirse coa esixencia de que aquelas pertenzan a dúas ramas de coñecemento diferentes – xurídico-social e enxeñaría e arquitectura – mais todo fai sospeitar que lonxe de se tratar dunha oferta complementar da xa existente no SUG vai reiterar titulacións xa existentes na actuais tres universidades do sistema (dereito, administración de empresas, enxeñaría informática, etc.).

Sexa como for, a falta de indicación concreta das titulacións no anteproxecto e a omisión de informes e memorias xa constitúen, de por si, un incumprimento do disposto na normativa universitaria española e galega que impide, pola ausencia de elementos de xuízo esenciais, a formulación de alegacións adecuadas.

b) Programación investigadora adecuada

A este respecto, a normativa de aplicación esixe, dentro dos requisitos para o reconecemento de novas universidades, dúas condicións:

- Dun lado, a documentación que os promotores deben presentar de conformidade co previsto con carácter básico no artigo 6.2.b) do RD 420/2015: "*Unha programación plurianual da actividade investigadora nas áreas científicas que*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

garden relación coas titulacións oficiais que integren a nova universidade, e que deberán conter, entre outras, as estratexias para a incorporación de talento científico, para a adquisición, uso e/ou construción de infraestruturas científico-técnicas, para a participación en proxectos de investigación competitivos de ámbito rexional, nacional e internacional, e para a colaboración co sector produtivo en materia de I+D+i, incluíndo os indicadores que se establecerán na súa avaliación".

- Do outro a garantía de financiamento da actividade investigadora esixida pola LSUG no seu artigo 14.1, letras c) e d) como condición para o recoñecemento dunha universidade privada:

"c) Achegar os estudos económicos básicos que aseguren a viabilidade financeira do proxecto, incluíndo, entre outras partidas, as que aseguren o desenvolvemento da investigación, así como as garantías do seu financiamento.

d) Destinar a bolsas e axudas ao estudo e á investigación a porcentaxe dos seus recursos que se estableza desde a Xunta de Galicia. Na adxudicación destas axudas teranse en conta non só o rendemento académico do alumnado senón tamén as súas condicións socioeconómicas".

Pois ben, nin o texto do anteproxecto non tampouco, obviamente, os documentos que (non) o acompañan conteñen referencia ningunha a esta esixencia que a normativa de aplicación establece como condición para o recoñecemento – e non, reitérase, a posta en funcionamento – dunha nova universidade privada.

Alén do máis, a única referencia que o anteproxecto realiza á actividade investigadora é inexacta e incompatibel coa referida normativa universitaria. Con efecto, di o artigo 2.2 do anteproxecto que *"cada área académica (...) fomentará a actividade investigadora por medio de programas e estudos de grao, máster universitario e programas de doutoramento"*, confundindo de forma inexplicábel, a docencia coa investigación. De resto, esta confusión pode detectarse tamén na cualificación como "*estruturas docentes*" dos "*institutos universitarios*" – en vez dos centros, facultades ou escolas – en aberta contradición co establecido con carácter básico nos artigos 7 a 10 LOU.

c) Dispor de persoal docente e investigador en número suficiente e coa adecuada cualificación

O anteproxecto non contén previsión ningunha relativa a esta esixencia que é, reitérase, condición para o recoñecemento da nova universidade privada.

d) Dispor de instalacións, medios e recursos adecuados para o cumprimento das súas funcións

O anteproxecto non contén previsión ningunha relativa a esta esixencia que é, reitérase, condición para o recoñecemento da nova universidade privada.

Se o que se pretende é destinar a esta nova universidade privada recursos, instalacións e medios procedentes de Afundación, ou sexa, da antiga obra social

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
C/E: MrBrUsFq3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

das caixas de aforro galegas, a Xunta de Galicia debería pronunciarse acerca de se considera adecuado que ese patrimonio común do conxunto dos galegos e galegas se destine a un negocio lucrativo que vai competir coas universidades públicas galegas, encargadas da prestación do servizo público do ensino superior no noso país.

e) Contar cunha organización o estrutura adecuada

De conformidade co artigo 12 LOU, a estrutura das universidades privadas axustarase ao disposto nesa Lei para as universidades públicas, en concreto, nos artigos 8 a 10 a teor dos cales as universidades deben organizarse en facultades e escolas para a impartición dos títulos de grao, ben departamentos, institutos universitarios de investigación e escolas de doutoramento para o ensino de posgrao e a investigación.

Porén, fóra de frases máis propias dun folleto de propaganda que dunha lei de recoñecemento dunha nova universidade (como esa de que a nova universidade "*integra dous campus académicos, A Coruña e Vigo, que operan como sistema de intercampus conectados en rede*"!), o certo é que o artigo 2 dos anteproxecto, dedicado á "*estrutura e organización académica*" contempla unha estrutura confusa e contraria ao disposto na LOU: institutos universitarios como estruturas docentes xunto cun "*instituto universitario de investigación*" e ningunha escola de doutoramento. Tampouco se prevé a existencia de departamentos senón de de "*áreas académicas de coñecemento*", encargadas tanto da docencia como da investigación.

f) Garantir a prestación do servizo, así como o mantemento das súas actividades segundo o regulado polo artigo 9.

Esta condición cúmprese de forma suficiente co disposto nos artigos 3.2 e 5 do anteproxecto.

g) Garantir que os seus estatutos, réxime xurídico e normas de organización e funcionamento sexan conformes co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, na normativa da comunidade autónoma respectiva e neste real decreto

O anteproxecto non contén referencia ningunha ao modelo de gobernanza da nova universidade, descoñecendo a regulación básica recollida no artigo 27 LOU.

4. Sobre a disposición transitoria primeira do anteproxecto

Derrogando de forma singular a regulación xeral da adscrición e desadscrición de centros privados a unha universidade pública (artigo 23 LSUG), a DT 1ª do anteproxecto garante a IESIDE o mantemento da súa adscrición á Universidade de Vigo até o momento en que a Xunta autorice a entrada en funcionamento da nova universidade. De por si, esta previsión é incompatibel coa regulación básica da

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/tr

duración máxima dos procedementos administrativos ao non estabelecer duración ningunha, deixando o procedemento de desadscrición indefinidamente aberto.

Ademais, de conformidade coa xurisprudencia constitucional sobre as leis singulares autoaplicativas (STC 203/2013), a regulación contida nesta disposición transitoria debe reputarse inconstitucional porque:

a) Invade materias tradicionalmente ocupadas polo executivo e non sometidas a reserva de lei, constituíndo por tanto un exercicio anormal ou excepcional da potestade lexislativa para o cal o anteproxecto non fornece motivación ningunha.

b) Non se indica cal pode a situación excepcional ou singular a que pode obedecer esta derrogación singular en beneficio de IESIDE-Afundación do réxime xeral da desadscrición de centros privados a universidades públicas, nin consta que este tratamento singular potencialmente contrario ao principio de igualdade superase os testes de razoabilidade e proporcionalidade esixidos pola doutrina do Tribunal Constitucional.

Así as cousas, existe unha afectación negativa e inxustificada ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva do artigo 24.1 CE ao substraer de forma inxustificada da xurisdición contencioso-administrativa o control xudicial da decisión de pospor a desadscrición de IESIDE até a autorización de entrada en funcionamento da proxectada nova universidade.

5. Outras consideracións

- Bótase a faltar no anteproxecto disposicións relativas a garantir a presenza normal da lingua galega no funcionamento da nova universidade, descoñecendo o disposto no artigo 2.1.f) LSUG que fai da promoción da lingua galega un dos obxectivos e fins propios do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

- Como garantía suplementar, debería establecerse que os inmóbeis en que a nova universidade se instale quedarán afectados ao seu uso universitario por tempo indefinido até que polo Consello da Xunta de Galicia sexa autorizado o cesamento de actividades.

- Debería esixirse aos promotores ou a quen ostentar sobre eles un control ou participación importante, declaración responsábel de non estaren incursos na prohibición establecida no artigo 5 LOU.

Asdo.: Manuel Joaquín Reigosa Roger

Asdo.: Julio E. Abalde Alonso

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:27:34
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Data e hora: 29/03/2021 09:27:43
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Informe sobre as alegacións das universidades de Vigo e de A Coruña ao Anteproxecto de Lei de recoñecemento da Universidade privada "Universidad Intercontinental de la empresa"

A Secretaría Xeral de Universidades no exercicio das súas competencias e de acordo co establecido no parágrafo 5 do artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en adiante LOFAXGA), en relación co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno someteu a información pública o Anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa", con sede na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a exposición pública no portal de transparencia desta consellería, durante un periodo de quince dias hábiles comprendidos entre o 10 de setembro ata o 30 de setembro de 2019.

Neste proceso foron recibidas 2 suxestións / alegacións.

En contestación as alegacións remitidas pola Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña, compre facer as seguintes apreciacións:

1.- Polo que respecta ao presunto incumprimento das normas reguladoras de transparencia e de procedemento na elaboración de proxectos normativos.

O Capítulo II da LOFAXGA establece o procedemento a seguir para a elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, é dicir, establece as pautas de actuación interna de la administración nestes casos. O apartado 5 do artigo 41 remite á lei de transparencia indicando expresamente que *"se publicará, nos termos previstos na normativa en materia de transparencia, a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento no que se produza a aprobación del anteproxecto, e indicará o seu obxecto e estado de tramitación, así como la posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións y a forma de facelo".*

Así, a web do Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, artella

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e determina todos os procedementos a dispor dos/as interesados/as. Entre outros contemplase o dereito de acceso á información pública segundo o determinado no artigo 26 " *O procedemento para o exercicio do dereito de acceso iniciarase coa presentación da correspondente solicitude...*". Este dereito, a dispor de calquera interesado, non foi exercido en ningún momento polas universidades de A Coruña e Vigo.

A Secretaría Xeral de Universidades cumpriu estritamente coa confección e redacción de todos e cada un dos documentos necesarios, reflectidos no apartado 3 do artigo 41 que culminaron coa publicidade do anteproxecto de lei. Polo tanto as institucións suxerintes tiveron a oportunidade de acceder a esta documentación mediante o exercicio do seu dereito segundo o procedemento "solicitude de acceso á información pública" contido no portal de transparencia da Xunta de Galicia.

2- Respecto da capacidade formativa das universidades.

En ningún caso dende esta Secretaría Xeral de Universidades, póñense en dúbida a capacidade formativa das universidades do Sistema universitario de Galicia, pero debe recordarse a legalidade vixente na presentación de propostas de iniciativa privada no ámbito educativo, contemplada inicialmente no artigo 27 da Constitución Española que recoñece a liberdade de ensino así como a liberdade das persoas físicas ou xurídicas para crear centros docentes, dentro do respecto aos principios constitucionais; e na normativa estatal e autonómica de universidades.

3- Respecto da demanda das universidades na oferta de prazas e do sistema pechado.

A pretensión das universidades dun incremento nas prazas ofertadas para atender, como se indica no escrito, á demanda e a empregabilidade de determinadas titulacións, non supón necesariamente a mellora da oferta. Co fin de axustar a oferta a demanda, o criterio adoitado no ano en curso foi o determinado mediante a Instrución do 20 de marzo de 2019 (documento que foi consensuado cos representantes das tres universidades do SUG) de non ofertar aquelas prazas de aqueles títulos que ao longo dos anos non foron demandados polo estudantado, procedéndose ao reaxuste da oferta estrutural.

Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

No contexto actual activado a partir do Acordo asinado o 20 de marzo de 2017 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as tres universidades galegas para a definición dos principios reitores da planificación da oferta académica universitaria, que culminou na xuntanza do 30 de xullo de 2019, amplíase o mapa de titulacións para o período 2017-2021 o que supón previsiblemente a entrada no sistema de 18 títulos de grao novos sen que iso supoña a retirada de cantidade equivalente de titulacións existentes e tampouco o traspaso total de prazas procedente ao 100% de outras titulacións actualmente ofertadas.

4- Sobre o contido da Disposición Transitoria primeira do anteproxecto

A vista das argumentacións descritas polas universidades en relación ao procedemento de adscrición e/ou desadscrición de IESIDE á UVIGO elimínase a redacción existente e proponse unhas nova co seguinte contido:

"No decreto de autorización de inicio de actividades da Universidad Intercontinental de la Empresa, determinarase o inicio do cese de actividades do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa, adscrito á Universidade de Vigo. Para iso, o promotor do centro deberá respectar o convenio de adscrición asinados coa Universidade de Vigo o 23 de xullo de 2009, para a extinción das ensinanzas, que en todo caso deberán garantir que o alumnado que iniciara os seus estudos neste centro podan finalizalos seguindo un aproveitamento normal dos mesmos nas condicións acordadas."

5- E o deber da Xunta de Galicia e en particular da consellería competente en materia de universidades valorar, comprobar e velar polo cumprimento da totalidade dos requisitos establecidos tanto na normativa estatal, nos seus artigos 4, 5, 12 e 27 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades como no establecido no Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, que a desenvolve e na normativa autonómica recollida na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

Polo tanto está fora de dúbida que a administración autonómica réxese de xeito escrupuloso pola normativa vixente, isto é, que a análise da proposta de creación dunha universidade privada realizase baixo a premisa do estrito cumprimento dos

Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.xunta.gal/impentodegalicia.gal/tramites/csv/

requisitos legais a cumprir, e que no caso da comunidade autónoma de Galicia son aínda mais estritos que os exixidos a nivel estatal

En consecuencia, terase en conta unha das achegas reseñadas neste escrito e no seu caso as resultantes dos informes internos posteriores e da Conferencia General de Política Universitaria. E debe lembrarse que, forma parte deste procedemento, o sometemento do expediente de referencia ao informe preceptivo e non vinculante, do Consello Galego de Universidades, do que forman parte como vogais unha ampla representación das tres universidades galegas, encabezada polos reitores, estando prevista unha próxima xuntanza, da que xa consta reseva de axenda, o vindeiro 9 de decembro.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

Reitor da Universidade da Coruña

Reitor da Universidade de Vigo

Xacobeo 2021

Asinado por: DIEZ DE CASTRO, JOSE ALBERTO
Cargo: Secretario Xeral de Universidades
Data e hora: 30/10/2019 11:07:13

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:34:28
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACION, UNIVERSIDADE E FORMACION PROFESIONAL
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Informe sobre as suxestións da Universidade de Santiago de Compostela ao Anteproxecto de Lei de recoñecemento da Universidade privada "Universidad Intercontinental de la empresa"

A Secretaría Xeral de Universidades no exercicio das súas competencias e de acordo co establecido no parágrafo 5 do artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en adiante LOFAXGA), en relación co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno someteu a información pública o Anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa", con sede na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a exposición pública no portal de transparencia desta consellería, durante un período de quince días hábiles comprendidos entre o 10 de setembro ata o 30 de setembro de 2019.

Neste proceso foron recibidas 2 suxestións/ alegacións.

En contestación as suxestións remitidas pola súa universidade, que foron avaladas por unanimidade no Consello de Goberno na sesión do pasado 27 de setembro, compre facer as seguintes apreciacións:

1.- *USC- Considérase que o anteproxecto exposto non dá cumprimento aos requirimentos da devandita lei de transparencia na medida en que non están a disposición pública nin a memoria de creación da Universidade privada nin os informes que se teñen elaborado sobre a mesma. Isto impide que se poidan efectuar alegacións sobre o contido material da proposta que se descoñece. Entre outras cuestións, impide que se poida valorar o cumprimento ou non dos requisitos establecidos para este tipo de entidades na Lei Orgánica de Universidades e tamén na Lei Galega de Universidades. Xa que logo reservámonos o noso parecer ata o momento en que se dispoña de tal información.*

O Capitulo II da LOFAXGA establece o procedemento a seguir para a elaboración de disposicións administrativas de caracter xeral, é dicir, establece as pautas de

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.xunta.gal/tramitesdegalicia.gal/tramites/csv/

actuación interna de la administración nestes casos. O apartado 5 do artigo 41 remite á lei de transparencia indicando expresamente que *"se publicará, nos termos previstos na normativa en materia de transparencia, a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento no que se produza a aprobación del anteproxecto, e indicará o seu obxecto e estado de tramitación, así como la posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións y a forma de facelo".*

Así, a web do Portal de Transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, artella e determina todos os procedementos a dispor dos/as interesados/as. Entre outros contemplase o dereito de acceso á información pública segundo o determinado no artigo 26 " *O procedemento para o exercicio do dereito de acceso iniciarase coa presentación da correspondente solicitude...*". Este dereito, a dispor de calquera interesado, non foi exercido en ningún momento pola universidade de Santiago de Compostela, o que loxicamente impídelle facer valoracións sobre os contidos e documentos que fosen elaborados ou recibidos pola administración para a elaboración do anteproxecto publicado.

2.- *USC- Dende a USC entendemos que Galicia conta con tres universidades públicas que teñen demostrado, de xeito máis ca notorio, capacidade para dar resposta ás necesidades formativas da sociedade. No seu conxunto, e para este curso, as prazas de inicio de estudios ofertadas polas tres universidades públicas excederon en 1.000 prazas ao número de alumnos que aprobaron nesta última convocatoria as Probas de Acceso á Universidade. Por outra banda, e para atender a demanda e a empregabilidade en determinadas titulacións, as Universidades veñen demandando un incremento das prazas ofertadas, que poderian atender cos recursos que se dispoñen, sen que a Administración autonómica se teña mostrado moi receptiva a tales demandas que mellorarían a nosa oferta.*

En ningún caso, dende esta Secretaría Xeral de Universidades póñense en dúbida a capacidade formativa das universidades do sistema universitario de Galicia, pero debe recordarse a legalidade na presentación dunha proposta de iniciativa privada no ámbito educativo, contemplada no artigo 27 da Constitución Española que recoñece a

Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

liberdade de ensino así como a liberdade das persoas físicas ou xurídicas para crear centros docentes, dentro do respecto aos principios constitucionais; e na normativa estatal e autonómica de universidades.

Por outra banda a pretensión da universidade dun incremento nas prazas ofertadas para atender á demanda e a empregabilidade de determinadas titulacións non supón necesariamente a mellora da oferta. Co fin de axustar a oferta a demanda, o criterio adoitado no ano en curso foi o determinado mediante a Instrución do 20 de marzo de 2019 (documento que foi consensuado cos representantes das tres universidades do SUG) de non ofertar aquelas prazas de aqueles títulos que ao longo dos anos non foron demandados polo estudantado, procedéndose ao reaxuste da oferta estrutural.

3.- USC- Sorprende que nun contexto no que se ten afirmado que o sistema estaba pechado, polo menos no número de prazas, obrigando a reducir as prazas ofertadas na mesma contía que as prazas de nova oferta, poida resultar razoable e xustificada a creación dunha universidade privada, que sí incrementaría o número de prazas ofertadas.

No contexto actual activado a partir do Acordo asinado o 20 de marzo de 2019 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as tres universidades galegas para a definición dos principios reitores da planificación da oferta académica universitaria, que culminou na xuntanza do 30 de xullo de 2019, amplíase o mapa de titulacións para o período 2017-2021 o que supón previsiblemente a entrada no sistema de 18 títulos de grao novos sen que iso supoña a retirada de cantidade equivalente de titulacións existentes e tampouco o traspaso total de prazas procedente ao 100% de outras titulacións actualmente ofertadas.

4 e 5.- USC- Nestas circunstancias, o que procede é reiterar unha vez máis que cando se coñeza a memoria é preciso analizar con todo o rigor o cumprimento ou non dos requisitos esixidos pola normativa e tamén valorar en que medida a nova iniciativa complementa e mellora ou non o sistema universitario galego, xuízo este esencial para a toma de posición sobre o mesmo.

Dende a Universidade de Santiago, como integrantes do sistema público de

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ensino superior galego, agardamos que a administración autonómica ofreza as garantías oportunas para protexer e fortalecer este sistema deseñado por e para o país.

É deber da Xunta de Galicia e en particular da consellería competente en materia de universidades valorar, comprobar e velar polo cumprimento da totalidade dos requisitos establecidos tanto na normativa estatal, nos seus artigos 4, 5, 12 e 27 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades como no establecido no Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, que a desenvolve e na normativa autonómica recollida na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

Polo tanto está fora de dúbida que a administración autonómica réxese de xeito escrupuloso pola normativa vixente, isto é, que a análise da proposta de creación dunha universidade privada realízase baixo a premisa do estrito cumprimento dos requisitos legais a cumprir, e que no caso da Comunidade Autónoma de Galicia son aínda mais estritos que os exixidos a nivel estatal.

En consecuencia terase en conta, no seu caso, as achegas resultantes dos informes internos posteriores e o informe da Conferencia General de Política Universitaria. E debe lembrarse que forma parte deste procedemento, o sometemento do expediente de referencia ao informe, preceptivo e non vinculante, do Consello Galego de Universidades, do que forman parte como vogais unha ampla representación das tres universidades galegas, encabezada polos reitores, estando prevista unhas próxima xuntanza, da que xa consta reserva de axenda, o vindeiro 9 de decembro.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

Reitor da USC

Xacobeo 2021

Asinado por: DIEZ DE CASTRO, JOSE ALBERTO
Cargo: Secretario Xeral de Universidades
Data e hora: 30/10/2019 11:07:13

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:34:28
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ACSUG • Rúa Lamas de Abade s/n, Edif. IES Compostela 5ª planta • 15702 Santiago de Compostela
Tfno: 981534173 • Fax: 981534174 • E-mail: acsug@acsug.es • www.acsug.es

ACSUG
AXÊNCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

D. José Eduardo López Pereira, como Director do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), de acordo co recollido no artigo 7 dos Estatutos de ACSUG e tras analizar a documentación remitida pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional sobre o anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidade Internacional de la Empresa" (UIE),

Emite este **INFORME** no que se verifica o cumprimento dos índices legais recollidos na normativa nacional e autonómica, observándose pola CGIACA na súa xuntanza do 8 de outubro de 2019, que, a teor da documentación presentada, non se cumpriría co disposto pola letra g) do artigo 13 da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

- **Artigo 12 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (Texto consolidado).**

Artículo 12. Estructura y centros.

1. La estructura de las Universidades privadas se ajustará a lo establecido en el capítulo I de este Título, entendiendo referidas a las normas de organización y funcionamiento de las Universidades privadas las menciones que en los mismos se efectúan a los Estatutos de las Universidades públicas.

2. El reconocimiento de la creación, modificación y supresión en las Universidades privadas de los centros a que se refiere el apartado 1 del artículo 8, así como de la implantación y supresión en las mismas de enseñanzas conducentes a la obtención de títulos de carácter oficial y validez en todo el territorio nacional, se efectuará a propuesta de la Universidad, en los términos previstos en el capítulo I de este Título.

Na **"Memoria para el reconocimiento de la Universidad Internacional de la empresa"** consta información sobre o cumprimento dos requisitos establecidos no citado artigo.

- **Artigo 4 do Real Decreto 420/2015, de 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios.**

Artículo 4. Requisitos de las universidades.

Las universidades, públicas y privadas, deberán disponer de recursos adecuados para prestar el servicio público de educación superior y desarrollar las funciones previstas en el artículo 1 de la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre. Por recursos adecuados se entienden las exigencias mínimas que toda universidad debe guardar para el cumplimiento de sus fines. Estas exigencias mínimas se concretan en el presente artículo y en los siguientes. A estos efectos, para la creación de una universidad pública y el reconocimiento de una universidad privada, se deberán cumplir los siguientes requisitos:

a) Disponer de una oferta académica mínima de titulaciones oficiales

b) Contar con una programación investigadora adecuada.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

c) Disponer de personal docente e investigador en número suficiente y con la adecuada cualificación.

d) Disponer de instalaciones, medios y recursos adecuados para el cumplimiento de sus funciones.

e) Contar con una organización y estructura adecuada.

f) Garantizar la prestación del servicio, así como el mantenimiento de sus actividades según lo regulado por el artículo 9.

g) Garantizar que sus Estatutos, régimen jurídico y Normas de organización y funcionamiento sean conformes a lo establecido en la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, en la normativa de la comunidad autónoma respectiva y en este real decreto.

Na **"Memoria para el reconocimiento de la Universidad Internacional de la empresa"** consta información sobre o cumprimento dos requisitos establecidos no citado artigo.

- **Artigos 12, 13 e 14 da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.**

Artículo 12. Creación y reconocimiento.

La creación de universidades públicas y el reconocimiento de universidades privadas se realizará mediante ley del Parlamento de Galicia, cuando cumplieran los requisitos básicos exigidos en la Ley orgánica de universidades, en la presente ley así como en las disposiciones reglamentarias que se dictasen en su desarrollo, previo informe de la Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Galicia, del Consejo Gallego de Universidades y de la Conferencia General de Política Universitaria.

Artículo 13. Requisitos generales para la creación o reconocimiento de una nueva universidad en el Sistema universitario de Galicia.

Sin perjuicio de los requisitos básicos establecidos por la Ley orgánica de universidades y sus normas de desarrollo, la Comunidad Autónoma de Galicia exigirá el cumplimiento de los siguientes requisitos para la creación y reconocimiento de universidades:

a) Las universidades, públicas o privadas, deberán contar con un campus integrado por centros y departamentos o estructuras docentes necesarias para la organización y desarrollo de enseñanzas conducentes, como mínimo, a la obtención de ocho títulos de carácter oficial y validez en todo el territorio nacional, de los cuales al menos cuatro serán grados universitarios y dos programas de doctorado. La oferta de las nuevas instituciones abarcará, como mínimo, dos ramas de conocimiento.

b) Además de los requisitos exigidos en el apartado anterior, las universidades deberán garantizar la implantación progresiva de los programas de doctorado y de los programas y líneas de investigación correspondientes a las enseñanzas que impartan, así como las medidas adecuadas para facilitar la incorporación de las personas egresadas al mundo laboral.

c) Las enseñanzas deberán abarcar ciclos completos cuya superación otorgue el derecho a la obtención de los correspondientes títulos oficiales con validez en todo el territorio nacional.

d) La composición del equipo de profesorado deberá respetar los requisitos a tal efecto contemplados en la Ley orgánica de universidades y su normativa de desarrollo.

e) Las universidades deberán contar, en el momento de su completo funcionamiento, con un equipo de personal de administración y servicios estructurado y suficiente para el cumplimiento de los objetivos de la universidad.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

f) Las universidades deberán disponer de espacios y equipamiento suficientes para aulas, laboratorios, seminarios, bibliotecas, salón de actos y demás servicios comunes, así como de las instalaciones adecuadas para el personal docente e investigador, de administración y servicios, y alumnado. Estas previsiones se adaptarán en caso de que toda o parte de la oferta de titulaciones oficiales se imparta en modalidad semipresencial o virtual.

A efectos verificar o cumprimento do Artigo 4, apartado f), os días 7 e 11 de outubro de 2019, o director e dous técnicos de ACSUG realizaron unha visita ás instalacións que albergarán a Universidade Internacional da Empresa nas cidades da Vigo e A Coruña.

g) El catálogo de titulaciones ofertadas deberá ser complementario y no reiterativo respecto a las titulaciones preexistentes y consolidadas en el SUG, valorándose especialmente su conexión con nuevas ramas surgidas en el campo científico y con nuevas necesidades profesionales.

h) Para cada rama de conocimiento y de forma previa o simultánea a la verificación de cada título, las universidades presentarán un plan de desarrollo de titulaciones indicando la relación de estas, los plazos previstos de implantación y los medios para su puesta en marcha. Dicho plan será evaluado por la Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Galicia.

Artículo 14. Requisitos específicos para las universidades privadas.

1. Para el reconocimiento de una universidad privada será necesario cumplir, además de los requisitos generales establecidos en el artículo anterior, las obligaciones siguientes:

a) Garantizar el funcionamiento de la universidad y de cada uno de sus centros durante el periodo mínimo que permita finalizar sus estudios al alumnado que, con un aprovechamiento académico normal, los inició en ella, conforme a la normativa de permanencia de esa universidad.

b) Asegurar que las normas de organización y funcionamiento por las que ha de regirse la actividad y autonomía de la universidad sean conformes con los principios constitucionales y respeten y garanticen, de forma plena y efectiva, el principio de libertad académica, que se manifiesta en las libertades de cátedra, de investigación y de estudio.

c) Aportar los estudios económicos básicos que aseguren la viabilidad financiera del proyecto, incluyendo, entre otras partidas, las que aseguren el desarrollo de la investigación, así como las garantías de su financiación.

d) Destinar a becas y ayudas al estudio y la investigación el porcentaje de sus recursos que se establezca desde la Xunta de Galicia. En la adjudicación de estas ayudas se tendrá en cuenta no solo el rendimiento académico del alumnado sino también sus condiciones socioeconómicas.

2. De acuerdo con la normativa vigente, el profesorado de las universidades privadas no podrá ser personal funcionario de los cuerpos docentes universitarios en situación de servicio activo y destino en una universidad pública, ni profesorado contratado doctor en las mismas condiciones.

Na **"Memoria para el reconocimiento de la Universidad Internacional de la empresa"** consta información sobre o cumprimento dos requisitos establecidos nos citados artigos.

- **Artigo 6 do Decreto 222/2011 do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Artigo 6. Número de estudantes de novo ingreso.

1. Nas ensinanzas universitarias oficiais de grao deberase demostrar que a titulación proposta terá un número anual de estudantes de novo ingreso de acordo coa oferta autorizada pola Conferencia Xeral de Política Universitaria e, en todo caso, nunca por debaixo de 50, nos campus da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, e de 45 nos campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra. Para

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estes efectos, a ensinanzas universitarias oficiais que se impartan en varios campus consideraranse independentes.

2. Nas ensinanzas universitarias oficiais de máster universitario, demostrarase que a titulación proposta terá un número anual de estudantes de novo ingreso non inferior a 20.

Nas ensinanzas universitarias oficiais de doutoramento acreditarase que nun período de catro anos contados desde a súa implantación, o número de teses lidas é como mínimo de catro e o programa conta cun número de doutorandos non inferior a 10.

Para estes efectos, os másters universitarios e programas de doutoramento interuniversitarios computarán conxuntamente o número de alumnos/as matriculados/as.

En todo caso, a impartición efectiva dunha titulación oficial de máster universitario ou doutoramento queda condicionada ao cumprimento do requisito de que exista ese mesmo número mínimo de alumnos ou doutorandos matriculados antes do inicio do período lectivo en cada curso académico.

Na **"Memoria para el reconocimiento de la Universidad Internacional de la empresa"** consta información sobre o cumprimento dos requisitos estabelecidos no citado artigo.

E para que conste, aos efectos oportunos, asino o seguinte informe.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019

Director ACSUG

34569667T JOSE EDUARDO LOPEZ (R: Q1500276I)

Firmado digitalmente por 34569667T JOSE EDUARDO LOPEZ (R: Q1500276I)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Ref:AEAT/AEAT01145/PUESTO 1/53042/06032018092011, serialNumber=IDCES-34569667T, givenName=JOSE EDUARDO, sn=LOPEZ PEREIRA, cn=34569667T JOSE EDUARDO LOPEZ (R: Q1500276I), 2.5.4.97=VATES-Q1500276I, o=CONSORCIO AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA, c=ES
Fecha: 2019.10.15 15:05:11 +02'00'

José Eduardo López Pereira

SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:39:04
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa", con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

LEI

Exposición de motivos

A Constitución Española recoñece no seu artigo 27 a liberdade de ensino así como a liberdade das persoas físicas e xurídicas para crear centros docentes, dentro do respecto aos principios constitucionais.

A Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, regula os principais aspectos relativos ás condicións e requisitos para o recoñecemento, funcionamento e réxime xurídico das universidades privadas establecendo no seu artigo 4 a necesidade de que o dito recoñecemento, que terá carácter constitutivo, se leve a cabo mediante unha lei da asemblea lexislativa da comunidade autónoma en cuxo ámbito territorial se estableza.

Así mesmo a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, logo de establecer no seu artigo 3 a posibilidade de creación ou recoñecemento por lei do Parlamento de Galicia de novas universidades no sistema universitario autonómico, desenvolve, no capítulo II do Título I, o procedemento para a creación e recoñecemento de universidades, establecendo os requisitos xerais e específicos que deben cumprir as universidades privadas.

De acordo co marco xurídico exposto, a entidade Fundación Galicia Obra Social-Afundación solicitou o recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa como universidade privada que, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia, impartirá ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, nas modalidades presencial e semipresencial.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O proxecto da Universidad Intercontinental de la Empresa parte do actual Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE), centro actualmente adscrito á Universidade de Vigo polo Decreto 445/2009, do 23 de decembro, impartindo os estudos oficiais de grao en Administración e Dirección de Empresas e o máster universitario en Dirección e Administración de Empresas, ademais de títulos propios e interinstitucionais. O seu obxectivo é constituírse en universidade privada de servizo público, especializada no eido da empresa e de carácter internacional desenvolvendo unha actividade académica centrada en dúas áreas de coñecemento: ciencias sociais e xurídicas e enxeñaría e arquitectura.

O recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa tramitouse segundo o establecido nos artigos 4, 5 e 6 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, o Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia e o Decreto 259/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorizacións de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A proposta presentada conta co informe favorable de pertinencia socioeconómica do órgano competente en materia universitaria para o seu recoñecemento como universidade privada, de servizo público e sen ánimo de lucro e comprometida co desenvolvemento sostible da sociedade, da cultura e da economía galega.

A presente lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Respecto dos principios de necesidade e eficacia, a lei é de interese xeral dado que co recoñecemento desta nova universidade amplíase a oferta formativa no eido da educación universitaria galega. Os fins perseguidos quedan recollidos no articulado e trátase dun instrumento axeitado para garantir a consecución dos ditos fins. En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa contén a regulación imprescindible para o recoñecemento dunha universidade privada. Co obxecto de garantir o principio de seguridade xurídica, esta lei é coherente co resto do ordenamento xurídico. Por outra banda, en aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa lexislativa non introduce

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

cargas administrativas. Finalmente, constatouse por parte dos departamentos competentes a ausencia de repercusións ou efectos sobre o gasto público.

A presente lei dítase en exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do disposto no artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981,do 6 de abril, que determina a competencia plena sobre a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; nos artigos 4, 5, 6, 12 e 27 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades; e no capítulo II do Título I da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

Artigo 1.- ***Recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa***

1. Recoñécese a *Universidad Intercontinental de la Empresa,* como universidade privada do Sistema universitario de Galicia, para impartir ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas modalidades presencial e semipresencial.

2. A *Universidad Intercontinental de la Empresa,* nace como unha institución privada de educación superior, de servizo público e responsabilidade social e con personalidade xurídica propia. Constitúese como "Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa", en adiante FUIE, de interese galego e sen ánimo de lucro.

3. A *Universidad Intercontinental de la Empresa,* establecerase na Comunidade Autónoma de Galicia con sede en Santiago de Compostela e os seus campus académicos en A Coruña e Vigo.

4. Esta universidade rexerase pola lexislación estatal e autonómica que lle resulte de aplicación, pola presente lei e polas normas de organización e funcionamento establecidas nos estatutos da FUIE e con suxeición aos principios constitucionais e recoñecemento explícito ao principio de liberdade de cátedra, de investigación e de estudo.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 2.- ***Estrutura e organización académica***

1. A *Universidad Intercontinental de la Empresa* integra dous campus académicos, A Coruña e Vigo, que operan como sistema de intercampus conectados en rede.

2. As ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais, que abranguen as ramas de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura, impartiranse nas seguintes estruturas docentes: Instituto Universitario de Administración de Empresas e Dereito, Instituto Universitario de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial e Instituto Universitario de Investigación. Inicialmente impartirá catro graos, catro másteres universitarios e dous programas de doutoramento.

2. A actividade académica organízase en áreas académicas de coñecemento. Nestas áreas integrarase o profesorado favorecendo a existencia de equipos docentes interdisciplinares. Cada área académica farase cargo dunha oferta docente estruturada en programas e fomentará a actividade investigadora por medio de programas e estudos de grao, máster universitario e programas de doutoramento.

Artigo 3.- ***Inicio e cesamento de actividades***

1. De conformidade co artigo 15 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, o inicio das actividades da *Universidad Intercontinental de la Empresa,* será autorizado por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de universidades, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos legais esixidos pola normativa estatal e autonómica vixente.

2. O cesamento de actividades, que tamén requirirá a autorización por decreto do Consello da Xunta de Galicia, estará motivado polo incumprimento por parte da universidade dos requisitos legalmente establecidos e dos compromisos adquiridos no momento de solicitar o recoñecemento, así como por decisión das persoas promotoras da universidade. No caso de cesamento de actividades, a *Universidad Intercontinental de la Empresa,* non poderá admitir novo alumnado pero deberá seguir existindo ata que todas as titulacións ofertadas sexan extinguidas co obxecto de garantir os dereitos do alumnado.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Artigo 4.- ***Requisitos de acceso***

1. Poderá acceder á *Universidad Intercontinental de la Empresa,* o alumnado que cumpra os requisitos establecidos na normativa vixente para acceder aos estudos universitarios.

2. A *Universidad Intercontinental de la Empresa* regulará o réxime de acceso e permanencia do alumnado nos seus centros, con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade garantindo, en todo caso, que non exista discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social.

3. A *Universidad Intercontinental de la Empresa* establecerá un sistema propio de bolsas e axudas ao estudio en consideración ao expediente académico do/a estudante e as súas circunstancias persoais e familiares, para o que destinará o 15% dos ingresos totais obtidos anualmente.

Artigo 5.- ***Garantía de actividade***

A *Universidad Intercontinental de la Empresa* deberá garantir o mantemento das súas actividades durante o tempo necesario para a consecución dos obxectivos académicos e investigadores establecidos na súa programación.

Artigo 6.- ***Inspección e control***

1. A *Universidad Intercontinental de la Empresa* colaborará coa consellería competente en materia de universidades na tarefa de comprobación do cumprimento dos requisitos e compromisos adquiridos pola promotora, que se levará a cabo mediante a actividade de inspección e control, facilitando a documentación e o acceso ás súas instalacións que, a tal efecto, lle sexan requiridas, en cumprimento do Decreto 36/2016, do 23 de marzo polo que se regula a inspección no ámbito universitario na Comunidade Autónoma de Galicia.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. A *Universidad Intercontinental de la Empresa* elaborará anualmente unha memoria detallada, que comprenda as actividades docentes que nela se realicen, así como as liñas de investigación e os seus resultados, en relación coas titulacións que se impartan. Dita memoria estará a disposición da consellería competente en materia de universidades.

Artigo 7.- *Incidencia orzamentaria*

A execución e desenvolvemento desta lei non terá incidencia algunha na dotación orzamentaria prevista no Plan Galego de Financiamento Universitario da consellería competente en materia de universidades e, en todo caso, deberá ser atendido cos medios persoais e materiais da *Universidad Intercontinental de la Empresa*.

Disposicións Transitorias

Primeira.- *Proceso de integración de centros*

"No decreto de autorización de inicio de actividades da Universidad Intercontinental de la Empresa, determinarase o inicio do cese de actividades do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa, adscrito á Universidade de Vigo. Para iso, o promotor do centro deberá respectar o convenio de adscrición asinados coa Universidade de Vigo o 23 de xullo de 2009, para a extinción das ensinanzas, que en todo caso deberán garantir que o alumnado que iniciara os seus estudos neste centro podan finalizalos seguindo un aproveitamento normal dos mesmos nas condicións acordadas.

Segunda.- *Caducidade do recoñecemento.*

De acordo co establecido no apartado 1, da disposición adicional novena da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades o recoñecemento da *Universidad Intercontinental de la Empresa*, caducará no caso de que, transcorridos cinco anos desde a entrada en vigor da presente lei, non se tivera solicitado a autorización para o inicio das actividades académicas ou cando esta autorización tivera sido denegada por falta de cumprimento dos requisitos previstos no ordenamento xurídico.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Disposición final primeira.- *Desenvolvemento normativo*

Autorízase ao Consello da Xunta e á consellería competente en materia de universidades para que, no ámbito das súas respectivas competencias, diten as disposicións que correspondan para o desenvolvemento da presente lei.

Disposición final segunda.- *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, a --- de ------- de

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Firmado por: VILLAVERDE NUNO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Técnica
Data e hora: 29/03/2021 09:39:04
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Informe solicitado o 04.11.2019 polo director xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia acerca do **anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia**.

I.- PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI

Consonte o artigo 8 a) da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, correspóndelle ao persoal da escala de letrados da Xunta de Galicia a emisión de informes ou ditames con carácter preceptivo sobre os anteproxectos de lei.

De conformidade co disposto no artigo 11.1.a) do Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, correspóndelle ao Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo o informe dos anteproxectos de lei pero o director xeral da Asesoría Xurídica Xeral encomendoume a min este ditame, en virtude do sinalado no artigo 34.5 da Lei 4/2016, do 4 de abril.

Consonte a Instrución 1/2017, este informe non require ratificación da Asesoría Xurídica Xeral, a quen se lle remitirá unha copia para os efectos do seu coñecemento e arquivo.

Achégase, xunto coa petición de informe, a seguinte documentación:

-o informe do 13.12.2018 da Secretaría Xeral de Universidades acerca da pertinencia socio-económica da solicitude de recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa,
-o xustificante da consulta pública previa no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia do 16.01.2019 ao 30.01.2019,
-as alegacións da Universidade de Vigo,
-a resposta dada ás alegacións da Universidade de Vigo,
-o informe favorable da pertinencia socio-económica do 10.07.2019,
-o acordo de inicio da Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional do 19.07.2019,
-as memorias económico-financeira e xustificativa, asinadas polo secretario xeral de Universidades o 05.08.2019,
-o anteproxecto de lei,
-o informe do Servizo Técnico-Xurídico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 08.08.2019.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

-o xustificante do prazo de publicación da normativa en tramitación no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, do 10.09.2019 ao 30.09.2019,

-as alegacións feitas pola Universidade de Santiago de Compostela,

-as alegacións conxuntas das Universidades da Coruña e de Vigo,

-a resposta ás alegacións da Universidade de Santiago de Compostela,

-a resposta ás alegacións das Universidades da Coruña e de Vigo,

-o anteproxecto de lei coas suxestións engadidas no trámite de exposición pública.

Na tramitación deste anteproxecto de lei son preceptivos os informes da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, do Consello Galego de Universidades e da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Respecto do ditame do Consello Consultivo de Galicia, por tratarse dun anteproxecto de lei, é facultativo, non preceptivo, consonte o sinalado no artigo 13 a) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Polo que se refire á intervención do Consello Económico e Social de Galicia, cómpre sinalar que corresponde ao órgano competente para tramitar o anteproxecto de lei o axuizamento sobre se este versa ou non sobre "materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia" (artigo 5.1.1 a) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, polo que se crea o Consello Económico e Social de Galicia), para os efectos de que poida considerarse o dito ditame como preceptivo, debendo ter presente, en relación con esta cuestión, que no acordo do Consello da Xunta do 18 de febreiro de 1999, se enumeran as materias que poden entenderse incluídas dentro do concepto "materias socieconómicas", considerando como tales as relativas á economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo.

Agora ben, o acordo admite expresamente a posibilidade de que existan anteproxectos de lei que versen sobre esas materias incluídas dentro do concepto "materia socieconómica" que non precisen do ditame preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia por non concorrer o segundo requisito que condiciona a súa necesidade conforme ao artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, isto é, por carecer de vinculación directa co desenvolvemento económico e social de Galicia, o que corresponde apreciar e motivar no expediente ao órgano competente para a tramitación do anteproxecto.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En consecuencia, se o órgano tramitador remite este expediente ao Consello Económico e Social de Galicia, debe incorporar o ditame e dar resposta razoada ás observacións que faga pero se estima que non hai esa directa vinculación, debe incorporar ao expediente un documento xustificativo do dito extremo.

Está xustificado no expediente o cumprimento das disposicións contidas nos artigos 127 a 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o disposto no artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, segundo o cal tamén se publicará "a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento en que se produza a aprobación do anteproxecto, con indicación do seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de o facer".

II.- MARCO NORMATIVO E COMPETENCIAL

En virtude do establecido no artigo 27.6 da Constitución Española, as persoas físicas e xurídicas poderán crear centros docentes, dentro do respecto aos principios constitucionais.

O Estatuto de autonomía de Galicia sinala no artigo 31 que é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do artigo 81 desta, o desenvolvan, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O artigo 4.1 a) da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades di que o recoñecemento das universidades privadas levarase a cabo por lei da asemblea lexislativa da comunidade autónoma en cuxo ámbito territorial se vaia establecer.

O artigo 12 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (LSUG) di que "a creación de universidades públicas e o recoñecemento de universidades privadas realizarase mediante lei do Parlamento de Galicia, cando cumpran os requisitos básicos esixidos na Lei orgánica de universidades, nesta lei así como nas disposicións regulamentarias que se diten no seu desenvolvemento, logo de informe da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, do Consello Galego de Universidades e da Conferencia Xeral de Política Universitaria".

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O artigo 13 dispón os requisitos xerais para o recoñecemento dunha nova universidade no Sistema universitario de Galicia (SUG):

"Sen prexuízo dos requisitos básicos establecidos pola Lei orgánica de universidades e as súas normas de desenvolvemento, a Comunidade Autónoma de Galicia esixirá o cumprimento dos seguintes requisitos para a creación e o recoñecemento de universidades:

a) As universidades, públicas ou privadas, deberán contar cun campus integrado por centros e departamentos ou estruturas docentes necesarias para a organización e o desenvolvemento de ensinanzas conducentes, como mínimo, á obtención de oito títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, dos cales polo menos catro serán graos universitarios e dous programas de doutoramento. A oferta das novas institucións abranguerá, como mínimo, dúas ramas de coñecemento.

b) Ademais dos requisitos esixidos na alínea anterior, as universidades deberán garantir a implantación progresiva dos programas de doutoramento e dos programas e as liñas de progresiva dos programas de doutoramento e dos programas e as liñas de investigación correspondentes ás ensinanzas que impartan, así como as medidas axeitadas para facilitar a incorporación das persoas egresadas ao mundo laboral.

c) As ensinanzas deberán abranguer ciclos completos cuxa superación outorgue o dereito á obtención dos correspondentes títulos oficiais con validez en todo o territorio nacional.

d) A composición do equipo de profesorado deberá respectar os requisitos para tal efecto previstos na Lei orgánica de universidades e na súa normativa de desenvolvemento.

e) As universidades deberán contar, no momento do seu completo funcionamento, cun equipo de persoal de administración e servizos estruturado e suficiente para o cumprimento dos obxectivos da universidade.

f) As universidades deberán dispoñer de espazos e equipamento abondo para aulas, laboratorios, seminarios, bibliotecas, salón de actos e demais servizos comúns, así como das instalacións axeitadas para o persoal docente e investigador, de administración e servizos e mais alumnado. Estas previsións adaptaranse no caso de que toda ou parte da oferta de titulacións oficiais se imparta en modalidade semipresencial ou virtual.

g) O catálogo de titulacións ofertadas deberá ser complementario e non reiterativo respecto das titulacións preexistentes e consolidadas no SUG, e valorarase especialmente a súa conexión con novas ramas xurdidas no campo científico e con novas necesidades profesionais.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE 1rPuuuBq2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

h) Para cada rama de coñecemento e de xeito previo ou simultáneo á verificación de cada título, as universidades presentarán un plan de desenvolvemento de titulacións con indicación da relación destas, dos prazos previstos de implantación e dos medios para a súa posta en marcha. O devandito plan será avaliado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia".

Ademais do anterior, o artigo 14 da LSUG regula os requisitos específicos para as universidades privadas, nos seguintes termos:

"1. Para o recoñecemento dunha universidade privada será necesario cumprir, ademais dos requisitos xerais establecidos no artigo anterior, as seguintes obrigas:

a) Garantir o funcionamento da universidade e de cada un dos seus centros durante o período mínimo que lle permita finalizar os seus estudos ao alumnado que, cun aproveitamento académico normal, os iniciou nela, consonte a normativa de permanencia desa universidade.

b) Asegurar que as normas de organización e funcionamento polas que debe rexerse a actividade e autonomía da universidade sexan conformes cos principios constitucionais e respecten e garantan, de forma plena e efectiva, o principio de liberdade académica, que se manifesta nas liberdades de cátedra, de investigación e de estudo.

c) Achegar os estudos económicos básicos que aseguren a viabilidade financeira do proxecto, incluíndo, entre outras partidas, as que aseguren o desenvolvemento da investigación, así como as garantías do seu financiamento.

d) Destinar a bolsas e axudas ao estudo e á investigación a porcentaxe dos seus recursos que se estableza desde a Xunta de Galicia. Na adxudicación destas axudas teranse en conta non só o rendemento académico do alumnado senón tamén as súas condicións socioeconómicas.

2. De acordo coa normativa vixente, o profesorado das universidades privadas non poderá ser persoal funcionario dos corpos docentes universitarios en situación de servizo activo e destino nunha universidade pública, nin profesorado contratado doutor nas mesmas condicións".

Segundo o artigo 15.2 da LSUG, a lei de recoñecemento dunha universidade recollerá, entre outros aspectos, os motivos que determinen o cesamento das actividades, así como os requisitos que deben concorrer e as obrigas que deriven del. Corresponderalle á consellaría competente en materia de universidades comprobar o cumprimento dos devanditos requisitos e compromisos, para cuxo efecto os órganos de goberno de todas as

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/verifica

universidades, as persoas promotoras de universidades privadas e os membros da comunidade universitaria deberán prestar a colaboración precisa para a realización das actividades inspectoras.

III.- ANTECEDENTES

De acordo cos preceptos examinados no apartado anterior, a Fundación Galicia Obra Social solicitou o recoñecemento da Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa como unha universidade privada, coa denominación de Universidad Intercontinental de la Empresa, que se establecerá no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e que impartirá ensinanzas de carácter presencial e semipresencial.

Lembro que, consonte o artigo 5.2 da Lei orgánica de universidades, non poderá crear universidades ou centros universitarios quen preste servizos nunha administración educativa; teña antecedentes penais por delitos dolosos ou fose sancionado administrativamente con carácter firme por infracción grave en materia educativa ou profesional.

Entenderanse incursas nesta prohibición as persoas xurídicas cuxos administradores, representantes ou cargos reitores, vixente a súa representación ou designación, ou cuxos fundadores, promotores ou titulares dun 20 por cento ou máis do seu capital, por si ou por persoa interposta, se encontren nalgunha das circunstancias previstas no parágrafo precedente.

Debería constar no expediente que se verificou este requisito.

A orixe desta universidade está na Escola de Negocios Caixanova, adscrita á Universidade de Vigo polo Decreto 445/2009, do 23 de decembro, que tamén autorizaba a implantación das ensinanzas conducentes ao título de grao en Administración e Dirección de Empresas.

A posta en funcionamento da Escola de Negocios Caixanova foi autorizada pola Orde do 3 de febreiro de 2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O Decreto 93/2015, do 18 de xuño, autorizou o cambio de denominación, por cambio de titularidade, pasando a denominarse Escuela de Negocios Afundación.

Finalmente, o Decreto 57/2017, do 29 de xuño, autoriza a modificación da denominación da Escuela de Negocios Afundación, que pasa a denominarse Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE).

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CSVE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/csve

Como xa avanzamos, para a implantación desta universidade a Fundación Galicia Obra Social constituíu o 17.01.2019 a Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa, en escritura pública outorgada na Coruña ante o notario Isidoro Antonio Calvo Vidal, con número de protocolo 30.

Segundo consta no artigo 4 dos seus estatutos, esta fundación ten por finalidade e obxecto social exclusivo a educación superior mediante a realización das seguintes funcións:

a) A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.
b) A preparación para o exercicio de actividades profesionais que exixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística.
c) A difusión, a valorización e transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.
d) A difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.

A Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa foi clasificada de interese educativo e adscrita ao protectorado da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola Orde do 24 de xullo de 2019.

A Resolución do 14 de agosto de 2019 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, declara de interese galego e ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa.

Unha vez cumpridos os trámites enumerados no apartado primeiro deste ditame, acadouse este anteproxecto de lei, que recoñece a universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa e regula, de forma xeral, aspectos como a estrutura da universidade; a necesidade de obter a autorización expresa da Xunta de Galicia para o inicio de actividades; os requisitos de acceso dos alumnado; o prazo mínimo en que debe manterse en funcionamento ou a posibilidade da Administración autonómica de realizar inspeccións que aseguren o cumprimento pola universidade dos requisitos que establece a lexislación vixente ou dos compromisos adquiridos co seu recoñecemento.

IV-. OBSERVACIÓNS AO TEXTO DO ANTEPROXECTO DE LEI

Lido o texto da norma, fago as seguintes observacións de mellora:

1) Parte expositiva:

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

-entre o título e a exposición de motivos sobra a palabra "LEI".

-no parágrafo 1° engadiría unha coma antes de "así como".

-no parágrafo 2° debe escribirse "Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades".

-no parágrafo 3° hai que engadir unha coma despois de "así mesmo".

-o parágrafo 5° creo que debería ter o seguinte contido: "o proxecto da Universidad Intercontinental de la Empresa parte do Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE), centro adscrito á Universidade de Vigo polo Decreto 445/2009, do 23 de decembro, onde se imparten os estudos oficiais de grao en Administración e Dirección de Empresas e o máster universitario en Dirección e Administración de Empresas, ademais de títulos propios e interinstitucionais.

O seu obxectivo é constituírse en universidade privada de servizo público, especializada no eido da empresa e de carácter internacional, desenvolvendo unha actividade académica centrada en dúas áreas de coñecemento: ciencias sociais e xurídicas e enxeñaría e arquitectura".

-no parágrafo 6° propoño unha redacción alternativa porque ata que se aprobe esta lei a universidade non está autorizada. Por iso, tendo en conta ademais outros aspectos gramaticais, creo que debería dicir "o expediente de recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa tramitouse segundo o establecido nos artigos 4, 5 e 6 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades; no Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios; na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia e no Decreto 259/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorizacións de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia".

-no parágrafo 8° debe dicirse "esta lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas".

-no parágrafo 9° propoño a redacción "a lei dítase en exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia recollidas no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, que determina a súa competencia plena sobre a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; nos artigos 4, 5, 6, 12 e 27 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades; e no capítulo II do Título I da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia".

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

-segundo a directriz 15 de técnica normativa, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia do 30.10.2014 e publicadas no Diario Oficial de Galicia do 14.11.2014, "na parte expositiva deberanse destacar os aspectos máis relevantes da tramitación: consultas efectuadas, principais informes emitidos, audiencia das entidades e sectores afectados, etc. Esta información deberá figurar en parágrafo independente, antes da fórmula aprobatoria".

É dicir, debería figurar que se solicitaron os informes preceptivos da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, do Consello Galego de Universidades e da Conferencia Xeral de Política Universitaria, e que se cumpriron as esixencias da consulta previa e da publicación do anteproxecto no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia. No caso de que se vaian solicitar ditames facultativos dos órganos consultivos citados no apartado primeiro deste escrito, tamén se debería facer constar na exposición de motivos.

II) Parte dispositiva:

-consonte a directriz 32 de técnica normativa, "na marxe esquerda da liña superior á do texto do artigo correspondente escribirase a palabra «Artigo» en minúscula, salvo a primeira letra, citando a palabra completa, non a súa abreviatura, no mesmo tipo de letra que o texto e sen grosa nin subliñado nin cursiva. Despois da palabra «Artigo» debe ir o cardinal arábigo, seguido dun punto e un espazo. A seguir, en cursiva, debe colocarse o título do artigo en minúscula, salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, e sen punto ao final".

-no artigo 1 introduciría algúns cambios porque existe unha certa confusión entre a forma xurídica da entidade e o nome co que operará, polo que propoño a seguinte redacción:

"1. Recoñécese á entidade Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa, en adiante FUIE, como universidade privada do Sistema universitario de Galicia, coa denominación Universidad Intercontinental de la Empresa. Esta universidade, que ten personalidade xurídica propia e forma de fundación de interese galego, impartirá ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas modalidades presencial e semipresencial.

2. A Universidad Intercontinental de la Empresa nace como unha institución privada de educación superior, de servizo público e responsabilidade social.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. A Universidad Intercontinental de la Empresa establecerase na Comunidade Autónoma de Galicia. A súa sede estará en Santiago de Compostela e os seus campus académicos na Coruña e Vigo.

4. Esta universidade rexerase pola lexislación estatal e autonómica que lle resulte de aplicación; pola presente lei e polas normas de organización e funcionamento establecidas nos estatutos da FUIE, con suxeición aos principios constitucionais e co recoñecemento explícito ás liberdades de cátedra, de investigación e de estudo".

Considero que a referencia a inexistencia de ánimo de lucro é innecesaria porque, por definición, as fundacións de interese galego son aquelas organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñan afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e desenvolvan principalmente as súas actividades e teñan o seu domicilio no territorio da comunidade autónoma, segundo dispón o artigo 2.1 da Lei 12/2006, do 1 de decembro.

-no artigo 2 existen dous apartados 2.

Na parte expositiva, as ramas de coñecemento non se escribiron coa inicial en maiúscula.

-no artigo 3.2 sería mellor falar da "decisión da entidade promotora da universidade", pois é unha persoa xurídica, a Fundación Galicia Obra Social, a responsable deste proxecto.

-o artigo 6.1 debería dicir "a Universidad Intercontinental de la Empresa colaborará coa consellería competente en materia de universidades na tarefa de comprobación do cumprimento dos requisitos e compromisos adquiridos pola entidade promotora, que se levará a cabo mediante a actividade de inspección e control, facilitando a documentación e o acceso ás súas instalacións que, para tal efecto, lle sexan requiridos, en cumprimento do Decreto 36/2016, do 23 de marzo polo que se regula a inspección no ámbito universitario na Comunidade Autónoma de Galicia".

-no artigo 6.2 debe escribirse "a dita memoria estará a disposición da consellería competente en materia de universidades".

-a redacción do artigo 7 está incompleta, pois non se sabe que ten que "ser atendido cos medios persoais e materiais da Universidad Intercontinental de la Empresa". No canto da actual versión propoño a seguinte: "a execución e desenvolvemento desta lei non terá incidencia algunha na dotación orzamentaria prevista no Plan Galego de Financiamento Universitario da consellería competente en materia de universidades e, en

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CSV: BFFnsbDg2
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

todo caso, a Universidad Intercontinental de la Empresa deberá dispoñer dos medios persoais e materiais precisos para garantir o desempeño adecuado da súas funcións".

-debe eliminarse o título de "Disposicións Transitorias" e substituírse por "Disposición transitoria primeira" e "Disposición transitoria segunda".

-consonte a directriz 39 de técnica normativa, "na marxe esquerda da liña superior á do texto da disposición correspondente escribirase o tipo de disposición en minúscula, salvo a primeira letra da primeira palabra, citando as palabras completas, sen abreviaturas, no mesmo tipo de letra que o texto e sen grosa nin subliñado nin cursiva. A seguir débese escribir o ordinal en letra, seguido dun punto e un espazo. Despois figurará o título da disposición en cursiva e con minúsculas, salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, e sen punto ao final".

-o título da disposición transitoria primeira debería ser "proceso de integración dun centro previo" ou "proceso de integración do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa" pois só se refire a el. Nesta disposición transitoria primeira sobran as comiñas do comezo. Así mesmo, debe corrixirse parte do seu contido, que debería ser: "no decreto de autorización de inicio de actividades da Universidad Intercontinental de la Empresa, determinarase o inicio do cesamento de actividades do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa adscrito á Universidade de Vigo. Para iso, a entidade promotora do centro deberá respectar o previsto sobre extinción das ensinanzas no convenio de adscrición asinado coa Universidade de Vigo o 23 de xullo de 2009 e, en todo caso, deberá garantir que o alumnado que iniciara os seus estudos neste centro poida finalizalos seguindo un aproveitamento normal dos mesmos e nas condicións acordadas".

-debe suprimirse o punto ao final do título da disposición transitoria segunda e o seu contido debería ser: "de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional novena da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, o recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa caducará no caso de que, transcorridos cinco anos desde a entrada en vigor desta lei, non se solicitase a autorización para o inicio das actividades académicas ou esta fose denegada por falta de cumprimento dos requisitos previstos no ordenamento xurídico".

-no canto de disposición final debe escribirse disposición derradeira.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sedeparlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

-a disposición derradeira primeira debe dicir "autorízase o Consello da Xunta e a consellería competente en materia de universidades para que, no ámbito das súas respectivas competencias, diten as disposicións que correspondan para o desenvolvemento desta lei".

-a disposición derradeira segunda debería dicir "esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia".

-na data debe eliminarse o "a".

Aínda que non se prevé no articulado unha referencia ao disposto no artigo 5.3 da Lei orgánica de universidades, cítoo expresamente pola importancia do seu alcance:

"3. A realización de actos e negocios xurídicos que modifiquen a personalidade xurídica ou a estrutura da universidade privada, ou que impliquen a transmisión ou cesión, *intervivos*, total ou parcial, a título oneroso ou gratuíto, da titularidade directa ou indirecta que as persoas físicas ou xurídicas ostenten sobre as universidades privadas ou centros universitarios privados adscritos a universidades públicas, deberá ser previamente comunicada á comunidade autónoma. Esta, no prazo que determine con carácter xeral, poderá denegar a súa conformidade.

A denegación deberá fundarse no incumprimento do previsto nos apartados anteriores deste artigo ou na insuficiencia de garantías para o cumprimento dos compromisos adquiridos ao solicitarse o recoñecemento da universidade, o no convenio de adscrición do centro privado a unha universidade pública.

Nos supostos de cambio de titularidade, o novo titular quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas do titular anterior.

A infracción do previsto nos parágrafos anteriores suporá unha modificación das condicións esenciais do recoñecemento ou da aprobación da adscrición e poderá ser causa da súa revogación.

Os mesmos efectos producirá a transmisión, disposición ou gravame dos títulos representativos do capital social das entidades privadas promotoras das universidades privadas ou centros universitarios adscritos a universidades públicas, así como a emisión de obrigas ou títulos similares polas mesmas, realizadas sen a autorización a que se refiren os parágrafos anteriores, cos requisitos alí establecidos".

Facendo un estudo de lexislación comparada, vexo que nas recentes leis de recoñecemento de universidades privadas doutras comunidades autónomas si existe un artigo sobre a comunicación de actos e negocios xurídicos e sobre a transmisión ou cesión da súa titularidade; por exemplo, na Lei 5/2019, do 20 de marzo,

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de recoñecemento da universidade privada Universidad Internacional Villanueva; na Lei 6/2019, do 27 de marzo, de recoñecemento da universidade privada CUNEF Universidad e na Lei 9/2019, do 9 de abril, de recoñecemento da universidade privada Universidad de las Hespérides, polo que recomendo que neste anteproxecto tamén se inclúa.

Nestas leis tamén se indica expresamente cales serán as concretas ensinanzas que se impartirán nas correspondentes universidades.

No anteproxecto de lei que se informa só se indica que inicialmente impartirá catro graos, catro másteres universitarios e dous programas de doutoramento e que contará cun Instituto Universitario de Administración de Empresas e Dereito, un Instituto Universitario de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial e un Instituto Universitario de Investigación, polo que recomendo que tamén se concrete esta información.

É canto informo sobre o anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019
A letrada da Xunta de Galicia

Lorena Otero López

Cargo: asesora xurídica
Data e hora: 11/11/2019 08:42:22
LORENA

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:44:11
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Edificio administrativo San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tfno.: 981 54 51 10 - Fax: 981 54 51 94
dxorzamentos@conselleriadefacenda.es

galicia

Ref.- ifb/sxro
2292

INFORME DE SOSTIBILIDADE FINANCEIRA

SECCIÓN: CONSELLERIA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL	**DATA ENTRADA**: 29/11/2019
NORMA/PLAN: LEI DE RECOÑECEMENTO DA UNIVERSIDADE PRIVADA "UNIVERSIDAD INTERCONTINENTAL DE LA EMPRESA", CON SEDE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	
OBXECTO: Esta lei ten por obxecto recoñecer á entidade Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa, como universidade privada do Sistema Universitario de Galicia, con personalidade xurídica propia e forma de fundación interese galego, que impartirá ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas modalidades presencial e semipresencial.	
DATA DE RECEPCIÓN DOS DERRADEIROS DATOS ECONÓMICOS: 29/11/2019	

Impacto económico

A lei ten un carácter meramente procedimental xa que soamente autoriza a creación da universidade, que se financiará integramente con recursos privados.

O artigo 8 da lei establece, no referente á incidencia orzamentaria, o seguinte: "A execución e desenvolvemento desta lei non terá incidencia algunha na dotación orzamentaria prevista no Plan Galego de Financiamento Universitario da consellería competente en materia de universidades e, en todo caso, a Universidad Intercontinental de la Empresa deberá dispoñer dos medios persoais e materiais precisos para garantir o desempeño adecuado das súas funcións.

Fundamento normativo:
Artigo 3 e 7 da Lei 2/2011, do 6 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
Artigo 42.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

INFORME: **Favorable,** por ter encaixe no marco financeiro vixente.

Santiago de Compostela
O director xeral de Planificación e Orzamentos
Miguel Corgos López-Prado

SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES
CONSELLERIA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Firmado por: MIGUEL CORGOS LOPEZ PRADO
Data e hora: 05/12/2019 12:28:13
Este documento ha sido firmado electronicamente conforme a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electronica. A sua autenticidade pode ser comprobada nos medios habilitados a sinatura PAdES ou polo Codigo Seguro de Verificacion no enderezo www.conselleriadefacenda.es
2bb97c87f15a7bb929a6d15352a3c981891a5133
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:49:48
Motivo: concorda co orixinal

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE RECOÑECEMENTO DA UNIVERSIDADE PRIVADA "UNIVERSIDAD INTERCONTINENTAL DE LA EMPRESA", CON SEDE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Solicitante: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Secretaría Xeral de Universidade

Expediente: 2019/136

FEITOS

A Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional solicítalle a esta Secretaría Xeral que emita informe de impacto de xénero relativo ao anteproxecto de Lei de recoñecemento da "Universidade Intercontinental de la Empresa", con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 PERTINENCIA DO INFORME

Segundo o disposto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante, Decreto lexislativo 2/2015), "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

galicia

2 INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

A necesidade de incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas queda xa patente no Tratado da Comunidade Europea, que recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3) e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade de xénero: "A unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)". Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introducilo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

O anteproxecto de lei sobre o que se emite este informe ten como obxecto o recoñecemento da Universidade Intercontinental da Empresa, como universidade privada do Sistema universitario de Galicia, para impartir ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas modalidades presencial e semipresencial.

Dado o contido deste proxecto normativo, non se aprecia unha colisión coa normativa vixente en materia de igualdade, sen prexuízo da necesaria integración da perspectiva de xénero con carácter transversal en toda a actividade da universidade, de acordo co indicado a continuación:

I A nivel estatal a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (artigos 14 e 15) así como, no caso galego, o citado Decreto lexislativo 2/2015, reiteran o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

Ademais do principio de transversalidade, establecido de xeito xeral, é preciso ter en conta que o principio de igualdade por razón de xénero presenta unha manifestación máis concreta, no caso da educación, na Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que no artigo 23, titulado " A educación para a igualdade entre mulleres e homes", establece que "O sistema educativo incluirá entre os seus fins a educación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teif.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

Así mesmo, o sistema educativo incluirá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros".

No ámbito autonómico, o citado Decreto lexislativo 2/2015, no capítulo IV refírese a integración do principio de igualdade nas competencias autonómicas en materia de educación.

En relación co impacto de xénero da normativa, o VII Plan de igualdade sinala que "a actividade normativa pode revelar efectos desiguais para mulleres e homes, de aí que sexa preciso realizar unha avaliación *ex ante* do impacto que unha norma pode ter sobre a situación de mulleres e homes (...) Pero dando un paso máis, a integración da perspectiva de xénero na elaboración de normas debe afianzarse, isto é, ampliarse e mellorarse, e mesmo introducir criterios ou actuacións de acción positiva para promover a igualdade efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos".

II En concreto, no ámbito da educación, a dita Lei orgánica 3/2007 dedícalle o seu artigo 23 á educación para a igualdade entre mulleres e homes, sinalando que:

> "O sistema educativo incluirá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes".

Neste mesmo sentido, o artigo 24 refírese á integración do principio de igualdade na política de educación, sinalando como unha das actuacións a realizar polas administracións educativas para levar a cabo a dita integración:

> "O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia".

III Pola súa banda, a nivel autonómico, ademais do previsto nos artigos 17 a 21 do Decreto lexislativo 2/2015, é preciso ter en conta que o VII Plan galego de igualdade prevé, a nivel educativo, un obxectivo estratéxico consistente en "Impulsar o cambio de valores, actitudes, roles e estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero a través dun modelo educativo que promova a equidade entre mulleres e homes en todas as súas dimensións".

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

IV A presenza da muller na comunidade universitaria experimentou unha evolución positiva a partir da segunda metade do século XX, pasando de ser excepcional a ser maioritaria no alumnado na maior parte das áreas de coñecemento e do persoal de administración e servizos, mentres que no caso do profesorado e do persoal investigador aínda é minoritaria. A continuación presentamos unha serie de datos indicativos por sectores da comunidade universitaria en Galicia dos que se poden extraer algunhas conclusións.

A presenza de mulleres universitarias en Galicia é maioritaria, o 55,2%, aínda superior á presenza de mulleres na poboación total, preto do 52%, co que se pode considerar que a nivel xeral a presenza feminina numérica no alumnado universitario está normalizada. Non obstante, ao analizar os datos por áreas de coñecemento, obsérvase unha distribución desigual, oscilando do 28,1% na área da enxeñería e arquitectura a un 73,3% na área das ciencias da saúde, o que deberá terse en conta pola universidade que se crea con este anteproxecto de lei, posto que abrangue as seguintes ramas de coñecemento: Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura, para tentar reducir a brecha de xénero existente entre as diferentes ramas do coñecemento.

De acordo con todo o sinalado, INFORMO:

O contido deste anteproxecto de lei non presenta unha colisión coa normativa vixente en materia de igualdade, o que implica que non se considere necesaria a emisión de valoracións e recomendacións ao respecto, sen prexuízo de ter en conta as previsións sinaladas neste informe para unha mellor integración transversal da perspectiva de xénero no ámbito do sistema universitario.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29.03/2021 09:49:49
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

MARIA BEATRIZ SOUTELO FERRO, SECRETARIA DO CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES,

CERTIFICO:

Que o Pleno ordinario do Consello Galego de Universidades, na súa reunión do día 9 de decembro de 2019, acta pendente de aprobación, en exercicio das competencias previstas no artigo 3 apartado 2.b) do Decreto 98/2014, do 17 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Consello Galego de Universidades, acorda informar favorablemente por maioría, o cumprimento dos requisitos previstos na normativa vixente polo anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa", con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

E para que conste expido a presente certificación en Santiago de Compostela a nove de decembro de dous mil dezanove.

Visto e Prace
A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional,
Presidenta do Consello Galego de Universidades

Consello Galego de Universidades

Carmen Rodríguez Dapena

Firmado por: VILLOVIEROS NUÑO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:49:48
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Validación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Código seguro de Verificación : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm

MINISTERIO
DE UNIVERSIDADES

CONFERENCIA GENERAL DE POLÍTICA UNIVERSITARIA

COMISIÓN DELEGADA

JOSÉ MANUEL PINGARRÓN CARRAZÓN, SECRETARIO DE LA CONFERENCIA GENERAL DE POLÍTICA UNIVERSITARIA,

CERTIFICA que, de conformidad con lo previsto en el artículo 4.5 de la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, modificada por la Ley Orgánica 4/2007, de 12 de abril, la Comisión Delegada de la Conferencia General de Política Universitaria, en la sesión celebrada el día 25 de noviembre de 2020, con la abstención de los representantes de las Comunidades Autónomas de Aragón, Cataluña, País Vasco y Comunidad Foral de Navarra, ha emitido informe favorable en el procedimiento de reconocimiento de la Universidad Intercontinental de la Empresa.

Y para que conste, a los efectos oportunos, firma el presente certificado en Madrid, a fecha de firma electrónica de este documento.

CSV : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm
FIRMANTE(1) : JOSE MANUEL PINGARRON CARRAZON | FECHA : 26/11/2020 18:05 | Sin acción específica

INFORME DE LA COMISIÓN DELEGADA DE LA CONFERENCIA GENERAL DE POLÍTICA UNIVERSITARIA AL EXPEDIENTE DE RECONOCIMIENTO DE LA UNIVERSIDAD INTERCONTINENTAL DE LA EMPRESA
Sesión de 25 de noviembre de 2020

1. Antecedentes.

Procedente de la *Secretaria Xeral de Universidades* de la Xunta de Galicia, con fecha 16 de octubre de 2019, tuvo entrada en la Secretaría General de Universidades el expediente referido a la solicitud de reconocimiento de la universidad privada denominada UNIVERSIDAD INTERCONTINENTAL DE LA EMPRESA a efectos de que se emitiera el correspondiente informe por la Conferencia General de Política Universitaria, de conformidad con lo previsto en el art.º 4.5 de la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades, modificada por la Ley Orgánica 4/2007, de 12 de abril.

Antes de que la solicitud llegara a esta Secretaría General de Universidades, en el seno de la Comunidad Autónoma de Galicia, esta propuesta obtuvo un informe favorable, de fecha 15 de octubre de 2019, por parte de la Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) para su creación y reconocimiento, así como un informe de pertinencia socio-económica de la propia Secretaría Xeral de Universidades de la Xunta de Galicia de 10 de julio de 2019.

A ello se añade que, en fecha 19 de julio de 2019, la Consejería de Educación, Universidad y Formación Profesional de la Xunta de Galicia dispuso que se iniciaran los trámites para la elaboración del anteproyecto de ley de reconocimiento de la Universidad.

En fecha 9 de diciembre de 2019, el Consejo Gallego de Universidades (CGU), presidido por la Consejera de Educación, Universidad y Formación Profesional, informó favorablemente el anteproyecto de Ley de reconocimiento de la Universidad Intercontinental de la Empresa.

Por otra parte, una vez recibida la solicitud en la Secretaría General de Universidades, y en fecha 20 de noviembre de 2019, la entidad promotora remitió escrito de aclaración y subsanación del proyecto. Posteriormente, el 17 de septiembre de 2020, le fue concedido trámite de audiencia, y el 2 de octubre de este mismo año, ha presentado las correspondientes alegaciones sin que se haya desvirtuado el proyecto inicial.

CSV : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm
FIRMANTE(1) : JOSE MANUEL PINGARRÓN CARRAZÓN | FECHA : 26/11/2020 18:05 | Sin acción especifica

Código seguro de Verificación : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En virtud de este procedimiento y una vez examinada la memoria presentada por la interesada, así como las aclaraciones y subsanaciones posteriores, y con el fin de permitir la aplicación de lo dispuesto en el artículo 4.5 de la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades, modificada por la Ley Orgánica 4/2007, de 12 de abril, los servicios técnicos de esta Secretaría General de Universidades elabora la presente propuesta de informe FAVORABLE CON RECOMENDACIONES para su evaluación en el seno de la Conferencia General de Política Universitaria.

El presente informe se estructura siguiendo los aspectos que la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre y el Real Decreto 420/2015, de 29 de mayo, considera esenciales para la puesta en marcha de un nuevo proyecto universitario en nuestro país.

2. Entidad promotora

La promotora de la solicitud es la FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (Afundación), institución gallega privada, sin ánimo de lucro, y agente de responsabilidad social corporativa de ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. La sede de Afundación se encuentra en Cantón Grande, 8 de A Coruña y dicha institución se encuentra registrada en el Registro Único de Fundaciones de Interés Gallego. El patronato de Afundación está constituido por representantes de ABANCA; los ayuntamientos de A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela y Vigo; las cuatro diputaciones provinciales de Galicia; el Parlamento y la Xunta, así como por representantes de la entidad.

El Patronato de Afundación, a fin de dotar de personalidad jurídica propia a la Universidad y, de plena autonomía de actuación de dirección y gestión y económico financiera, constituyó la fundación sin ánimo de lucro Universidad Intercontinental de la Empresa. Así pues, la Fundación no lucrativa Universidad Intercontinental de la Empresa nace como una institución privada de educación superior de servicio público y responsabilidad social y con personalidad jurídica propia, diferente a la de sus promotores.

En fecha 27 de junio de 2019, ABANCA, la Fundación Galicia Obra Social y la Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa acordaron promover la creación, mantenimiento y desarrollo de la Universidad Intercontinental de la Empresa. Para ello, firmaron un convenio marco en el que se establecían los fundamentos sobre el gobierno, funcionamiento y

CSV : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm
FIRMANTE(1) : JOSE MANUEL PINGARRON CARRAZON | FECHA : 26/11/2020 18:05 | Sin acción especifica

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Código Seguro de Verificación : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm

financiación de dicha Universidad. ABANCA asumió el compromiso de realizar aportaciones económicas anuales para el proyecto de Universidad y la Fundación Galicia Obra Social firmó la entrega de los inmuebles en los que se ubicará la misma.

La universidad proyectada se denominaba inicialmente Universidad Internacional de la Empresa, nombre que se modificó, en fecha 27 de junio de 2019. No obstante, en la memoria aparece con el nombre original, circunstancia que debería ser subsanada.

En la actualidad AFundación posee centros de Formación Profesional, Bibliotecas y una escuela de Educación Infantil.

El proyecto presentado surge de la transformación del Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa (IESIDE), centro universitario y escuela de negocios adscrito a la Universidad de Vigo desde el año 2009, en la nueva Universidad. Dicho centro imparte actualmente el Grado en Administración y Dirección de Empresas y el Máster en Dirección y Administración de Empresas, además de otras enseñanzas no oficiales (52 másteres profesionales y programas especializados). Cabe señalar que IESIDE imparte formación en las modalidades presencial y *on-line*.

La Sede de la Universidad se establecerá en Santiago de Compostela, en el inmueble sito en Rúa Nova 33 y dispondrá de campus académicos en Vigo y A Coruña donde se ubican las actuales sedes de IESIDE.

3. Modelo académico y oferta docente

La Universidad Intercontinental de la Empresa (UIE) se define como una institución privada de educación superior, de servicio público, con fuerte orientación internacional y especializada en el amplio ámbito de la empresa, con una variada oferta interdisciplinar de calidad.

El modelo académico que se propone es un modelo universitario diferencial que contará con una estructura horizontal basada en programas y proyectos. Se afirma que la Universidad Intercontinental de la Empresa se estructura en torno a áreas medulares de conocimiento, evitando las rigideces asociadas a facultades y departamentos convencionales y posibilitando la creación de itinerarios formativos individualizados.

CSV : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm
FIRMANTE(1) : JOSE MANUEL PINGARRÓN CARRAZÓN | FECHA : 26/11/2020 18:05 | Sin acción específica

Código Seguro de Verificación : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

La Universidad Intercontinental de la Empresa impartirá enseñanzas dirigidas a la obtención de títulos de carácter oficial y títulos propios, en la modalidad presencial y mixta (presencial y *on-line*). La formación presencial se complementa con un campus virtual para la formación *on-line* que será interactiva y tele presencial con programas mixtos (*blended*).

La justificación de la propuesta se fundamenta en que las universidades gallegas no cuentan con una oferta especializada en la empresa y en que no existen universidades privadas que ofrezcan enseñanzas *on-line* en Galicia. Por ello, se indica en la memoria, el alumnado gallego debe trasladarse a otras comunidades autónomas a estudiar o bien cursar sus estudios en universidades no presenciales.

Los promotores han subrayado en el trámite de audiencia el carácter presencial de la Universidad con apoyo virtual. Tras examinar la memoria, se confirma que es así para las titulaciones oficiales.

El objetivo de la Universidad Intercontinental de la Empresa es constituirse en universidad privada de servicio público especializada en el campo de la empresa y de carácter internacional desarrollando una actividad académica centrada en dos áreas de conocimiento: ciencias sociales y jurídicas e ingeniería y arquitectura.

Actualmente, IESIDE mantiene acuerdos de colaboración para el intercambio de profesorado y alumnado con universidades de diferentes países entre los que se encuentran Irlanda, Estados Unidos, Polonia, Reino Unido, Suiza, Austria, Canadá, Alemania, China, Colombia, Paraguay, Ecuador y Turquía, siendo uno de sus objetivos estratégicos facilitar el intercambio de estudiantes y profesorado con universidades extranjeras. A medio plazo, según se hace constar en la memoria, la Universidad pretende crear campus universitarios en Estados Unidos y en Portugal.

La oferta académica que propone la UIE es la siguiente:

MINISTERIO
DE UNIVERSIDADES

CSV : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm
FIRMANTE(1) : JOSE MANUEL PINGARRON CARRAZÓN | FECHA : 26/11/2020 18:05 | Sin acción especifica

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Código seguro de Verificación : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm

GRADOS

1. Grado en Administración y Dirección de Empresas[1]
2. Grado en Negocios Digitales e Inteligencia Artificial
3. Grado en Ingeniería en Sistemas de Información y Ciberseguridad
4. Grado en Ingeniería Empresarial y Emprendimiento Tecnológico

MÁSTERES

1. Máster Universitario en Dirección y Administración de Empresas – MBA[2]
2. Máster Universitario en Derecho Empresarial y Economía Digital
3. Máster Universitario en Neuromarketing y Comportamiento del Consumidor
4. Máster Universitario en Ingeniería de Datos e Inteligencia de Negocios

DOCTORADOS

1. Doctorado en Economía y Empresa
2. Doctorado en *Data Science* y Sistemas de Información

En total se propone una oferta de 4 Grados, 4 Másteres, y 2 Doctorados, lo que da lugar a 10 títulos oficiales. De esta manera, se superan las 8 titulaciones mínimas que exige el artículo 6.1 del RD 420/2015.

A esta propuesta habría que sumar los títulos propios, fundamentalmente másteres no oficiales, que inicialmente serían 2 grupos de cada uno de los 7 másteres siguientes:

1. *Excutive* MBA
2. Dirección Económico-Financiera
3. Banca y Finanzas
4. *International Business*
5. Liderazgo y Gestión de Personas
6. Marketing Digital/GESCO
7. SAP

Las citadas titulaciones se impartirán a través de cuatro centros universitarios:

[1] Título oficial impartido en la actualidad por IESIDE, como centro adscrito a la Universidad de Vigo.
[2] Título oficial impartido en la actualidad por IESIDE, como centro adscrito a la Universidad de Vigo.

CSV : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15
DIRECCIÓN DE VALIDACION : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm
FIRMANTE(1) : JOSE MANUEL PINGARRÓN CARRAZÓN | FECHA : 26/11/2020 18:05 | Sin acción especifica

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Código seguro de Verificación : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm

1. Instituto Universitario de Administración de Empresas y Derecho.
2. Instituto Universitario de Ingeniería y Tecnología Empresarial.
3. Instituto Universitario de Investigación (IUI).
4. Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa (IESIDE).

En cuanto a la denominación de estos cuatro centros universitarios, se debe señalar que la administración autonómica debe velar por que la denominación de los centros se adecue a lo dispuesto en la Ley Orgánica, ya que la denominación de Instituto Universitario solo permite la impartición de cursos de doctorado y postgrado.

En los dos primeros se impartirán los grados y másteres oficiales, en el IUI los doctorados y en el IESIDE se ofertarán ocho másteres propios.

Los planes de estudio de los títulos de Grado se articulan en 240 créditos ECTS y los títulos de Máster en 60 ECTS, a excepción del Máster Universitario en Dirección y Administración de Empresas que estará organizado en 90 ECTS, que se cursarán en 2 o 3 semestres académicos.

El proyecto contempla un calendario académico basado en dos semestres académicos. Cada uno de ellos está compuesto por 15 semanas lectivas y por tres de exámenes. Además, se incluirá un semestre académico de verano que permitirá a los estudiantes avanzar en su carrera o ampliar sus áreas de conocimiento, cursando sus estudios a su ritmo e ingresar en la universidad en otoño, invierno o verano. Por tanto, según se expresa en la Memoria, la Universidad permanece activa durante todo el año.

La memoria contempla (págs. 100-117) los planes de estudios de los grados y másteres propuestos. Las prácticas externas serán optativas y tendrán un peso en el plan de estudios de 6 créditos ECTS. El Trabajo Fin de Grado y el Trabajo Fin de Máster constan de 12 créditos en todos los casos.

La propuesta prevé la puesta en funcionamiento de la Universidad el curso 2021-2022. Todas las titulaciones oficiales se impartirán de manera presencial en los campus de Vigo y A Coruña, que funcionarán como campus interconectados en red con una sección en cada uno de ellos. Los títulos propios se continuarán impartiendo en IESIDE.

Además, la intención expresada en la memoria es que todos los estudios previstos se implantarán en el primer semestre de funcionamiento de la Universidad, siempre y cuando obtengan la acreditación correspondiente por parte de la Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Galicia.

CSV : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15
DIRECCION DE VALIDACIÓN : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm
FIRMANTE(1) : JOSE MANUEL PINGARRÓN CARRAZON | FECHA : 26/11/2020 18:05 | Sin acción especifica

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Código Seguro de Verificación : GEN-6717-dd6c-8139-a3cb-9da1-2d3b-e2cb-0d15 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente direccion : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm

Por último, se precisa que la formación estará basada en el estudio de casos, con un equilibrio entre la teoría y la práctica y demás innovaciones de tecnología educativa y con una decidida apuesta por un programa tutorial al estilo anglosajón (mentores). Asimismo, se indica que contará, como recursos adicionales de enseñanza y aprendizaje, con un campus virtual vanguardista y se hará un uso intensivo de la tecnología, tanto en la propia aula, dotada con los últimos avances y sistemas de grabación y videoconferencia interactivos, como en el propio campus virtual.

4. **Proyecto Investigador**

El Real Decreto 420/2015 dispone, en el artículo 6.2.b) y en el anexo III. g) que la memoria docente debe aportar información:

i) sobre la programación de la actividad investigadora de la Universidad;

ii) sobre las estrategias a seguir para la incorporación de talento científico, la participación en proyectos de investigación competitivos y la colaboración con el sector productivo;

iii) y sobre la previsión de estructuras específicas que aseguren el cumplimiento de los objetivos investigados.

Estas cuestiones se abordan en la memoria en el Capítulo III, apartado 2.3.

2. As ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais, que abranguen as ramas de coñecemento de ciencias sociais e xurídicas e enxeñaría e arquitectura, impartiranse nas seguintes estruturas docentes: Instituto Universitario de Administración de Empresas e Dereito, Instituto Universitario de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial e Instituto Universitario de Investigación. Inicialmente impartirá catro graos, catro másteres universitarios e dous programas de doutoramento.

3. A actividade académica organízase en áreas académicas de coñecemento. Nestas áreas integrarase o profesorado favorecendo a existencia de equipos docentes interdisciplinares. Cada área académica farase cargo dunha oferta docente estruturada en programas e fomentará a actividade investigadora por medio de programas e estudos de grao, máster universitario e programas de doutoramento.

Artigo 3. *Inicio e cesamento de actividades*

1. De conformidade co artigo 15 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, o inicio das actividades da Universidad Intercontinental de la Empresa, será autorizado por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de universidades, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos legais esixidos pola normativa estatal e autonómica vixente.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. O cesamento de actividades, que tamén requirirá a autorización por decreto do Consello da Xunta de Galicia, estará motivado polo incumprimento por parte da universidade dos requisitos legalmente establecidos e dos compromisos adquiridos no momento de solicitar o recoñecemento, así como por decisión da entidade promotora da universidade. No caso de cesamento de actividades, a Universidad Intercontinental de la Empresa, non poderá admitir novo alumnado pero deberá seguir existindo ata que todas as titulacións ofertadas sexan extinguidas co obxecto de garantir os dereitos do alumnado.

Artigo 4. *Requisitos de acceso*

1. Poderá acceder á Universidad Intercontinental de la Empresa, o alumnado que cumpra os requisitos establecidos na normativa vixente para acceder aos estudos universitarios.

2. A Universidad Intercontinental de la Empresa regulará o réxime de acceso e permanencia do alumnado nos seus centros, con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade garantindo, en todo caso, que non exista discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social.

3. A Universidad Intercontinental de la Empresa establecerá un sistema propio de bolsas e axudas ao estudio en consideración ao expediente académico do/a estudante e as súas circunstancias persoais e familiares, para o que destinará o 15% dos ingresos totais obtidos anualmente.

Artigo 5. *Garantía de actividade*

A Universidad Intercontinental de la Empresa deberá garantir o mantemento das súas actividades durante o tempo necesario para a consecución dos obxectivos académicos e investigadores establecidos na súa programación.

Artigo 6. *Inspección e control*

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. A Universidad Intercontinental de la Empresa colaborará coa consellería competente en materia de universidades na tarefa de comprobación do cumprimento dos requisitos e compromisos adquiridos pola entidade promotora, que se levará a cabo mediante a actividade de inspección e control, facilitando a documentación e o acceso ás súas instalacións que, para tal efecto, lle sexan requiridas, en cumprimento do Decreto 36/2016, do 23 de marzo polo que se regula a inspección no ámbito universitario na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Universidad Intercontinental de la Empresa elaborará anualmente unha memoria detallada, que comprenda as actividades docentes que nela se realicen, así como as liñas de investigación e os seus resultados, en relación coas titulacións que se impartan. A dita memoria estará a disposición da consellería competente en materia de universidades.

Artigo 7. *Transmisión ou cesión da titularidade*

1. A realización de actos e negocios xurídicos que modifiquen a personalidade xurídica ou a estrutura da universidade privada, o que impliquen a transmisión o cesión, intervivos, total o parcial, a título oneroso o gratuíto, da titularidade directa o indirecta que as persoas físicas o xurídicas ostenten sobre a universidade, deberá ser previamente comunicada á comunidade autónoma. Esta, no prazo que determine con carácter xeral, poderá denegar a súa conformidade.

2. A denegación deberá fundarse no incumprimento do previsto no artigo 5.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades ou na insuficiencia de garantías para o cumprimento dos compromisos adquiridos ao solicitarse o recoñecemento da universidade.

3. Nos supostos de cambio de titularidade, o novo titular quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas do titular anterior.

4. A infracción do previsto nos parágrafos anteriores suporá unha modificación das condicións esenciais do recoñecemento da universidade e poderá ser causa da súa revogación.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Artigo 8. *Incidencia orzamentaria*

A execución e desenvolvemento desta lei non terá incidencia algunha na dotación orzamentaria prevista no Plan Galego de Financiamento Universitario da consellería competente en materia de universidades e, en todo caso, a Universidad Intercontinental de la Empresa deberá dispoñer dos medios persoais e materiais precisos para garantir o desempeño adecuado das súas funcións.

Disposición transitoria primeira. *Proceso de integración do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa*

No decreto de autorización de inicio de actividades da Universidad Intercontinental de la Empresa, determinarase o inicio do cese de actividades do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa adscrito á Universidade de Vigo. Para iso, a entidade promotora do centro deberá respectar o previsto sobre extinción de ensinanzas no convenio de adscrición asinado coa Universidade de Vigo o 23 de xullo de 2009 e, en todo caso deberán garantir que o alumnado que iniciara os seus estudos neste centro podan finalizalos seguindo un aproveitamento normal dos mesmos e nas condicións acordadas.

Disposición transitoria segunda. *Caducidade do recoñecemento*

De acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional novena da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades o recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa caducará no caso de que, transcorridos cinco anos desde a entrada en vigor desta lei, non se solicitase a autorización para o inicio das actividades académicas ou esta fose denegada por falta de cumprimento dos requisitos previstos no ordenamento xurídico.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase o Consello da Xunta e a consellería competente en materia de universidades para que, no ámbito das súas respectivas competencias, diten as disposicións que correspondan para o desenvolvemento da presente lei.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, --- de ------- de ------

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 09:59:15
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CES GALICIA

Ditame 1/21

XUNTA DE GALICIA

DITAME

sobre o anteproxecto de

Lei de recoñecemento da universidade privada

Universidad Intercontinental de la Empresa

APROBADO POLO PLENO O 19 DE FEBREIRO

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Todos os documentos do CES poden atoparse en

www.ces-galicia.org

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Manuel Martínez Varela, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2021, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidente	Agustín Hernández Fernández de Rojas
Secretario xeral	Manuel Martínez Varela

GRUPO PRIMEIRO

CIG	Miguel Malvido Cabirto Susana Méndez Rodríguez Héctor López de Castro Natividade López Gromaz
UGT-Galicia	José Carlos Rodríguez del Río Beatriz Meilán del Río José Luis Fernández Celis Olga Crespo Sánchez
CC.OO.	Maica Bouza Seoane Juan Martínez García Xesús Castro Baamonde Carlos Pardo Pardo

GRUPO SEGUNDO

CEG	Javier Martínez López Antonio Fontenla Ramil J. Ignacio López-Bachiller Fernández

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Jaime Luis López Vázquez
David Martínez Alonso
Marisol Nóvoa Rodríguez
Jorge Cebreiros Arce
Ana Belén Vázquez Eibes
Cristina Rama Molinos
José Antonio Neira Cortés

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Jacobo Feijóo Lamas Alba Torreira Puga
SLG	Marieta Pastoriza Martínez Xosé Pérez Rei
Confrarías	José Manuel Rosas Otero José Basilio Otero Rodríguez
Consumidores	Miguel López Crespo Josefa Monteagudo Romero
Economía social	María del Mar Pernas Márquez
Universidade da Coruña	Ángel S. Fernández Castro
Universidade Santiago C.	Edelmiro López Iglesias
Universidade de Vigo	José María Martín Moreno

acordou emitir o ditame que literalmente se transcribe de seguido:

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANTECEDENTES

1.- En data 28 de decembro de 2020 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa", con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre "Anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)".

2.- O texto do anteproxecto foi remitido, en data de 29 de decembro, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 1, *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da solicitude de ditame.

3.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado, entre outros documentos, da Memoria xustificativa e económica-financeira, do informe favorable definitivo de pertinencia socio-económica, o Informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, do informe da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), o informe de impacto de xénero, e o Informe de legalidade da Secretaría Xeral Técnica da Consellería promotora.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 3/21, de data 2 de febreiro, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 02/21, do 19 de febreiro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada *"Universidad Intercontinental de la Empresa"*, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

A Exposición de motivos reflicte que o anteproxecto sometido a ditame ten por obxecto o recoñecemento da Universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa", cuxo obxectivo é constituírse en universidade privada de servizo público, especializada no eido da empresa e de carácter internacional, desenvolvendo unha actividade académica centrada en dúas áreas de coñecemento: ciencias sociais e xurídicas e enxeñaría e arquitectura.

Xunto á devandita exposición de motivos, o anteproxecto de lei consta de 8 artigos, dúas disposicións transitorias e dúas disposicións derradeiras.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O acceso a unha educación de calidade inclusiva e equitativa, é un dereito fundamental que ten toda sociedade e actúa como garante e alicerce do seu progreso e avance. Como reflicte a UNESCO, a educación "permite a mobilidade socioeconómica ascendente e é clave para saír da pobreza". No marco da Axenda 2030 sobre o Desenvolvemento Sostible, o obxectivo 4 denomínase "Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe ao longo de toda a vida para todos".

No eido concreto do ensino superior, é importante que este se insire na realidade socioeconómica do seu territorio impulsando o seu desenvolvemento e os cambios necesarios do seu modelo produtivo. Debe por tanto asegurarse un nivel de financiamento que presente taxas de investimento acordes cos países desenvolvidos, así como dedicar unha gran parte da súa actividade e recursos á actividade investigadora, unindo a investigación e a docencia de excelencia.

2.- A creación dunha Universidade privada en Galicia está amparada tanto pola propia Constitución española, que no seu artigo 27 recoñece a liberdade de ensino e a liberdade das persoas físicas e xurídicas para crear centros docentes, así como polo Estatuto de autonomía de Galicia, que no seu artigo 31 determina a súa competencia plena sobre a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Asemade, a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, regulan a posibilidade de creación ou recoñecemento de universidades privadas establecendo uns requisitos xerais e específicos que deben cumprir.

3.- Á vista da información presentada para a elaboración deste anteproxecto, o CES, sen entrar a facer un control de legalidade, non pode entrar a valoralo

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

positivamente e manifesta as súas reservas tanto polo feito de que no mesmo non se especifica cales son, en concreto as titulacións oficiais ofertadas, como por recoller a impartición dun grao por un instituto universitario, cando este último debe estar destinado a I+D+i segundo a regulamentación estatal e galega sobre os institutos universitarios.

• Titulacións oficiais propostas

A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) é, de acordo cos estatutos da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), o órgano superior de avaliación e ten atribuídas as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación que corresponden á ACSUG. A este respecto, o informe da ACSUG, baseado na valoración da CGIACA, indica que *"a teor da documentación presentada, non se cumpriría co disposto pola letra g) do artigo 13 da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia"*; o que contradí o afirmado no anteproxecto cando indica que *"co recoñecemento desta universidade amplíase a oferta formativa no eido da educación universitaria galega"*.

Alén do máis, o CES bota en falta o plan de desenvolvemento esixido polo artigo 6.2.a) do RD 420/2015 que debería ir acompañando ao Anteproxecto: *"Un plan de desenvolvemento de titulacións por cada rama de coñecemento que deberá comprender, ao menos, a relación das titulacións, a previsión do número total de prazas universitarias que se pretenden ofertar, curso a curso; o curso académico en que darán comezo as referidas actividades e o calendario para a implantación completa das ensinanzas e a posta en funcionamento dos correspondentes centros, así como os medios con que se conte especificamente para o seu desenvolvemento. Este plan deberá ser avaliado pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) ou, se for o caso, polo órgano de avaliación externa da comunidade autónoma en cuxo territorio se estableza a universidade"*.

• Limitada función docente dos institutos universitarios

As universidades privadas poden establecer novas figuras, distintas de centros e departamentos; pero a regulamentación estatal e galega sobre os institutos

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

universitarios abre a porta soamente á impartición de docencia en posgrao e doutoramento, non en relación cos títulos de grao. Segundo a Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, os Institutos Universitarios son Centros ou unidades de I+D+i, exactamente igual que na normativa estatal.

A creación de institutos de investigación correspóndelle á comunidade autónoma, atendendo a criterios de excelencia científica, técnica ou artística e da súa conveniencia estratéxica para o desenvolvemento económico e social de Galicia; sen esquecer que, na avaliación dos institutos, forma unha parte fundamental o estudo do currículo investigador dos membros do mesmo.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2021

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Manuel Martínez Varela

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VOTOS PARTICULARES

Voto particular das organizacións sindicais CIG, UGT, CC.OO e SLG ao ditame sobre o anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa".

CONSIDERACIÓNS XERAIS

A sociedade galega precisa dunha universidade pública de calidade, como garantía e alicerce do seu progreso e avance, suficientemente apoiada pola Administración da que depende e, por extensión, da propia sociedade á que se debe e presta servizo.

A xestión do sistema educativo no seu conxunto require un tratamento eficiente e racional dos recursos. Para a consecución da súa imprescindible misión, as universidades deberían ter asegurado un plan de financiamento digno e razoable, aspirando a taxas de inversión acordes coas dos países desenvolvidos, que lles permitisen levar adiante a súa fundamental misión sen precariedade, e con mínimas garantías. Porén, o financiamento actual das nosas universidades públicas dista moito destes estándares internacionais.

Como dereito fundamental, como ben público, a educación non pode ser unha mercadoría porque isto atenta contra a igualdade de oportunidades. Aceptar unha universidade privada é aceptar a venda de títulos universitarios atendendo ao nivel económico, e non aos méritos e capacidades de cadaquén. Así, o dereito á educación superior -o acceso en igualdade de condición ao conxunto dos cidadáns e cidadás- só pode ser asegurado nas universidades públicas.

Precisamos un sistema educativo inserido na nosa realidade nacional para que dea resposta acaida ás necesidades da educación en Galiza, facilite o acceso

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

en igualdade de condicións ao conxunto dos cidadáns e cidadás, garanta un sistema educativo propio, destine os orzamentos necesarios á educación pública, remate coas subvencións ao ensino privado, e exerza todas as competencias en materia educativa.

A creación de coñecemento -a investigación-, a persecución da verdade, e a súa transmisión, só se poden dar nun entorno no que se garanta a Liberdade académica, e esta apóiase nos piares da autonomía universitaria –na que as inxerencias dos poderes económicos, políticos ou de calquera tipo non interfiren-, nas formas de autogoberno democráticas, e, último, pero non menos importante, na relación funcionarial do persoal docente e investigador. Todo o anterior, está recollido, no noso ordenamento xurídico, sendo unha realidade nas nosas universidades públicas. Parece moi difícil que a fundación que se presenta como dona do proxecto de universidade privada, poida garantir o dereito a liberdade académica, sen o que unha universidade non pode ser chamada tal.

Outro aspecto fundamental, é que a investigación non pode separarse da docencia de excelencia, e unha universidade non o é se non dedica una gran parte da súa actividade e recursos á a actividade investigadora, mentres, no proxecto de universidade privada, a investigación é unha actividade marxinal, o que mesmo se reflicte na planificación orzamentaria. A investigación, no proxecto,está concebida nunhas áreas moi concretas e restrinxidas, e non abranguen todas as -xa minguadas- áreas de coñecemento e campos científico-técnicos da docencia proxectada. Cuestión non menor, é que, ademais, parece moi difícil que o persoal poida dedicar tempo a investigación cunha carga docente de 400 horas.

Compárese o proxecto presentado cos chamados campus periféricos do SUG, onde a investigación e a docencia son moito máis ricas, abranguendo bastante máis que os 4 graos, 4 mestrados e dous doutoramentos, que como é obvio teñen unhas condición de moito menor esixencia orzamentaria para a súa posta en marcha e continuidade.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Chama a atención que, na planificación orzamentaria, os fondos destinados ás titulacións propias superan o orzamento da titulacións oficiais propostas. O proxecto non parece máis que unha escola de negocios que quere vender os seus cursos baixo o selo de calidade "Universidade".

Cómpre recordar, que nos últimos anos, son numerosas as revogacións que a Consellería acordou respecto á impartición de determinados graos e posgrados nas diferentes universidades públicas de Galiza. Aínda que cada caso terá a súa xustificación e circunstancias, a sombra que pende sobre estes casos é a falta de financiamento para poder manter a oferta investigadora e formativa cos medios existentes. A máis recente é a Orde de 22 de Decembro de 2020, publicada o 5 de Xaneiro de 2021, pero aconteceu o mesmo o 11 de Decembro de 2018 e 2019, o 19 de Decembro de 2017, on resulta unha política universitaria coherente a revogación de titulacións nas universidades públicas de Galiza para posteriormente xustificar a creación dunha universidade privada baseándose na escaseza ou eivas da oferta existente. Parece ser obxectivo do anteproxecto mesmo proclamar a insostenibilidade do público.

Finalmente, regresamos ao interese público para Galiza do proxecto de universidade privada, no que se debe basear e do que debe beber calquera proxecto de universidade, centro ou titulación do SUG. E notorio que as poucas titulacións ofertadas e a, aínda mais escasa, investigación proxectada só serven a un fin, para nada universal, e que para nada van permitir o desenvolvemento do noso pais, e o cambio do modelo produtivo tan necesario en Galiza. A creación dunha nova universidade nos termos en que se propón non vén a cubrir ningunha carencia ou demanda existente senón que vai competir coas universidades públicas en ámbitos como o de administración e dirección de empresas, ou a enxeñería informática, cousa que non vai ser beneficiosa para o sistema universitario nin para o alumnado.

Todo o proxecto destila un fin, que é o de formar aos futuros traballadores e traballadoras do sector ou mesmo empresa que sustenta o proxecto ou entrar directamente a competir con titulacións xa ofertadas nos campus galegos e romper mesmo a colaboración que poida existir entre o tecido empresarial e

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

as tres universidades. É máis, a escasa investigación proposta diríxese a áreas moi concretas de interese para o sector bancario ou dun marcado perfil vinculado á institución que se beneficiaría coa autorización desta universidade. Non son para nada obxectivos universais, dirixidos ao progreso ou benestar das galegas e dos galegos.

As universidades, públicas ou privadas, son beneficiarias de fondos públicos, vía proxectos de investigación ou outras axudas. Isto significa que recursos públicos irán a parar a un proxecto que favorece a un sector, e mesmo a unha empresa privada moi concreta. A situación obxectiva é que Galiza non ten oco nin demanda para unha universidade privada, cando menos a día de hoxe.

As anteriores son razóns fundamentais polas que a institución non pode ser denominada universidade nin ter cabida no sistema universitario galego.

De se precisar, todas estas funcións poderían ser desenvolvidas á perfección polas tres universidades públicas existentes no SUG. Xa que as tres universidades e os seus sete campus ofrecen una cobertura formativa a todo o territorio, adaptándose ás necesidades sociais e laborais que se precisan, ampliando a súa oferta educativa e reorganizando aqueles aspectos cando é necesario. Polo que se deberá ampliar a oferta de novas titulacións nas universidades públicas.

Unha vez dito o anterior as organizacións asinantes queremos manifestar o noso rexeitamento á creación dunha Universidade Privada en Galiza que sería nefasta para os intereses públicos, para o Sistema Universitario Galego e para a poboación, xa que os servizos públicos son o único garante do cumprimento das misións do ensino superior e a investigación conferidas as universidades.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2021

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Voto particular que presenta a Confederación de Empresarios de Galicia ao ditame sobre o anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa".

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, discrepan do contido do Ditame aprobado polo Consello Económico e Social de Galicia na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 19 de febreiro de 2021 sobre o Anteproxecto de Lei ao non estar de acordo con certos puntos da redacción deste.

Concretamente, esta discrepancia refírese ao número 3 das consideracións xerais do texto do Ditame, que establece:

> "(...)
> 3. A vista da información presentada para a elaboración deste anteproxecto, o CES, sen entrar a facer un control de legalidade, non pode entrar a valoralo positivamente e manifesta as súas reservas tanto polo feito de que no mesmo non se especifica cales son, en concreto as titulacións oficiais ofertadas, como por recoller a impartición dun grao por un instituto universitario, cando estre último debe estar destinado a I+D+i segundo a regulamentación estatal e galega sobre os institutos universitarios.
>
> Titulacións oficiais propostas
> A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) é, de acordo cos estatutos da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), o órgano superior de avaliación e ten atribuídas as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación que corresponden á ACSUG. A este respecto, o informe da ACSUG, baseado na valoración da CGIACA, indica que "a teor da documentación presentada, non se cumpriría co disposto pola letra g) do artigo 13 da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia"; o que contradi o afirmado no anteproxecto cando indica que "co recoñecemento desta universidade ampliase a oferta formativa no eido da educación universitaria galega".
>
> Alen do máis, o CES bota en falta o plan de desenvolvemento esixido polo artigo 6.2.a) do RD 420/2015 que debería ir acompañando ao Anteproxecto: "Un plan de desenvolvemento de titulacións por cada rama de coñecemento que deberá comprender, ao menos, a relación das titulacións, a previsión do número total de prazas universitarias que se pretenden ofertar, curso a curso; o curso académico en que darán comezo as referidas actividades e o calendario para a implantación completa das ensinanzas e a posta en funcionamento dos correspondentes centros, asi como os medios con que se conte especificamente para o seu desenvolvemento. Este plan deberá ser avaliado pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

(ANECA) ou, se for o caso, polo órgano de avaliación externa da comunidade autónoma en cuxo territorio se estableza a universidade".

Limitada función docente dos institutos universitarios
As universidades privadas poden establecer novas figuras, distintas de centros e departamentos; pero a regulamentación estatal e galega sobre os institutos universitarios abre a porta soamente á impartición de docencia en posgrao e doutoramento, non en relación cos títulos de grao. Segundo a Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, os Institutos Universitarios son Centros ou unidades de I+D+i, exactamente igual que na normativa estatal.

A creación de institutos de investigacion correspóndelle á comunidade autónoma, atendendo a criterios de excelencia científica, técnica ou artística e da súa conveniencia estratéxica para o desenvolvemento económico e social de Galicia; sen esquecer que, na avaliación dos institutos, forma unha parte fundamental o estudo do currículo investigador dos membros do mesmo."

Para os Conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da CEG, a iniciativa de creación da nova universidade encádrase no dereito que a Constitución Española outorga ás persoas para a creación de centros de ensino, entre eles, centros de ámbito universitario nos termos que recolle a normativa estatal e autonómica vixente.

Precisamente a iniciativa obxecto do anteproxecto de lei, é coherente co devandito elenco normativo e cos requisitos e esixencias establecidas polas disposicións que a compoñen, como así concluíron nos informes que acompañan ao anteproxecto a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e o Ministerio de Universidades.

En particular, a iniciativa atende aos requisitos contidos no Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios:
a) Dispoñer dunha oferta académica mínima de titulacións oficiais
b) Contar cunha programación investigadora adecuada.
c) Dispoñer de persoal docente e investigador en número suficiente e coa adecuada cualificación.
d) Dispoñer de instalacións, medios e recursos adecuados para o cumprimento das súas funcións.
e) Contar cunha organización e estrutura adecuada.
f) Garantir a prestación do servizo, así como o mantemento das súas actividades segundo o regulado polo artigo 9.
g) Garantir que os seus Estatutos, réxime xurídico e Normas de organización e funcionamento sexan conformes ao establecido na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, na normativa da comunidade autónoma respectiva e neste

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

real decreto. Cuestións todas elas atendidas pola proposta, así como o desenvolvemento dos devanditos requisitos que establece a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, especialmente nos seus artigo 13 e 14.

E con respecto ás reservas manifestadas (sobre tanto polo feito de que non se especifican en concreto as titulacións oficiais ofertadas, como por recoller a impartición dun grao por un instituto universitario, cando estre último debe estar destinado a I+D+i segundo a regulamentación estatal e galega sobre os institutos universitarios), cabe sinalar o seguinte:

A valoración dos requisitos legais previstos son un trámite previo á confección do anteproxecto, sendo verificado o seu cumprimento tanto pola Consellería como o Ministerio de Universidades contando cos correspondentes informes preceptivos, incluídos o da propia ACSUG co ditame favorable da CGIACA. A UIE conta co informe favorable tanto do Consello Galego de Universidades como da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

O artigo 13, letra g) da Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia, non debe entenderse como unha prohibición absoluta. A este respecto xa se pronunciou o Tribunal Constitucional, respecto a normativa da Comunidade Autónoma de Aragón. De considerarse unha prohibición absoluta, sería inconstitucional dado que produciría a limitación inxustificada do ámbito de autonomía constitucionalmente garantido ás universidades privadas que, xunto ás públicas, serven ao servizo público de educación superior.

En atención ao anterior, a Secretaría Xeral de Universidades, no seu "Informe de pertinencia socioeconómica" pronunciouse expresamente ao establecer que " trátase dunha oferta innovadora e especializada na empresa, a tecnoloxía e o emprendemento e non coincidente coas titulacións ofertadas no SUG, o que se valora especialmente pola súa aposta as novas ramas xurdidas non ámbito científico e consecuentemente ligadas ás novas necesidades profesionais do futuro" e indicar que "debido á alta especialización dás titulacións ofertadas non obsérvase reiteración coas titulación preexistentes no SUG".

A creación das titulacións definitivas, de acordo ás leis e normas de Galicia, non corresponden nin poden determinarse neste momento, senón, despois da aprobación da lei de creación da UIE, e baixo o control e supervisión, como se dixo, da Axencia Galega de calidade galega. A analise pormenorizada das titulacións corresponde á ACSUG e realizarase durante o proceso de acreditación e verificación destas. A Memoria da UIE presentouse en outubro de

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2018. Dous anos e medio despois, o lóxico é que as mesmas sufran modificacións para adaptalas á evolución da ciencia, ás novas necesidades do mercado laboral e aos requirimentos que xorden durante o propio proceso de acreditación e verificación. As titulacións definitivas débense incluír na autorización para o inicio de actividades, previa a verificación destas pola ACSUG, e non no Anteproxecto.

E con respecto á limitada función docente dos institutos universitarios, cabe sinalar que estamos ante unha mera cuestión de denominación/nomenclatura dos centros baseada nunha interpretación literal do disposto na Lei Orgánica 6/2001.

En primeiro lugar, é necesario destacar que o art. 19 de lei 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia, refírese aos Institutos Universitarios de Investigación, que son centros de I+D+i.

Na memoria para o recoñecemento da Universidade Intercontinental da Empresa (UIE), en ningún momento indícase que se impartirán titulacións de grao e de posgrao desde un centro destas características xa que se expón crear un único Instituto Universitario de Investigación e indícase expresamente que unicamente impartirá dous doutoramentos.

Na súa páxina 96, detállase que para impartir as titulacións a UIE contará co instituto Universitario de Administración de Empresas e Dereito e o Instituto Universitario de Enxeñería e Tecnoloxía Empresarial. Adicionalmente especifícase no documento que é intención da UIE concentrar toda a súa actividade de investigación nun terceiro instituto que é o Instituto de Investigación que se expón crear para o efecto.

É dicir, os dous institutos que se quere empregar para impartir titulacións son de xeito evidente centros docentes que, conforme ao regulado no artigo 18 da Lei 6/2013, serán os encargados da organización dos ensinos e os procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención dos títulos de grao e posgrao. A impartición das titulacións de grao e de posgrao realizarase neses dous centros docentes (un para cada rama de coñecemento), que adoptan a denominación de Instituto Universitario pero que en ningún caso terán carácter de centro de investigación.

Son unidades exclusivamente docentes con independencia da súa denominación. Por outra banda, hai que resaltar o que indica o mencionado artigo 18 no seu apartado 5, en relación ao acordo de creación de centros docentes:

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

"O acordo de creación contemplará os aspectos seguintes: a denominación, os centros, as institucións participantes e un informe sobre os recursos humanos, económicos e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas actividades e, no seu caso, as condicións da participación das administracións públicas.". Pois ben, o anteproxecto de Lei de recoñecemento da Universidade Intercontinental da Empresa dá cabida á creación dos centros docentes mencionados, baseado na información da propia memoria e nas normas de Organización e Funcionamento da UIE (artigo 4 Estrutura da Universidade), e todo iso conforme á lexislación vixente.

Por último e en canto ao que se indica no ditame referente a que "A creación de institutos de investigación correspóndelle á comunidade autónoma, atendendo a criterios de excelencia cientifica, técnica ou artística e dá súa conveniencia estratéxica para ou desenvolvemento económico e social de Galicia; sen esquecer que, na avaliación dous institutos, forma unha parte fundamental ou estudo do currículo investigador dous membros do mesmo" cabe resaltar que este parágrafo é unha reprodución case literal do artigo 19, parágrafo 4 da lei 6/2013 que regula especificamente a creación, modificación e supresión de centros de I+D+i . O mencionado artigo 19 o que regula é a creación dos Centros de Investigación, nos que, efectivamente, non se contempla que poidan impartir clases de grao, pero como xa se explicou anteriormente en ningún caso a proposta da Universidade Intercontinental da Empresa é impartir clases de grao nos centros de investigación.

Por conseguinte, os representantes do Grupo Segundo valoran que se cumpren os requisitos esixidos para o recoñecemento da nova Universidade, sendo positivo que esta veña a complementar a oferta do Sistema Público Universitario da nosa Comunidade Autónoma, en aras dunha maior competencia e especialización das persoas, tendo en consideración o seu ámbito específico de actuación centrado na área empresarial, tecnolóxica e de emprendemento, tan importante para o desenvolvemento social e económico de Galicia.

Polas razóns expostas, o Grupo Segundo non comparte os aspectos relacionados en este voto particular sobre o Ditame do Consello Económico e Social de Galicia ao Anteproxecto de Lei recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa", con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2021

13

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cvs

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Verificación: https://sede.xunta.gal/ove

Asinado por: MARTINEZ VARELA, MANUEL
Cargo: SECRETARIO XERAL (CES GALICIA)
Data e hora: 22/02/2021 13:34:27

Asinado por: HERNANDEZ FERNANDEZ DE ROJAS, AGUSTIN
Cargo: PRESIDENTE (CES GALICIA)
Data e hora: 22/02/2021 13:43:28

www.ces.galicia.es

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Técnica
Data e hora: 29/03/2021 10:02:16
Motivo: concorda co orixinal

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Informe da Secretaría xeral de Universidades relativo ao Ditame CES 1/21 sobre o anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada *Universidad Intercontinental de la Empresa (UIE).*

Mediante rexistro de entrada do 23 de febreiro de 2021 o Secretario Xeral do Consello Económico e Social remite Ditame CES 1/21 sobre o anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada *Universidad Intercontinental de la Empresa (UIE),* aprobado no Pleno do Consello Económico e Social na súa sesión do pasado 19 de febreiro.

Este ditame acompáñase de dous votos particulares. O primeiro deles emitido polos representantes das organizacións sindicais CIG, UGT, CCOO e SLG e o segundo emitido polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia.

O Ditame manifesta dúas reservas en relación ao anteproxecto presentado, en canto que ..*"non se especifica cales son, en concreto as titulacións oficiais ofertadas, como por recoller a impartición dun grao por un instituto universitario, cando este último debe ser destinado a I+D+i segundo a regulamentación estatal e galega sobre os institutos universitarios."*

- No referente as titulacións oficiais propostas. Na redacción do anteproxecto de lei sometido a ditame, non se fai mención expresa das titulacións a ofertar pola entidade promotora debido a que a lexislación de aplicación non esixe plasmar nunha lista detallada da futura oferta docente neste momento do procedemento. Cuestión diferente é que a entidade promotora, entre a documentación presentada, deba detallar, para o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa estatal e autonómica, a relación de titulacións a ofertar, por ramas de coñecemento e un plan completo de desenvolvemento curso a curso; cuestión que aparece recollida no capítulo III da memoria docente (páx. 95-145).

A *sensu contrario*, esta liberdade obrada polo lexislador, permite que tamén sexa posible a inclusión na Lei de recoñecemento da universidade, da relación de titulacións a ofertar. Así, en aras a superar a primeira das reservas manifestada no Ditame, engádese ao anteproxecto un Anexo coas titulacións de grao, máster universitario e programas de doutoramento que, inicialmente, prevé ofertar a Universidad Intercontinental de la Empresa.

- No referente á estrutura da universidade en centros e/ou unidades docentes ou de investigación, cabe dicir que se ben podería levar a confusión a denominación de Instituto

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Universitario para a impartición de docencia, na documentación presentada pola entidade promotora diferencianse con claridade os dous centros docentes denominados "Instituto Universitario de Administración e Empresa e Dereito " e " "Instituto Universitario de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial", respecto dun terceiro instituto destinado aos programas de doutoramento que terá exclusivamente carácter de centro de investigación ao que se denomina " Instituto Universitario de Investigación". Esta proposta considerouse dende esta secretaría xeral como unha opción amparada polo artigo 5 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, relativo á estrutura das universidades cando indica que "*as universidades poderán estar integradas por centros e unidades docentes*: (...) *calquera outro centro ou unidade deseñada con este fin por cada universidade nos seus estatutos ou nas súas normas de organización e funcionamento interno.*"

Non obstante o anterior, e co fin de dar resposta á segunda das reservas manifestadas no Ditame solicitouse parecer da entidade promotora, quen mediante escrito de 24 de febreiro de 2021, accede a utilizar a denominación de Facultade aos centros dedicados á actividade docente mediante a impartición de graos e mestrados, segundo a información recollida no novo Anexo do anteproxecto.

En consecuencia co antedito, modifícase o anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada *Universidad Intercontinental de la Empresa,* con sede na comunidade autónoma de Galicia.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
O secretario xeral de Universidades
José Alberto Díez de castro

Asinado por: DIEZ DE CASTRO, JOSE ALBERTO
Cargo: Secretario Xeral de Universidades
Data e hora: 25/02/2021 14:08:14

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Tecnica
Data e hora: 29/03/2021 10:02:16
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa", con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Exposición de motivos

A Constitución Española recoñece no seu artigo 27 a liberdade de ensino, así como a liberdade das persoas físicas e xurídicas para crear centros docentes, dentro do respecto aos principios constitucionais.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, regula os principais aspectos relativos ás condicións e requisitos para o recoñecemento, funcionamento e réxime xurídico das universidades privadas establecendo no seu artigo 4 a necesidade de que o dito recoñecemento, que terá carácter constitutivo, se leve a cabo mediante unha lei da asemblea lexislativa da comunidade autónoma en cuxo ámbito territorial se estableza.

Así mesmo, a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, logo de establecer no seu artigo 3 a posibilidade de creación ou recoñecemento por lei do Parlamento de Galicia de novas universidades no sistema universitario autonómico, desenvolve, no capítulo II do Título I, o procedemento para a creación e recoñecemento de universidades, establecendo os requisitos xerais e específicos que deben cumprir as universidades privadas.

De acordo co marco xurídico exposto, a entidade Fundación Galicia Obra Social-Afundación solicitou o recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa como universidade privada que, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia, impartirá ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, nas modalidades presencial e semipresencial.

O proxecto da Universidad Intercontinental de la Empresa parte do Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE), centro adscrito á Universidade de Vigo polo Decreto 445/2009, do 23 de decembro,onde se imparten os estudos oficiais de grao en

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación https://sede.xunta.gal/csv

Administración e Dirección de Empresas e o máster universitario en Dirección e Administración de Empresas, ademais de títulos propios e interinstitucionais.

O seu obxectivo é constituírse en universidade privada de servizo público, especializada no eido da empresa e de carácter internacional, desenvolvendo unha actividade académica centrada en dúas áreas de coñecemento: ciencias sociais e xurídicas e enxeñaría e arquitectura.

O expediente de recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa tramitouse segundo o establecido nos artigos 4, 5 e 6 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades; no Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios; na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia e no Decreto 259/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorizacións de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A proposta presentada conta co informe favorable de pertinencia socioeconómica do órgano competente en materia universitaria para o seu recoñecemento como universidade privada, de servizo público e sen ánimo de lucro e comprometida co desenvolvemento sostible da sociedade, da cultura e da economía galega.

Esta lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Respecto dos principios de necesidade e eficacia, a lei é de interese xeral dado que co recoñecemento desta nova universidade amplíase a oferta formativa no eido da educación universitaria galega. Os fins perseguidos quedan recollidos no articulado e trátase dun instrumento axeitado para garantir a consecución dos ditos fins. En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa contén a regulación imprescindible para o recoñecemento dunha universidade privada. Co obxecto de garantir o principio de seguridade xurídica, esta lei é coherente co resto do ordenamento xurídico. Por outra banda, en aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa lexislativa non introduce cargas administrativas. Finalmente, constatouse por parte dos departamentos competentes a ausencia de repercusións ou efectos sobre o gasto público.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: BOPG-DS-PL-000
Verificación https://sede.xunta.gal/cve

Na elaboración desta norma cumpríronse as esixencias establecidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Someteuse a consulta pública previa a proposta presentada e a información pública o Anteproxecto de Lei mediante a súa exposición no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, e solicitáronse, entre outros, informes preceptivos da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, do Servizo técnico Xurídico da consellería, da Asesoría Xurídica da consellería, da Conferencia Xeral de Política Universitaria e do Consello Galego de Universidades.

A dita lei dítase en exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia recollidas no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, que determina a súa competencia plena sobre a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; nos artigos 4, 5, 6, 12 e 27 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades; e no capítulo II do Título I da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

Artigo 1. *Recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa*

1. Recoñécese á entidade Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa, en adiante FUIE, como universidade privada do Sistema universitario de Galicia, coa denominación Universidad Intercontinental de la Empresa. Esta universidade, que ten personalidade xurídica propia e forma de fundación de interese galego, impartirá ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas modalidades presencial e semipresencial.

2. A Universidad Intercontinental de la Empresa nace como unha institución privada de educación superior, de servizo público e responsabilidade social.

3. A Universidad Intercontinental de la Empresa establecerase na Comunidade Autónoma de Galicia. A súa sede estará en Santiago de Compostela e os seus campus académicos na Coruña e Vigo.

4. Esta universidade rexerase pola lexislación estatal e autonómica que lle resulte de aplicación; pola presente lei e polas normas de organización e funcionamento establecidas

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nos estatutos da FUIE, con suxeición aos principios constitucionais e co recoñecemento explícito ás liberdades de cátedra, de investigación e de estudo.

Artigo 2. *Estrutura e organización académica*

1. A *Universidad Intercontinental de la Empresa* integra dous campus académicos, A Coruña e Vigo, que operan como sistema de intercampus conectados en rede.

2. As ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais, que abranguen as ramas de coñecemento de ciencias sociais e xurídicas e enxeñaría e arquitectura, impartiranse nas seguintes estruturas docentes: Facultade de Administración de Empresas e Dereito, Facultade de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial e Instituto Universitario de Investigación. Inicialmente impartirá catro graos, catro másteres universitarios e dous programas de doutoramento, segundo figura no Anexo desta lei.

3. A actividade académica organízase en áreas académicas de coñecemento. Nestas áreas integrarase o profesorado favorecendo a existencia de equipos docentes interdisciplinares. Cada área académica farase cargo dunha oferta docente estruturada en programas e fomentará a actividade investigadora por medio de programas e estudos de grao, máster universitario e programas de doutoramento.

Artigo 3. *Inicio e cesamento de actividades*

1. De conformidade co artigo 15 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, o inicio das actividades da Universidad Intercontinental de la Empresa, será autorizado por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de universidades, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos legais esixidos pola normativa estatal e autonómica vixente.

2. O cesamento de actividades, que tamén requirirá a autorización por decreto do Consello da Xunta de Galicia, estará motivado polo incumprimento por parte da universidade dos requisitos legalmente establecidos e dos compromisos adquiridos no momento de solicitar o recoñecemento, así como por decisión da entidade promotora da universidade. No caso de cesamento de actividades, a Universidad Intercontinental de la Empresa, non poderá admitir novo alumnado pero deberá seguir existindo ata que todas as titulacións ofertadas sexan extinguidas co obxecto de garantir os dereitos do alumnado.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
DVE G.1 - MFAb0
Verificación https://sede.xunta.gal/ve

Artigo 4. *Requisitos de acceso*

1. Poderá acceder á Universidad Intercontinental de la Empresa, o alumnado que cumpra os requisitos establecidos na normativa vixente para acceder aos estudos universitarios.

2. A Universidad Intercontinental de la Empresa regulará o réxime de acceso e permanencia do alumnado nos seus centros, con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade garantindo, en todo caso, que non exista discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social.

3. A Universidad Intercontinental de la Empresa establecerá un sistema propio de bolsas e axudas ao estudio en consideración ao expediente académico do/a estudante e as súas circunstancias persoais e familiares, para o que destinará o 15% dos ingresos totais obtidos anualmente.

Artigo 5. *Garantía de actividade*

A Universidad Intercontinental de la Empresa deberá garantir o mantemento das súas actividades durante o tempo necesario para a consecución dos obxectivos académicos e investigadores establecidos na súa programación.

Artigo 6. *Inspección e control*

1. A Universidad Intercontinental de la Empresa colaborará coa consellería competente en materia de universidades na tarefa de comprobación do cumprimento dos requisitos e compromisos adquiridos pola entidade promotora, que se levará a cabo mediante a actividade de inspección e control, facilitando a documentación e o acceso ás súas instalacións que, para tal efecto, lle sexan requiridas, en cumprimento do Decreto 36/2016, do 23 de marzo polo que se regula a inspección no ámbito universitario na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Universidad Intercontinental de la Empresa elaborará anualmente unha memoria detallada, que comprenda as actividades docentes que nela se realicen, así como as liñas de investigación e os seus resultados, en relación coas titulacións que se impartan. A dita memoria estará a disposición da consellería competente en materia de universidades.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 7. *Transmisión ou cesión da titularidade*

1. A realización de actos e negocios xurídicos que modifiquen a personalidade xurídica ou a estrutura da universidade privada, o que impliquen a transmisión o cesión, intervivos, total o parcial, a título oneroso o gratuíto, da titularidade directa o indirecta que as persoas físicas o xurídicas ostenten sobre a universidade, deberá ser previamente comunicada á comunidade autónoma. Esta, no prazo que determine con carácter xeral, poderá denegar a súa conformidade.

2. A denegación deberá fundarse no incumprimento do previsto no artigo 5.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades ou na insuficiencia de garantías para o cumprimento dos compromisos adquiridos ao solicitarse o recoñecemento da universidade.

3. Nos supostos de cambio de titularidade, o novo titular quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas do titular anterior.

4. A infracción do previsto nos parágrafos anteriores suporá unha modificación das condicións esenciais do recoñecemento da universidade e poderá ser causa da súa revogación.

Artigo 8. *Incidencia orzamentaria*

A execución e desenvolvemento desta lei non terá incidencia algunha na dotación orzamentaria prevista no Plan Galego de Financiamento Universitario da consellería competente en materia de universidades e, en todo caso, a Universidad Intercontinental de la Empresa deberá dispoñer dos medios persoais e materiais precisos para garantir o desempeño adecuado das súas funcións.

Disposición transitoria primeira. *Proceso de integración do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa*

No decreto de autorización de inicio de actividades da Universidad Intercontinental de la Empresa, determinarase o inicio do cese de actividades do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa adscrito á Universidade de Vigo. Para iso, a entidade promotora do centro deberá respectar o previsto sobre extinción de ensinanzas no convenio de adscrición asinado coa Universidade de Vigo o 23 de xulio

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE: G21-KIFaMi0
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

de 2009 e, en todo caso deberán garantir que o alumnado que iniciara os seus estudos neste centro podan finalizalos seguindo un aproveitamento normal dos mesmos e nas condicións acordadas.

Disposición transitoria segunda. *Caducidade do recoñecemento*

De acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional novena da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades o recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa caducará no caso de que, transcorridos cinco anos desde a entrada en vigor desta lei, non se solicitase a autorización para o inicio das actividades académicas ou esta fose denegada por falta de cumprimento dos requisitos previstos no ordenamento xurídico.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase o Consello da Xunta e a consellería competente en materia de universidades para que, no ámbito das súas respectivas competencias, diten as disposicións que correspondan para o desenvolvemento da presente lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, --- de ------- de ------

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO

Centros e oferta docente inicialmente prevista da "Universidad Intercontinental de la Empresa"

Ensinanzas de grao:

Facultade de Administración de Empresas e Dereito:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas.
- Grao en Negocios Dixitais e Intelixencia Empresarial.

Facultade de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial:

- Grao en Sistemas de Información e Ciberseguridade.
- Grao en Enxeñaría Empresarial e Emprendemento Tecnolóxico.

Ensinanzas de Posgrao:

Facultade de Administración de Empresas e Dereito:

- Máster universitario en Administración e Dirección de Empresas – MBA.
- Máster universitario en Dereito Empresarial e Economía Dixital.
- Máster universitario en Neuromarketing e Comportamento do Consumidor.

Facultade de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial:

- Máster universitario en Enxeñaría de Datos e Intelixencia de Negocios.

Ensinanzas de doutoramento:

Instituto Universitario de Investigación:

- Programa de doutoramento en Economía e Empresa.
- Programa de doutoramento en "Data Science" e Sistemas de Información.

Asinado por: VILLAVERDE NIMO, JULIA MARIA
Cargo: Asesora Técnica
Data e hora: 29/03/2021 09:59:15
Motivo: concorda co orixinal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:03:05
Nº Rexistro: 13727
Data envio: 31/03/2021 13:03:05.928

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias, Alberto Pazos Couñago, Manuel Santos Costa, Felisa Rodríguez Carrera, Corina Porro Martinez, Paula Prado del Río, Elena Candia López, Lupe Murillo Solís e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei Pleno.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o goberno galego manifeste a súa posición canto antes nun tema de interese para a nosa comunidade.

Exposición de motivos:

O Goberno de España en todo o que se refire a Autopista do Atlántico sempre parece estar máis disposto a garantir os beneficios da empresa concesionaria que a defender os intereses dos galegos, aínda que iso supoña ignorar acordos previos.

O Goberno de España ten pendentes de cumprir unha serie de compromisos con Galicia en relación coa AP-9:

- a supresión da peaxe de Redondela, comprometida en 2018;
- as actuacións compensatorias aos veciños de Chapela pola ampliación da autoestrada;
- a supresión das subas extraordinarias das peaxes;
- ou as bonificacións das tarifas por importe de 50 M€ anunciadas o pasado mes de outubro co gallo da presentación dos Orzamentos Xerais do Estado para 2021.

E ademais deses incumprimentos, agora o Goberno de España reclámalle á Xunta que lle pague a Audasa, cos cartos dos galegos, a débeda coa concesionaria das bonificacións das peaxes de Rande e A Barcala.

O Goberno que preside o socialista Pedro Sánchez pretende que a Xunta pague as bonificacións da AP-9, obviando que o acordo acadado entre as administracións no ano

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:03:05
Nº Rexistro: 13727
Data envio: 31/03/2021 13:03:05.928

grupo parlamentario popular de galicia

2017 polo que o Goberno galego quedou liberado de pagar esas bonificacións nunha autoestrada de competencia estatal. E obviando, ademais, o ditame do Consejo de Estado que di que esa bonificación da peaxe estaba a motivar un "enriquecemento inxusto" por parte de Audasa.

E é por iso que presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta ao Goberno galego a esixir do Goberno español:

1.- O cumprimento do acordo acadado en 2017 entre a Administración autonómica e a Administración Xeral do Estado polo que esta última asumía o pago íntegro á empresa concesionaria da AP-9 das bonificacións que se aplican aos usuarios nas peaxes de Rande e A Barcala.

2.- A adopción das medidas necesarias para garantir que a subvención desa peaxe non supoña un enriquecemento inxusto da concesionaria"

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:03:05
Nº Rexistro: 13727
Data envio: 31/03/2021 13:03:05.928

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/03/2021 12:55:16

Diego Calvo Pouso na data 31/03/2021 12:55:34

Teresa Egerique Mosquera na data 31/03/2021 12:55:49

José Manuel Balseiro Orol na data 31/03/2021 12:55:56

María Sol Díaz Mouteira na data 31/03/2021 12:56:08

Ramón Carballo Páez na data 31/03/2021 12:56:18

Carmen María Pomar Tojo na data 31/03/2021 12:56:53

José Alberto Pazos Couñago na data 31/03/2021 12:57:11

Marta Nóvoa Iglesias na data 31/03/2021 12:57:21

Manuel Santos Costa na data 31/03/2021 12:57:37

María Felisa Rodríguez Carrera na data 31/03/2021 12:57:43

María Corina Porro Martínez na data 31/03/2021 12:58:02

Paula Prado del Río na data 31/03/2021 12:58:12

María Elena Candia López na data 31/03/2021 12:58:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:03:05
Nº Rexistro: 13727
Data envio: 31/03/2021 13:03:05.928

grupo parlamentario popular de galicia

María Guadalupe Murillo Solís na data 31/03/2021 12:58:52

Rubén Lorenzo Gómez na data 31/03/2021 12:59:13

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 13:15:53
Nº Rexistro: 13786
Data envio: 05/04/2021 13:15:53.863

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione diante da insistencia no cuestionamento por parte do Consello de Europa da política lingüística da Xunta, nomeadamente no ensino, constatando que nada fixo conforme os requirimentos realizados por parte deste organismo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estado español ratificou en 2001 a Carta europea das linguas rexionais e minorizadas, un tratado internacional promovido polo Consello de Europa.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 13:15:53
Nº Rexistro: 13786
Data envio: 05/04/2021 13:15:53.863

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En decembro de 2019 o Comité de Ministros do Consello de Europa emitía un novo informe, o cuarto xa, en que advertía de forma reiterada sobre as graves deficiencias na política lingüística educativa da Xunta de Galiza que estaban a comprometer o progresivo avance da normalización do galego e, consecuentemente, o articulado da Lei de normalización lingüística.

Naquel informe, o Comité de Ministros do Consello de Europa advertía máis unha vez, baseándose nas estatísticas oficiais, da importante diminución do número de galegofalantes e da progresiva quebra acentuada da transmisión do noso idioma propio e oficial de pais a fillos, unha transmisión natural que xa non está garantida, o que afecta de forma significativa ao mantemento da proporción de alumnado con coñecemento do galego cando se incorpora ao ensino, o que converte este espazo como única contorna de aprendizaxe, nomeadamente nas áreas urbanas e periurbanas.

Asemade, este informe do Consello de Europa afirmaba que a presenza do galego era insuficiente no ensino, especialmente a nivel preescolar, para cuxa reversión propuxo eliminar as limitacións á docencia en galego que actualmente regula o Decreto 79/2010 de plurilingüismo.

Recentemente o goberno do Estado fixo pública a súa resposta aos requirimentos do Consello de Europa a través do "Informe sobre las recomendaciones de acción inmediata formuladas por el Comité de Ministros del Consejo de Europa en su Resolución de 11 de diciembre de 2019 en relación a la aplicación de la Carta Europea de Lenguas Regionales y Minoritarias".

Neste informe do Estado destácase que actualmente non hai limitacións ao ensino en galego en Galiza, como si verificou o Comité de Ministros, e que o éxito do modelo plurilingüe implantado desde 2010 está avalado por múltiples estudos e avaliacións.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 13:15:53
Nº Rexistro: 13786
Data envio: 05/04/2021 13:15:53.863

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A metodoloxía para a elaboración deste informe di asentarse na consulta ao goberno galego solicitando a súa colaboración para a redacción da resposta.

No entanto, da lectura do informe de resposta do Estado español tíranse algunhas inexactitudes a respecto da implantación do Decreto 79/2010 como que as dúas linguas oficiais reparten a docencia en porcentaxes iguais ou que non existen limitacións ao ensino do galego.

Por outra banda, xustifícanse estas afirmacións nos datos positivos expostos por supostos estudos científicos achegados polo goberno galego.

No BNG reiteradamente demandamos ao goberno que fixese públicos os resultados da avaliación anual a que obriga a Disposición adicional quinta do mencionado decreto, despois de finalizar cada curso, co obxectivo de "desenvolver cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias".

Mais o PP nunca achegou ningunha avaliación de contraste, polo que seguimos a descoñecer que avaliacións foron as entregadas polo goberno da Xunta ao goberno español.

Estes días pasados o Comité de Expertos do Consello de Europa vén de facer público un novo informe de avaliación a medio termo, correspondente ao 5º ciclo de avaliación da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, onde se constatan de novo os incumprimentos respecto ao galego xa referidos en informes anteriores e polo tanto non subsanados polos gobernos español e galego.

A respecto do ensino galego, o informe volve sinalar a gravidade da situación do noso idioma indicando que segundo o compromiso do Estado e da Xunta "o ensino debe

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 13:15:53
Nº Rexistro: 13786
Data envio: 05/04/2021 13:15:53.863

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ter o galego como lingua de instrución" e que "o marco legal actual é contrario aos compromisos do Estado español", polo que "non todas as limitación ao ensino en galego foron eliminadas" tal e como está comprometido. Neste sentido alerta sobre o feito de que o 23,9 % de menores de 15 anos non sexan capaces de se expresaren en galego.

O documento insta a informar das accións tomadas para cumprir o tratado antes do 1 de agosto de 2023.

Unha observación redundante que fai pensar na manipulación dos informes emitidos polo Estado ao Comité de Expertos a partir dos informes entregados pola Xunta de Galiza.

E todo isto na altura en que desde a sociedade, nomeadamente desde o amplo abano que constrúen as comunidades educativas, se está a ofrecer unha nova e consensuada Proposta de bases para a normalización do ensino en Galiza, que xa nos foi presentada aos grupos políticos durante a pasada campaña electoral.

Desde o pasado mes de febreiro o grupo parlamentario do BNG estamos a demandar quincenalmente á Mesa da Comisión de Educación e Cultura a incorporación, como punto da orde do día, da comparecencia dun representante dos diferentes colectivos que asinan a proposta mencionada para explicala neste Parlamento co obxectivo de dar cumprimento aos principios e fins desta cámara: o Parlamento representa o pobo de Galiza e constitúe a primeira das institucións da Comunidade Autónoma da que derivan todas as outras.

A resposta única por parte do PP, con maioría na Mesa da Comisión de Educación e Cultura, foi sempre negativa, vetando que os grupos parlamentarios poidamos coñecer de primeira man os contidos desta proposta civil e profesional,

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 13:15:53
Nº Rexistro: 13786
Data envio: 05/04/2021 13:15:53.863

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alternativa á actual, nada fóra do diálogo e consenso socioeducativo, aprobada de xeito unilateral polo PP e actualmente cuestionada de novo polo Consello de Europa que segue a demandar unha mudanza na política lingüística aplicada ao ensino galego co fin de reverter a perda de galegofalantes, así como de dar cumprimento aos acordos asinados coa Carta europea das Linguas Rexionais e Minorizadas.

Unha actitude negacionista impropia da Cámara de representación do pobo galego, pois mestres que a Mesa pola Normalización Lingüística, parte asinante da proposta pedagóxica citada, é consultada polo Consello de Europa, este Parlamento e a Xunta de Galiza se negan a escoitala contra o que sinala o propio Consello de Europa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar un proceso de diálogo coas organizacións asinantes da Proposta de bases para a normalización do ensino en Galiza co fin de reiniciar un tempo de mudanzas para a política lingüística no ensino conducentes a reverter a grave involución de galego falantes nas xeracións máis novas, así como cumprir co acordo asinado coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas."

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 13:15:53
Nº Rexistro: 13786
Data envio: 05/04/2021 13:15:53.863

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2021 12:55:50

Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/04/2021 12:56:06

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 13:15:53
Nº Rexistro: 13786
Data envio: 05/04/2021 13:15:53.863

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 05/04/2021 12:56:14

Rosana Pérez Fernández na data 05/04/2021 12:56:23

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/04/2021 12:56:31

Daniel Pérez López na data 05/04/2021 12:56:40

Iria Carreira Pazos na data 05/04/2021 12:56:49

Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2021 12:56:58

Daniel Castro García na data 05/04/2021 12:57:07

María del Carmen Aira Díaz na data 05/04/2021 12:57:15

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2021 12:57:23

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/04/2021 12:57:30

María González Albert na data 05/04/2021 12:57:37

Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2021 12:57:45

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2021 12:57:53

Alexandra Fernández Gómez na data 05/04/2021 12:58:00

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 13:15:53
Nº Rexistro: 13786
Data envio: 05/04/2021 13:15:53.863

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/04/2021 12:58:08

María do Carme González Iglesias na data 05/04/2021 12:58:15

Paulo Ríos Santomé na data 05/04/2021 12:58:21

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:16:30
Nº Rexistro: 13621
Data envio: 26/03/2021 10:16:30.035

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os colectivos non incluídos na priorización da vacinación fronte a covid-19 .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto na Estratexia estatal de vacinación fronte a Covid19 coma no Plan de vacinación da Xunta de Galiza estableceuse a progresiva administración da vacina a grupos de poboación de acordo con criterios de risco de contaxio por estar en primeira liña de loita contra o virus, desenvolver actividades esenciais, grupos vulnerábeis, e logo grupos de idade.

No grupo 3. “Outro persoal sanitario ou sociosanitario “, no apartado 3.B encádranse as persoas en activo non incluídas na categoría de primeira liña (grupo 2) que traballan en centros establecementos sanitarios e sociosanitarios. Priorizaranse de maneira específica, en función do risco de exposición a pacientes COVID-19 ou ao risco de transmisión. Así, no apartado 3B están:

-Persoal dos servizos de saúde pública implicados na xestión e resposta á pandemia non fora vacinado no grupo 2.

-Persoal sanitario e sociosanitario non vacinado con anterioridade, incluíndo servizos de inspección sanitaria, medicina legal e forense, consultas médicas privadas,

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:16:30
Nº Rexistro: 13621
Data envio: 26/03/2021 10:16:30.035

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos de axuda a domicilio, centros de menores e centros de día ou equivalentes así como estudantes sanitario e sociosanitario que realicen prácticas clínicas.

-Persoal sanitario dos seguintes colectivos: fisioterapeutas e terapeutas ocupacionais, persoal de oficinas de farmacia, protésicos dentais, logopedas e persoal de psicoloxía clínica. O resto do persoal sanitario vacinarase máis adiante.

-Traballadores de institucións penitenciarias (IIPP)

O persoal sanitario que presta os seus servizos no Instituto Social da Marina en Galiza, (médic@s, enfermeir@s, auxiliares de clínica) veñen denunciando que a pesares de que deberían estar incluídos neste grupo, non foron vacinad@s nin coñecen ningunha previsión para que sexan inmunizad@s, cando xa se lle ten administrado a vacina a grupos que están despois na prioridade de vacinación.

A mesma situación repítese co persoal do Servizo de Vixilancia Aduaneira (SVA) e co do Servizo de Gardacostas ; na actualización 3 da Estratexia estatal de vacinación fronte á COVID19, establécese un novo punto 6, no que se definen os colectivos en activo cunha función esencial para a sociedade, aparecendo numerados os mesmos: Grupo 6. Colectivos en activo con unha función esencial para a sociedade., Grupo 6A; Forzas e Corpos de Seguridade, Emerxencias e Forzas Armadas, incluíndo Garda Civil, Policía Nacional, Autonómica e Local, Bombeiros, técnicos das Forzas e Corpos de Seguridade, profesionais de Protección civil, Emerxencias e Forzas Armadas. Do mesmo xeito no Plan de Vacinación da Xunta Grupo 6: Colectivos cunha función esencial para a sociedade 6.A Forzas e Corpos de Seguridade, Emerxencias e Forzas Armadas.

O persoal do SVA e de Gardacostas debería estar neste grupo 6A, ao estar equiparadas as funcións que realizan coas anteriormente mencionadas.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:16:30
Nº Rexistro: 13621
Data envio: 26/03/2021 10:16:30.035

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

@s funcionarios e funcionarias do SVA ostentan a condición de Policía Xudicial e Policía fiscal no exercicio das súas funcións, as súas actuacións están encamiñadas na loita contra a circulación de drogas e a represión dos delitos de contrabando, branqueo de capitais, fraude fiscal etc.. No desempeño do seu traballo este persoal está en contacto, e en espazos reducidos, con persoas procedentes de diversos países das que a priori se descoñece o seu nivel de protección contra a Covid-19.

Pola súa parte o persoal do Servizo de Gardacostas no desempeño das súas funcións ten que acceder ao interior dos buques de pesca, normalmente espazos reducidos e sen ventilación, e manter un contacto estreito c@s traballador@s destes, ou relación tamén moi próxima con sectores caracterizados por non respectar normas, e polo tanto tampouco as de protección contra o virus, como é o do furtivismo. Foi declarado como persoal esencial pola Xunta e está encadrado no grupo de traballadores sen opción a teletraballo.

En Galiza estase vacinando ás forzas de seguridade e de emerxencias, polo que estes dous colectivos deberían encadrarse a efectos de vacinación tamén no grupo 6A.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta o Goberno galego a tomar todas as medidas precisas para incluír a estes tres colectivos nos grupos de vacinación cos que teñen equiparación: persoal do Instituto Social da Mariña (ISM) no 3B, e o persoal do Servizo de Vixilancia Aduaneira (SVA) e do Servizo de Gardacostas no 6A."

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:16:30
Nº Rexistro: 13621
Data envio: 26/03/2021 10:16:30.035

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/03/2021 10:07:32

Iria Carreira Pazos na data 26/03/2021 10:07:35

María Montserrat Prado Cores na data 26/03/2021 10:07:46

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:50:07
Nº Rexistro: 13626
Data envio: 26/03/2021 10:50:07.953

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres,** e deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as instalacións provisorias instaladas na OU-540 no concello de Barbadás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai aproximadamente cinco meses na contorna do p.k 4,200 (coordenadas 42º, 18´02.3” N, 7º 52´42.1”W) da estrada OU-540 entre Ourense e a Fronteira Portuguesa de A Madalena no treito que conduce, entre outros destinos, á incorporación coa A-52, existen numerosas barreiras provisionais de obra; sen que conste a concreta obra que xustifica tales barreiras, nin que se aprecie a existencia de avances nesas hipotéticas obras.

O certo é que o estado que presenta o devandito treito condiciona non só á normal circulación polo mesmo, senón que tamén compromete á propia seguridade das persoas que transitan por esa vía. A instalación de decenas de barreiras provisionais de obra imposibilita tanto a velocidade xenérica na vía, como tamén o número de carrís practicábeis, sen que conste xustificación a tal restrición que xa dura varios meses.

Sendo a Xunta de Galiza, en canto titular da vía, a responsábel do mantemento da estrada OU-540 nas mellores condicións de seguridade, así como da instalación e conservación dos sinais e marcas viarias, procede analizar o estado actual da estrada, da

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:50:07
Nº Rexistro: 13626
Data envio: 26/03/2021 10:50:07.953

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

execución das obras, no seu caso, contratadas e a razón da total inactividade nas mesmas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a axilizar o remate das obras da mellora na estrada OU-540, Ourense-Fronteira Portuguesa, no treito sito nas proximidades do p.k. 4,2 e a súa inmediata posta en servizo ordinario en condicións de seguridade e totalidade do seus carrís de circulación."

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/03/2021 10:36:45

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:50:07
Nº Rexistro: 13626
Data envio: 26/03/2021 10:50:07.953

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2021 10:36:48

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/03/2021 10:36:59

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:55:48
Nº Rexistro: 13631
Data envio: 26/03/2021 10:55:48.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma do Regulamento de Control da pesca que vén de aprobarse recentemente polo pleno da eurocámara, é a penúltima estocada ao sector pesqueiro galego e, nomeadamente, á súa frota artesanal.

É a única norma da Política Pesqueira Común (PPC) que estaba pendente de actualización e xa vén sendo dende o ano 2010 un dos seus eixos centrais para levar a cabo o monitoreo e a inspección das actividades pesqueiras nas augas comunitarias.

A modificación agora aprobada, que aínda non é definitiva e que se prevé que non entre en vigor antes do ano que vén, inclúe, entre outras, medidas como as seguintes:

- Establece cámaras a bordo para controlar as capturas e o cumprimento dos descartes para buques de máis de 12 metros. Serán, en principio, voluntarias agás para os buques que ”probabelmente non cumpran” ou que representen un “grave risco de incumprimento”. Conceptos que non son claros e que quedan agora á espera de que o Consello fixe os criterios exactos.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:55:48
Nº Rexistro: 13631
Data envio: 26/03/2021 10:55:48.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aqueles buques que adopten esta medida voluntariamente terán "incentivos", como por exemplo a asignación de cotas adicionais ou a eliminación dos puntos de infracción. Unha orientación claramente capciosa que pretende converter a "voluntariedade" en clara obriga.

- Impón a xeolocalización permanente de toda a frota de máis de 4 metros, incluída a recreativa, co pretexto da seguridade da mesma.

- Obriga a levar un diario electrónico de pesca (DEA) a bordo a todos os buques de máis de 4 metros para que notifiquen dende o barco as súas capturas.

Esta normativa volve ignorar por completo a realidade da frota galega e a súa singularidade: O tamaño dos seus barcos, as zonas onde habitualmente faenan, a duración das mareas, o xeito de faenar e mesmo a operativa da venda do produto.

Galiza, malia ás sucesivas normativas da Unión Europea e do Estado español, segue a contar cunha das principais frotas de Europa e a primeira do Estado. Posúe preto de 4.000 barcos de artes menores, dos que a inmensa maioría son de menos de 12 metros de eslora, pesca maioritariamente nas rías e, por tanto, con mareas inferiores a 24 horas, de xeito agrupado no caso dos miles de mariscadores e mariscadoras a frote e onde o propietario coincide case sempre co patrón, que tamén é a persoa que realiza as capturas e que, logo, ponnas á venda en lonxas onde se pesan e rexistran.

Unha frota, pois, que non ten parangón e que aínda así segue a insistirse en equiparala a outras pola obsesión normativizadora e uniformizadora da Unión Europea que, mesmo a día de hoxe, segue considerando aos buques de eslora maior a 12 metros ou con artes non consideradas artesanais como industrial.

Un despropósito que só ten en conta os metros de eslora para encadrar a pesca en artesanal ou industrial e que, de novo, non atende ás peticións do sector pesqueiro

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:55:48
Nº Rexistro: 13631
Data envio: 26/03/2021 10:55:48.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galego de contemplar tamén outros criterios como a distancia do caladoiro, a duración máxima das mareas, a utilización de artes de pesca sostíbeis ou o número máximo de tripulantes a bordo.

Este Regulamento é, en definitiva, unha nova norma que incide en presentar a todo un sector como sospeitoso permanente, como presunto delincuente habitual e como depredador dos propios recursos que lle dan sustento. Doutro xeito non se entende a lamentábel actuación da Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e de Pesca (DG Mare), organismo que precisamente é o encargado de velar polos intereses da frota europea, ao tentar interferir no sentido do voto dos eurodeputados por medio dunha "nota aclaratoria" que criticaba abertamente a posición adoptada previamente pola Comisión de Pesca e tratando de endurecela aínda máis.

As decisións da UE trouxeron sistematicamente non só a redución da frota e do número de empregos no sector senón tamén a desaparición paulatina dun modelo propio do noso país. A hiperregulación aplicada só vén beneficiando á grande pesca industrial e agora o Regulamento de Control é un elo máis da cadea que realmente ten como pano de fondo o sometemento da frota artesanal a TACs e cotas das principais especies das que depende (xarda, xurelo, pescada, raio, abadeixo, sardiña ...) e que non lle garante un mínimo para a supervivencia.

Coa escusa de manter a actividade pesqueira e contribuír á sostibilidade ambiental, económica e social das comunidades costeiras a longo prazo, a PPC ignora precisamente a súa escasa incidencia medioambiental e a súa grande importancia como xeradora de emprego nas poboacións costeiras das rexións altamente dependentes da pesca, como é o caso de Galiza.

As medidas deberían ir xustamente no sentido contrario e dende todas as administracións, nomeadamente dende a galega que sobre esta última decisión da UE

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:55:48
Nº Rexistro: 13631
Data envio: 26/03/2021 10:55:48.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nin sequera se pronunciou explicitamente malia a ter as competencias en augas interiores e, por tanto, poder desenvolver plans de xestión para a frota artesanal que permitan a diversificación da actividade e a xestión dos recursos de xeito responsábel e sostíbel, ademais de poder destinar axudas para poñer en valor esta actividade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Demandar do Goberno do Estado, de cara á tramitación aínda pendente, a defensa clara da frota artesanal galega:

1.- Opoñéndose ás medidas que contempla o Regulamento de Control da pesca, nomeadamente a inclusión das cámaras a bordo, a imposición da xeolocalización e a obriga do diario electrónico de pesca.

2.- Propoñendo medidas alternativas e non invasivas dialogadas co sector.

3- Impulsando a modificación da definición de frota artesanal tendo en conta os criterios que vén formulando o propio sector dende hai anos.

4.- Levando a cabo todas as actuacións precisas para excluír a frota artesanal do sistema de TACs e cotas.

5.- Negociando unha maior dotación dos fondos europeos, nomeadamente do FEMPA, para atender a eventual obrigatoriedade dos mecanismos de control recollidos agora no Regulamento sen que vaian a conta de partidas destinadas a outras necesidades do sector nin, en ningún caso, do propio sector.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:55:48
Nº Rexistro: 13631
Data envio: 26/03/2021 10:55:48.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dar a coñecer publicamente o seu posicionamento sobre o Regulamento de Control da pesca que vén de aprobarse no Parlamento europeo

- Exercer as súas propias competencias en augas interiores e aplicar as normas de control propias.

- Elaborar as previsións económicas que permitan, no caso de que se aprobe finalmente nos mesmos termos o Regulamento de Control, atender os custos da implementación das medidas."

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 26/03/2021 10:54:33

María do Carme González Iglesias na data 26/03/2021 10:54:37

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 10:55:48
Nº Rexistro: 13631
Data envio: 26/03/2021 10:55:48.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 26/03/2021 10:54:45

Ana Pontón Mondelo na data 26/03/2021 10:54:59

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:09:15
Nº Rexistro: 13637
Data envio: 26/03/2021 12:09:15.776

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Trasladar ao Goberno de España a necesidade de manter, como infraestruturas irrenunciables, todas as variantes ferroviarias previstas da liña Lugo-Ourense, en particular, a dos Peares e Rubián, có fin de que a provincia lucense non quede sen alta velocidade.
2. Trasladar ao Goberno de España a urxencia de dar un decidido impulso ás melloras na liña ferroviaria entre Lugo e Ourense, licitando e adxudicando as actuacións pendentes, avanzando na tramitación administrativa dos proxectos que fagan posible a chegada da alta velocidade ferroviaria a Lugo e concretando, para cada un das obras pendentes, un cronograma crible e o orzamento comprometido para a súa posta en servizo.

3. Manter, como veu facendo ata o de agora, o seu labor de vixilancia sobre os investimentos estatais e o cronograma previsto para que o remate desta

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:31:13
Nº Rexistro: 13644
Data envio: 26/03/2021 12:31:13.905

grupo parlamentario popular de galicia

infraestrutura estratéxica para Galicia e, moi en particular, para a provincia de Lugo.

4. Có obxecto de facilitar esta labor de seguimento, demandar do Ministro de Transportes que manteña o compromiso do anterior Ministro de efectuar visitas de periodicidade trimestral a Galicia con información dos avances das obras".

Santiago de Compostela, 26 de marzo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/03/2021 12:26:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:31:13
Nº Rexistro: 13644
Data envio: 26/03/2021 12:31:13.905

grupo parlamentario popular de galicia

María Elena Candia López na data 26/03/2021 12:27:02

José Manuel Balseiro Orol na data 26/03/2021 12:27:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/03/2021 12:27:36

Ramón Carballo Páez na data 26/03/2021 12:27:51

Cristina Sanz Arias na data 26/03/2021 12:28:06

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/03/2021 12:28:28

Daniel Vega Pérez na data 26/03/2021 12:28:53

Raquel Arias Rodríguez na data 26/03/2021 12:29:11

Diego Calvo Pouso na data 26/03/2021 12:29:29

María Sol Díaz Mouteira na data 26/03/2021 12:29:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/03/2021 12:29:56

Carmen María Pomar Tojo na data 26/03/2021 12:30:06

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/03/2021 12:30:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:44:01
Nº Rexistro: 13649
Data envio: 26/03/2021 12:44:01.670

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e deputados, **Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

O pasado ano 2020 o Grupo Socialista elaborou varias iniciativas sobre a situación dos menores tutelados no centro Santo Anxo de Rábade.

Dende a Consellería de Política Social responderon que accederían á petición de reunión por parte do equipo educativo do centro. Atopámonos a 26 de marzo de 2021 e dende o propio equipo educativo continúan sen resposta ou atención por parte da Consellería de Política Social.

Segundo a Administración competente do Programa de Acollemento residencial, os centros de menores son fogares alternativos nos cales, de feito temporal, cóidanse aos menores que residen nos mesmos, ou ben, mediante o apoio preciso durante determinadas horas do día aínda que continúen residindo nalgúns casos coas súas familias. A titularidade e xestión é competencia da consellería de Política Social. A finais do ano 2020 o Grupo Socialista preguntou no parlamento á Conselleira de Política Social sobre este asunto, e soubemos que existiría unha reunión, en concreto o día 13 de xaneiro de 2021, da Dirección Xeral co equipo do centro Santo Anxo de Rábade. Ao parecer dita reunión foi suspendida a instancia da propia Dirección Xeral.

O pasado ano, a través dos medios de comunicación, puxéronse de manifesto problemas importantes en canto á xestión nos centros de menores en Galicia. En concreto o de Santo Anxo de Rábade está a vivir problemas de conducta nos menores que dificultan e poñen en perigo o traballo de profesionais e que dificulta a calidade e o propio benestar dos menores.

Tendo en conta que o benestar dos menores e a súa propia seguridade é primordial, así como o traballo e seguridade do persoal laboral do centro,

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:44:01
Nº Rexistro: 13649
Data envio: 26/03/2021 12:44:01.670

consideramos vital que a Consellería de Política Social analice a xestión e tome medidas para solucionar a situación e blindar o benestar e a conducta dos menores.

É preocupante a fraxilidade do interese superior dos menores cando en numerosas ocasións despois de ingresar en Rábade cunha tutela ou garda, derivaron a un centro de reforma con causas xudiciais.

Dende o Grupo Socialista consideramos que é un tema fundamental e non pode agardar máis, polo que instamos á Consellería a que aporte información ao respecto.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que a Consellería de Política Social, programe de inmediato unha visita ou reunión co equipo educativo do centro de menores Santo Anxo de Rábade para coñecer a situación e actuar a través de medidas con inmediatez."

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Luis Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 26/03/2021 12:38:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/03/2021 12:38:33

Julio Torrado Quintela na data 26/03/2021 12:38:48

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:44:01
Nº Rexistro: 13649
Data envio: 26/03/2021 12:44:01.670

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Gonzalo Caballero Míguez na data 26/03/2021 12:38:56

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:58:07
Nº Rexistro: 13654
Data envio: 26/03/2021 12:58:07.774

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Cristina Sanz Arias, Paula Prado del Rio, Pedro Puy Fraga, José Luis Ferro Iglesias, Guadalupe Murillo Solís, Sandra Vázquez Domínguez e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 3ª Economía, facenda e orzamentos.**

Exposición de Motivos:

Despois dunha longa espera, o Consello de Ministros aprobou o pasado 12 de marzo un plan de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta a pandemia da covid-19. Desafortunadamente esta iniciativa chega tarde e conta cunha contía económica menor á esperada, pero ademais o Goberno central está a penalizar ás empresas e aos autónomos galegos xa que decidiu aplicar criterios de reparto diferentes aos habituais no sistema de financiamento ás Comunidades Autónomas, polo que Galicia recibirá ao redor de 110 millóns de euros menos.

Outra das eivas deste instrumento de apoio é que non inclúe a todos os sectores castigados pola pandemia. De feito, a modo de exemplo, cómpre citar que no anexo I do Real Decreto Lei 5/2021 no están recollidos como posibles beneficiarios das axudas actividades como o sector pesqueiro, a elaboración de viños e cervexas, a fabricación de estruturas e pezas de madeira e mobles, o sector contract, os concesionarios e os talleres de vehículos, as estacións de servizo, os salón de peiteado e estética, as librarías, as florerías, as ortopedias, as ópticas, as xugueiras, as tendas de souveniers ou de segunda mano, os establecementos de artigos deportivos, os centros de ensino, as autoescolas ou os servizos de catering, entre outras.

En consecuencia, o Goberno central está a incumprir o expresado na propia exposición de motivos destes apoios onde se indica que o obxecto desta iniciativa é poñer en marcha axudas directas ás empresas e autónomos cuxa actividade viuse máis negativamente afectada pola pandemia.

En palabras da ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, Nadia Calviño, logo das críticas recibidas, asegurou que estarían dispostos a estudar a incorporación de novas actividades, sempre que se trate de inxectar diñeiro público nas empresas que máis o precisen e, polo tanto, hai unha oportunidade para corrixir esta

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:58:07
Nº Rexistro: 13654
Data envio: 26/03/2021 12:58:07.774

grupo parlamentario popular de galicia

exclusión. Por lóxica, para que sexa unha medida efectiva, a incorporación de novas actividades debería traer aparellado un incremento do orzamento.
O Grupo Popular de Galicia, logo de escoitar aos representantes de empresarios e autónomos da nosa Comunidade, esixe que todas os sectores e actividades económicas afectadas pola pandemia da covid-19 poidan acceder a estas axudas directas para garantir a súa supervivencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado:

1) Máxima urxencia na tramitación e sinatura do convenio coa Xunta de Galicia para a transferencia de fondos derivado do *Real Decreto-ley 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoyo a la solvencia empresarial en respuesta a la pandemia de la COVID-19,* para unha maior axilidade e eficiencia das axudas.

2) Modificación dos criterios de reparto para que non penalice na distribución dos fondos á Comunidade galega, achegando, conforme ao sistema de financiación autonómica e á porcentaxe de persoas traballadoras autónomas existentes en Galicia, un mínimo de 340 millóns de euros.

3) Ampliar os CNAES previstos no *Real Decreto-ley 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoyo a la solvencia empresarial en respuesta a la pandemia de la COVID-19* a outras actividades non incluídas e que pertencen a sectores moi afectados polo impacto da covid-19.

4) Reconsiderar os requisitos de xustificación de gasto previstos no *Real Decreto-ley 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoyo a la solvencia empresarial en respuesta a la pandemia de la COVID-19,* por tratarse dunha norma que regula axudas directas ás empresas e aos profesionais que deben chegar coa maior celeridade posible.

5) Revisar o criterio de exclusión das axudas a aquelas empresas que conten cun resultado negativo dun só ano, no exercicio de 2019, así como o que este criterio sexa incondicionado, sen ter en conta outros parámetros.

Santiago de Compostela, 25 de marzo do 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:58:07
Nº Rexistro: 13654
Data envio: 26/03/2021 12:58:07.774

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/03/2021 12:52:07

Cristina Sanz Arias na data 26/03/2021 12:52:23

Paula Prado del Río na data 26/03/2021 12:52:43

José Luis Ferro Iglesias na data 26/03/2021 12:53:03

María Guadalupe Murillo Solís na data 26/03/2021 12:53:27

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/03/2021 12:53:46

Manuel Santos Costa na data 26/03/2021 12:54:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 13:50:39
Nº Rexistro: 13655
Data envio: 26/03/2021 13:50:39.196

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Cristina Sanz Arias, Paula Prado del Rio, Pedro Puy Fraga, José Luis Ferro Iglesias, Guadalupe Murillo Solís, Sandra Vázquez Domínguez e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 3ª Economía, facenda e orzamentos.**

Exposición de Motivos:

Despois dunha longa espera, o Goberno central vén de aprobar un plan de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta a pandemia da covid-19. Desafortunadamente esta iniciativa chega tarde e conta cunha contía menor á esperada.

A maiores, o Executivo central está a penalizar ás empresas e aos traballadores autónomos galegos, xa que decidiu aplicar outros criterios de reparto diferentes aos habituais, que supoñen para Galicia, como mínimo, 110 millóns de euros menos, un terzo do que realmente lle correspondería nun reparto xusto.

Esta é unha decisión arbitraria, con criterios subxectivos, que se elixen porque mellor se acomodan os seus intereses e o único que xeran é desconfianza e inestabilidade.
Outra das eivas deste instrumento de apoio é que un dos sectores máis castigados pola pandemia -os profesionais dos salóns de peiteado, barbaría e centros de estética- non están incluídos no anexo I do Real Decreto Lei que recolle estas axudas e, polo tanto, están excluídos como posibles beneficiarios das mesmas.

En consecuencia, o Goberno central está a incumprir o expresado na propia exposición de motivos destes apoios onde se indica que o obxecto desta iniciativa é poñer en marcha axudas directas ás empresas e autónomos cuxa actividade viuse máis negativamente afectada pola pandemia.

En palabras da ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, Nadia Calviño, logo das críticas recibidas, asegurou que estarían dispostos a estudar a incorporación de novas actividades, sempre que se trate de inxectar diñeiro público nas

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 13:50:39
Nº Rexistro: 13655
Data envio: 26/03/2021 13:50:39.196

empresas que máis o precisen e, polo tanto, hai unha oportunidade para corrixir esta exclusión.

Por lóxica, para que sexa unha medida efectiva, a incorporación de novas actividades debería traer aparellado un incremento do orzamento.

Cómpre salientar que os salóns de peiteado representan un importante sector económico do tecido empresarial do noso país. Durante os últimos anos estes profesionais veñen atravesando unha notable crise, que se veu agravada coa chegada da pandemia da covid-19.

As restricións derivadas da situación sanitaria e a práctica desaparición de celebracións e eventos festivos, están abocando á desaparición a centos de profesionais e empresas do sector.

Só en Galicia, o impacto da crise sanitaria provocou o peche de máis 300 negocios de peiteado e unha caída na súa facturación que supera o 30%. Estes negocios, na súa maioría pequenas e medianas empresas, supoñen un número considerable de postos de traballo, especialmente emprego feminino.

Cabe destacar tamén, o esforzo realizado polo sector para adaptarse á normativa recomendada polas autoridades sanitarias, o que supuxo un importante investimento que, aínda que apoiados pola administración autonómica, tiveron que asumir en parte.

O Grupo Popular, logo de escoitar ao sector, promoveu recentemente un acordo do Parlamento de Galicia para instar ao Goberno central a reducir o IVE vixente do 21% ao 10%. Iniciativa aprobada pola Cámara coa abstención do PSOE.

Ademais, as dúas convocatorias do plan de rescate promovido pola Xunta de Galicia para autónomos e microempresas incorporaron entre os seus beneficiarios aos profesionais do sector.

A exclusión do acceso ás axudas do Estado, engadido ao que acabamos de expoñer, permite obter unha nítida imaxe do abandono do PSOE a este sector, totalmente o contrario do que leva facendo o Goberno galego.

A aplicación deste IVE reducido sumado a articular o acceso a estas axudas estatais, das que neste momento están excluídas, suporía unha importante inxección de liquidez, nun momento vital para garantir o seu futuro e o dos postos de traballo que manteñen.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 13:50:39
Nº Rexistro: 13655
Data envio: 26/03/2021 13:50:39.196

grupo parlamentario popular de galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno do Estado

1.-) Incluír ao sector de salóns de peiteado, barbarías e centros de estética no listado de Actividades Económicas incluídas no Anexo I do Real Decreto-lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da COVID-19, para que as empresas deste sector que cumpran cos requisitos sexan susceptibles de percibir axudas directas para garantir a súa supervivencia.

2.-) Dar cumprimento ao acordo acadado no Congreso dos Deputados e proceda a modificar a normativa vixente sobre o imposto sobre o valor engadido (IVE) co fin de aplicar un tipo reducido do 10% aos servizos de salón de peiteado, barbaría e estética.

Santiago de Compostela, 26 de marzo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/03/2021 13:43:04

Cristina Sanz Arias na data 26/03/2021 13:43:57

Paula Prado del Río na data 26/03/2021 13:44:16

José Luis Ferro Iglesias na data 26/03/2021 13:44:42

María Guadalupe Murillo Solís na data 26/03/2021 13:44:52

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/03/2021 13:45:08

Manuel Santos Costa na data 26/03/2021 13:45:33

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 10:58:25
Nº Rexistro: 13662
Data envio: 29/03/2021 10:58:25.316

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á dotación de persoal e horarios do centro de saúde de Novo Mesoiro, na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez que en sede parlamentaria o BNG quere debater a situación do Centro de Saúde de Novo Mesoiro na Coruña.

Van catro anos desde que se presentaron as últimas iniciativas e pouco cambiaron as circunstancias polas que a aquela altura se formulaban as propostas.

E malia que xa entón se advertía que a precariedade do servizo era evidente, e o horario insuficiente, a única mellora adquirida foi a ampliación parcial do servizo de pediatría.

E dicimos mellora parcial, xa que logo, a ampliación citada consistiu en dotar dunha persoa máis este servizo, que non significa permanente, pois nin nas vacacións, nin nos permisos, nin nas baixas, esta praza é debidamente cuberta por persoal que a substitúa e, consecuentemente, a situación dun servizo insuficiente volve a se reiterar.

No momento do debate se 2017 falabamos que o Centro de Saúde atendía a unha poboación aproximada de 12.000 persoas; hoxe en día é, segundo o padrón continuo a 1 de xaneiro de 2020, atende a 12.242 persoas. E se falabamos, a aquela

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 10:58:25
Nº Rexistro: 13662
Data envio: 29/03/2021 10:58:25.316

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

altura, de que a poboación infantil era aproximadamente de máis de 1.800 nenas e nenos só no barrio de Novo Mesoiro (un dos barrios da área de atención do Centro), e segundo os mesmos datos da fonte anteriormente citada, as nenas e nenos de 14 ou menos anos ascende hoxe a 2.095 persoas. Preguntámonos canta poboación mínima é necesaria no conxunto para atender de forma axeitada as 2.095 nenas e nenos que hoxe hai en tan só un dos barrios da área de influencia deste Centro de Saúde.

Queremos lembrar que a zona de influencia atende ao barrio de Novo Mesoiro, aos núcleos poboacionais de Feáns, Mesoiro, Vío, Elviña, Castro de Elviña e parte da Zapateira e a Urbanización de Breogán e Urbanización do Obradoiro, entre outras, e sen contar núcleos e casas diseminados desta única zona semirrural do municipio da Coruña.

Asemade, e continuando coas eivas de atención, cómpre relatar que este Centro só ten horario de atención polas mañás, en horario de 8.00 h a 15.00 h, e só é empregado un dos andares do centro, o andar baixo, estando o primeiro andar infrautilizado.

A veciñanza do barrio citado, e dos demais núcleos e urbanizacións, leva anos demandando que se aumenten os servizos do Centro de Saúde, ante unha situación evidente, e que xera circunstancias de tal paradoxo como que moitas das persoas da área de influencia do centro teñan que solicitar, ou xa son derivadas automaticamente, a atención noutros centros de saúde da cidade, ou mesmo, por iniciativa propia polas circunstancias, xa non cambien no que están rexistrados cando deciden ir vivir para esta contorna periférica da Coruña. Denuncian que, a pesar de ser un barrio que aumenta en poboación, que ten un dos maiores índices de nacementos de toda Galiza, con máis nenas e nenos en idade escolar da Coruña, teñen esa carencia importante deste servizo público. E denuncian que tampouco teñen servizo de transporte público directo a outros

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 10:58:25
Nº Rexistro: 13662
Data envio: 29/03/2021 10:58:25.316

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

centros de saúde, onde son derivados pola falta de servizo do propio, ou aos centros de especialidades médicas da Cidade ou ao propio Chuac.

As súas demandas son básicas, ademais de ser as mesmas desde que comezaron a reivindicar as melloras do servizo: a verdadeira consolidación do servizo de pediatría, cubrindo realmente baixas, vacacións ou permisos, a dotación dunha praza máis no servizo de matrona, a dotación dunha praza máis para o servizo do médico de familia, a dotación dunha praza máis para o servizo de enfermería, a dotación dunha praza máis para os servizos administrativos e a apertura dos servizos e de atención ao público en horario de tarde.

É preciso dotar este barrio dunha cobertura sanitaria acorde ás súas necesidades dado que as instalacións do centro de saúde son novas e conta con toda unha planta baleira.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dotar o centro de saúde de Novo Mesoiro co cadro de persoal preciso para dar cobertura sanitaria a todas as persoas da súa área de influencia e de xeito inmediato, consolidando o servizo de pediatría, cubrindo realmente baixas, vacacións ou permisos, e dotando dunha praza máis ao servizo de matrona, de médico de familia, de enfermería, dotando cunha praza máis aos servizos administrativos e ampliando a apertura dos servizos e de atención ao público en horario de tarde."

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 10:58:25
Nº Rexistro: 13662
Data envio: 29/03/2021 10:58:25.316

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 29/03/2021 10:41:50

María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2021 10:41:54

Iria Carreira Pazos na data 29/03/2021 10:42:02

Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2021 10:42:13

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 12:28:33
Nº Rexistro: 13667
Data envio: 29/03/2021 12:28:33.403

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Ata o 23 de febreiro de 2021, o Goberno da Xunta de Galicia defendía unha revisión do Plan forestal que sometía á aprobación no pleno do Parlamento de Galicia, un plan que non estaba debatido co sector, que non pasara por un proceso de participación, que non tiña unha diagnose da situación do monte galego e non establecía o modelo que desexabamos ter para os vindeiros anos de desenvolvemento do plan.

A Consellería do Medio Rural planificaba un aumento da superficie de eucalipto nun 3 % con respecto á superficie actual para o primeiro quinquenio do plan "2021-2025", para verse reducida nun 5 % no cuarto quinquenio de desenvolvemento do dito plan. Cabe destacar que a superficie de eucalipto actual non queda establecida nin tan sequera estimada no plan aprobado.

O 23 de febreiro de 2021, o conselleiro do Medio Rural anunciou unha suspensión temporal de novas plantacións de eucalipto, alí onde non se plantar a dita especie no momento da suspensión, esta decisión que contradicía o establecido no plan que acababan de presentar, non tivo explicación de ningún tipo, nin técnica nin económica.

A intención de levar a cabo a suspensión da plantación de eucalipto, foi ratificada polo presidente da Xunta de Galicia dous días despois, xustificando esta medida por unha aposta pola diversificación do monte e para frear o impacto desta especie. Ademais, dixo, que permitiría deter a caída constante e continua do prezo do metro cúbico da madeira procedente desta árbore. A dita suspensión anunciouse "en diferido" sen data concreta de aplicación, establecendo como data inicial a aprobación da Lei de recuperación de terra agraria, aínda en proceso parlamentario.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 12:28:33
Nº Rexistro: 13667
Data envio: 29/03/2021 12:28:33.403

Nesa mesma data publicouse a orde de modelos silvícolas e de xestión forestal, a adhesión a un destes modelos é obrigatoria para aqueles que desexen ter un aproveitamento madeireiro de carácter comercial, cando teñan terreos de 15 ou menos hectáreas de superficie. Nesta orde elimínanse os vetos para a plantación de eucalipto na zona interior de Lugo, pero establécense distritos preferentes nos que non está a dita zona, e polo tanto, poderán plantar *nitens*, sempre e cando sexa aprobado polos técnicos da Administración.

A anunciada suspensión por parte do Goberno galego da plantación de novas superficies de eucalipto, alí onde non estiver plantado antes da moratoria, non sabemos en que data entrará en vigor, nunha Galicia que segundo algunhas afirmacións podería ter na actualidade ata 600.000 Ha de eucalipto sen que os diferentes gobernos do Partido Popular tomasen ningunha medida eficaz para que deixase de medrar exponencialmente a súa presencia no noso territorio, e quedaría en vigor ata final do ano 2025.

Dende hai un mes aproximadamente que tivo lugar o dito anuncio, son numerosas as chamadas de múltiples concellos do noso territorio e da veciñanza que nos informan de que os viveiros de Galicia teñen esgotadas as plantas de eucalipto e que se están a facer talas indiscriminadas de zonas de pino e outras especies por todo o noso territorio, para plantar eucalipto antes de que comece a suspensión.

Coñecedores da inacción histórica do Goberno galego no control das ditas plantacións incluso en terras agrarias, cómpre que ante unha suspensión que se anuncia sen data de comezo, que incide no mercado da madeira dun xeito irresponsable para un goberno que di crer na liberdade de mercado e que está a tirar polo chan o prezo da madeira de pino nun momento de crise como a actual, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal debe tomar medidas para non seguir incidindo negativamente nos intereses dos propietarios no mercado da madeira e non se leve a cabo unha plantación masiva de eucalipto sen control neste período de espera.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 12:28:33
Nº Rexistro: 13667
Data envio: 29/03/2021 12:28:33.403

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a tomar medidas para evitar a tala masiva de montes para a plantación de eucalipto antes da chegada da suspensión anunciada e para evitar a caída de prezos do piñeiro ocasionados polo dito anuncio.

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 29/03/2021 12:24:30

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/03/2021 12:24:45

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/03/2021 12:25:05

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 13:50:37
Nº Rexistro: 13686
Data envio: 29/03/2021 13:50:37.317

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez** e **Elena Suárez Sarmiento,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A Constitución Española, establece no apartado 2 do artigo 40 o deber dos poderes públicos de velar pola seguridade e hixiene no traballo como un dos principios reitores da política social e económica.

Este mandato constitucional leva aparellada a necesidade de desenvolver unha política de protección da saúde dos traballadores mediante a prevención dos riscos derivados do seu traballo.

En Galicia, este deber constitucional, ten a súa máxima expresión no Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), un organismo autónomo e técnico en materia de prevención de riscos laborais que ten como principais obxectivos a xestión e a coordinación das políticas que establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.

O ISSGA estende a súa actuación a todas as empresas e á totalidade de persoal traballador, mulleres e homes, respecto dos centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as administracións públicas e o persoal ao

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 13:50:37
Nº Rexistro: 13686
Data envio: 29/03/2021 13:50:37.317

seu servizo. Na súa actuación inclúe especificamente as cooperativas de traballo asociado e as demais cooperativas en relación cos seus socios e socias de traballo. Así mesmo, este organismo autónomo, leva a cabo actividades de promoción da prevención de riscos laborais en relación coas traballadoras e os traballadores por conta propia e co conxunto da poboación, prestándolles especial atención ás actividades de prevención dirixidas a pequenas e medianas empresas.

Este labor, cobra máis sentido se cabe, no contexto socioeconómico actual marcado pola irrupción da covid-19.

En consecuencia, desde o primeiro momento da pandemia, o ISSGA realizou, no eido da prevención da transmisión da covid-19 no ámbito laboral, un traballo que perseguía fundamentalmente dous obxectivos, en primeiro lugar, acompañar ao tecido empresarial galego con medidas de diagnose e análise e a implementación de plans de acción orientados a garantir a seguridade e saúde laboral nos centros de traballo, con especial atención ás pemes e os autónomos ante o actual contexto, e en segundo lugar, prestar asesoramento e asistencia técnica cun alto grado de especialización tanto no ámbito público como no privado.

Esta acción, materializase a través de actuacións específicas como a elaboración e difusión da guía e o folleto "Chaves para a prevención da COVID-19 na túa empresa", para dar resposta ás principais dúbidas ante un posible contaxio nun centro de traballo, especialmente destinados a pemes, micropemes e persoas traballadoras autónomas. Ou a campaña de sensibilización “Teletraballa con prevención”, entre outras.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 13:50:37
Nº Rexistro: 13686
Data envio: 29/03/2021 13:50:37.317

grupo parlamentario popular de galicia

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- continuar avanzando no traballo integral de prevención de riscos laborais que ten desenvolvido nos últimos anos o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), coa participación activa dos axentes sociais.

2.- Seguir actualizando de forma permanente os protocolos de prevención laboral para fomentar as medidas necesarias na industria e o comercio para continuar coa súa actividade, ante o novo escenario xerado pola covid-19.

3.- Poñer en marcha novas campañas de sensibilización no ámbito de actuación do ISSGA, e dar visibilidade ás xa existentes e especificamente ás desenvoltas ao longo deste ano".

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 13:50:37
Nº Rexistro: 13686
Data envio: 29/03/2021 13:50:37.317

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/03/2021 13:37:03

José Manuel Balseiro Orol na data 29/03/2021 13:37:19

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/03/2021 13:37:28

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/03/2021 13:37:43

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 29/03/2021 13:38:02

José Alberto Pazos Couñago na data 29/03/2021 13:38:10

Noelia Pérez López na data 29/03/2021 13:38:22

María Corina Porro Martínez na data 29/03/2021 13:38:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/03/2021 13:38:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 13:51:10
Nº Rexistro: 13688
Data envio: 29/03/2021 13:51:10.826

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Borja Verea Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos

A partires do próximo 1 de xuño de 2021 serán de aplicación importantes cambios na factura da luz, comezando a operar o novo sistema de tarifas eléctricas do Goberno Central.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) remitiu, a principios do mes de marzo, o proxecto da orde pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultan de aplicación a partir do próximo 1 de xuño de 2021; así como a memoria do análise de impacto normativo de dito proxecto con aplicación desde o pasado 1 de xaneiro.

Este proxecto de orde desenvólvese en aplicación do Real Decreto polo que se establece a metodoloxía para o cálculo dos cargos da factura eléctrica, aprobado no Consello de Ministros do pasado 9 de marzo e publicado no BOE do 18 de marzo, último día de finalización de prazo das alegación, este escaso tempo, implicou, que moitos axentes non puideran coñecer o texto do Real Decreto co tempo suficiente para analizalo en profundidade e con rigor, dada a importante incidencia que ten o seu articulado na economía das familias e na competitividade das empresas.

Na actualidade, as tarifas de peaxes de acceso de baixa tensión con potencia igual ou inferior a 15 kW estrutúranse en dous grupos de 3 tarifas cada un . Os novos cargos e peaxes que van a entrar en vigor a partir do 1 de xuño, contemplan unha única tarifa, para baixa tensión e potencia igual ou inferior a 15 kW.
Todas as subministracións con potencia contratada inferior a 15 kW terán unha tarifa con tres termos de enerxía (punta, meseta e val) e dous termos de potencia (punta e val).

Actualmente só poden acollerse ao Prezo Voluntario ao Pequeno Consumidor (PVPC) os consumidores con potencia de contrato menor ou igual a 10 kW, obrigándose aos

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

consumidores con potencia superior a 10 kW a acudir ao mercado libre. Co novo sistema de tarifas, veranse obrigados a incrementar a potencia dos equipos de calefacción para acumular a enerxía necesaria en menos horas, o que lles pode obrigar a contratar potencias superiores a 10 kW y véndose obrigados a abandonar o PVPC.

O impacto dos novos peaxes e cargos na factura eléctrica será diferente en función da curva horaria de carga de consumo e do esforzo por modificar hábitos e pautas de consumo.

Desta forma a enerxía podería chegar a costar no Prezo Voluntario para o Pequeno consumidor PVPC ata o triplo en función da xestión do uso doméstico da electricidade, pois os cargos sobre o Kwh variarán en función de tres horarios con coste moi diferente.

No caso das tarifas de uso industrial, tamén se producen cambios, e segundo diversas previsión, dedúcese que cos novos cargos e peaxes, en xeral haberá un incremento dos custos de facturación de enerxía en comparación coa situación actual, o que implicará un sobrecusto na facturación de enerxía eléctrica final que pagan os consumidores industriais.

Outra das deficiencias da orde publicada radica no peso específico que se lle asigna a recadación dos custos regulados, desincentivando as instalacións de autoconsumo polo retraso na súa amortización.

A priori parece que se aveciñan costes máis caros a través desta nova estrutura de cargos do sistema e dos novos peaxes, varios perfís de consumidores se verán afectados con importantes subidas do prezo da luz, pois aínda que se pretenda abaratar o termo de potencia, non fai de contrapeso ao previsible incremento por enerxía en moitos dos casos, e de seguro moito máis no ámbito industrial, moi prexudicado xa polo actual sistema de prezos da enerxía de España.
A Xunta de Galicia fixo unha análise desta nova estrutura de tarifas, e presentou varias alegacións á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) dado a transcendencia que pode ter a aprobación desta importante modificación das tarifas eléctricas tal e como se publicou.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a solicitar ao Goberno de España, que atenda as alegacións feitas pola Xunta de Galicia ao “Proxecto de orde polo que se

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 13:51:10
Nº Rexistro: 13688
Data envio: 29/03/2021 13:51:10.826

grupo parlamentario popular de galicia

establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultan de aplicación a partir do 1 de Xuño de 2021", e que se se substancian en:

1. Ampliar o prazo de alegacións a este proxecto de orde para que os axentes interesados poidan analizalo en profundidade e formular alegacións con rigor, dada a importante incidencia que ten o seu articulado na economía das familias e na competitividade das empresas.

2. Ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario ao Pequeno Consumidor (PVPC) ata potencias iguais ou inferiores a 15 kW para o consumidor doméstico.

3. Realizar estudos de facturación de enerxía eléctrica cos perfís de consumo habituais dos fogares e das empresas dos sectores industrial e servizos, para coñecer o impacto económico real dos novos cargos e peaxes na factura de electricidade como paso previo á aprobación dos cargos do sistema eléctrico que se realicen.

4. Có obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo, solicítase que se conceda máis peso específico ao termo de enerxía que o de potencia.

5. Realizar con suficiente antelación a posta en marcha das novas tarifas, campañas informativas que axuden ao consumidor a facilitar a toma de decisións para facer un consumo máis eficiente".

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2021 13:51:10
Nº Rexistro: 13688
Data envio: 29/03/2021 13:51:10.826

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/03/2021 13:42:17

Marta Nóvoa Iglesias na data 29/03/2021 13:42:32

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/03/2021 13:42:46

Borja Verea Fraiz na data 29/03/2021 13:43:03

José Antonio Armada Pérez na data 29/03/2021 13:43:19

Ovidio Rodeiro Tato na data 29/03/2021 13:43:35

Cristina Sanz Arias na data 29/03/2021 13:43:47

Sandra Vázquez Domínguez na data 29/03/2021 13:44:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2021 10:10:22
Nº Rexistro: 13691
Data envio: 30/03/2021 10:10:22.719

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á recuperación da ambulancia de apoio a Lalín e a dotación dunha ambulancia medicalizada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A atención ás urxencias extrahospitalarias é un servizo vital. A dotación de vehículos, de persoal e o tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferencia entre un desenlace positivo ou un fatal.

A comarca do Deza é moi deficitaria en Transporte Sanitario Urxente. A comarca só conta con dous vehículos de Soporte Vital Básico SVB),un localizado en Silleda que da servizo a ese Concello e a Vila de Cruces e outro localizado en Lalín que da servizo a Lalín ,Rodeiro , Agolada e Dozón.

A ambulancia de Lalín atende emerxencias nunha área duns 580 Km2 onde reside unha poboación dispersa duns 26.000 habitantes. Ademais das grandes distancias existentes dentro da grande área que cubre, na que os desprazamentos dentro da mesma poden chegar a 50 minutos, hai que sumarlle o tempo de chegada ao CHUS, que é o hospital de referencia. Desde Agolada ou Rodeiro poden superar eses tempos de 50 minutos. Outro factor a ter en conta é que so existe un PAC nesa área que é o PAC de Lalín , o que provoca que se hai que recoller sanitarios no mesmo para unha emerxencia haxa que percorrer maiores distancias,

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2021 10:10:22
Nº Rexistro: 13691
Data envio: 30/03/2021 10:10:22.719

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todas estas circunstancias están provocando de xeito reiterado unha sobrecarga do servizo, máis palpábel en determinadas franxas horarias, fundamentalmente polo día, e que está levantando moita preocupación na cidadanía de Lalín. Nos últimos anos son varios os casos nos que a demora da asistencia por parte do servizo de ambulancia ten levantado protestas veciñais, sendo mais sonados aqueles que ocorreron en vía pública, pola alarma social que provocan, pero tamén hai queixas en asistencias en domicilios.

Diante desta situación a alarma, o malestar e a preocupación polo deficiente servizo de transporte sanitario urxente non fixo máis que aumentar entre @s veciñ@s. Por esta razón veñan reclamando dende fai tempo a dotación dunha ambulancia de Soporte Vital Avanzado (SVA), a que teñen de referencia atópase en Santiago de Compostela a uns 50 Km, cun tempo de asistencia ao casco urbano que varía entre un mínimo de 40 minutos do recurso terrestre e os 15 minutos do recurso aéreo, limitado porque só ten servizo diúrno e non presta asistencia en situacións de climatoloxía adversa.

Na vez de atender as demandas dunha ambulancia de SVA a Xunta de Galiza limitouse a dotar dunha ambulancia de apoio, deficiente tanto nas características do vehículo como en persoal. Ambulancia de apoio que sendo insuficiente leva meses sin prestar servizo.

A situación detallada con anterioridade fai imposible que unha soa ambulancia de Soporte Vital Básico (SVB) poida atender correctamente as emerxencias dunha área tan extensa e non son infrecuentes os casos nos que teñen que prestar apoio as ambulancias de Carballiño, A Estrada ou Chantada por estar a de Lalín ocupada nun traslado ao CHUS coa consecuente acumulación de demoras na asistencia urxente.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2021 10:10:22
Nº Rexistro: 13691
Data envio: 30/03/2021 10:10:22.719

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A atención ás urxencias extrahospitalarias é un servizo vital, xa que diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.

É evidente que para prestar unha asistencia sanitaria de calidade, que non comprometa a saúde e a vida da veciñanza, son precisos recursos. Lalín e a comarca do Deza precisan dunha ambulancia medicalizada, feito este negado sistematicamente polo PP aos nosos veciños e veciñas.

Esta situación pon en evidencia a insuficiencia de recursos sanitarios na comarca do Deza, e a necesidade de contar con máis medios de resposta diante de emerxencias sanitarias, e por esta razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Mellorar a atención ás emerxencias sanitarias na comarca do Deza e con este fin dotar a Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada de Soporte Vital Avanzado, dotada con dous técnic@s, 1 persoal de enfermería 1 persoal facultativo, 24 horas ao día 365 días ao ano. No inmediato proceder á recuperación inmediata da ambulancia convencional de apoio en Lalín que a día de hoxe e por motivos descoñecidos non está prestando asistencia.

2. Presentar no prazo dun mes un informe no Parlamento Galego coa seguinte información:

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2021 10:10:22
Nº Rexistro: 13691
Data envio: 30/03/2021 10:10:22.719

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Isócronas operativas das ambulancias que prestan servizo para o 061 con base en Lalín e Silleda, desde o inicio do novo contrato, a principios do mes de decembro 2019, do Servizo de Transporte Urxente Sanitario Terrestre para a Fundación Pública 061, desagregadas por meses.

b) Isócronas operativas da ambulancia de apoio con base en Lalín desde o inicio do novo contrato, a principios do mes de decembro 2019, do Servizo de Transporte Urxente Sanitario Terrestre para a Fundación Pública 06, desagregadas por meses.

c) Número de servizos de apoio realizados na comarca do Deza por ambulancias diferentes á que ten base en Lalín, desde o inicio do novo contrato, a principios do mes de decembro 2019, desagregados por meses e base."

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2021 10:10:22
Nº Rexistro: 13691
Data envio: 30/03/2021 10:10:22.719

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 30/03/2021 09:59:26

Iria Carreira Pazos na data 30/03/2021 09:59:35

Olalla Rodil Fernández na data 30/03/2021 09:59:47

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 13706
Data envio: 31/03/2021 09:18:33.836

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre o depósito de rodas en Lendo (A Laracha).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Lendo (A Laracha) iniciouse nos anos 90 a acumulación de pneumáticos (Neumáticos Fóra Uso) nas instalacións do Grupo Campo, que supuxo que o depósito nunha parcela de titularidade privada de 35.000 toneladas de pneumáticos. O que era nese momento o punto de acumulación de pneumáticos de maior dimensión e cantidades de toda Galiza.

O grupo municipal do BNG de A Laracha preguntou en numerosas ocasións ao Goberno Local polos destinos dos pneumáticos, ao que se lle contestou que o destino deses pneumáticos era a reciclaxe nunha planta do mesmo grupo empresarial, noutro lugar.

En febreiro de 2017, os grupos da cámara aprobaron por unanimidade unha proposición non de lei do Grupo Parlamentar do BNG, transaccionada co Grupo Parlamentar Partido Popular, instando á Xunta de Galiza a continuar coa xestión dos residuos pneumáticos a través do Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galiza 2016-2022 e a completar a retirada dos acumulados en depósitos e vertedoiros incontrolados. E xa nesa iniciativa polo GP BNG denunciábase a situación do depósito de pneumáticos en Lendo.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 13706
Data envio: 31/03/2021 09:18:33.836

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En abril de 2017, a Directora Xeral de Calidade Ambiental e cambio Climático supervisaba in situ o inicio da retirada dos pneumáticos de Lendo, e anunciábase que para o 2018 terían rematado os traballos de retirada. Para as labores de retirada convocouse no seu día pola Xunta un concurso público, en cuios pregos de contratación se fixaba a duración das obras, o prezo por tonelada retirada, así como o destino final dos residuos.

Porén, en agosto de 2018, pola Consellería de Medio Ambiente recoñecíase o retraso no proceso, sen poder precisar unha data exacta e definitiva para a terminación dos traballos e retirada.

Pero aínda a primeiros do ano pasado, o 40% dos pneumáticos depositados permanecían no mesmo lugar do Concello de A Laracha. E fai uns días, dende fora do propio recinto eran visibles grandes cantidades de pneumáticos alí acumulados.

É de supoñer que, dada a natureza contaminante dos residuos, a Xunta está a facer un seguimento da xestión, eliminación, reutilización ou reciclaxe dos mesmos. Que porcentaxe do total depositado foron reciclados e cales incinerados in situ ou soterrados e cal foi o impacto que estas actividades, que xa veñen dos anos 90, tiveron sobre o equilibrio natural da zona e sobre a saúde mesma da poboación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a completar de forma inmediata o proceso de retirada dos pneumáticos (NFU) e demais residuos contaminantes acumulados en Lendo (A Laracha) dende os anos 90."

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 13706
Data envio: 31/03/2021 09:18:33.836

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 31/03/2021 09:12:25

Xosé Luis Bará Torres na data 31/03/2021 09:12:37

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 09:34:23
Nº Rexistro: 13711
Data envio: 31/03/2021 09:34:23.083

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez** e **Iria Carreira Pazos** e dos deputados **Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre o modelo de xestión das residencias cuxa construción está prevista nas sete principais cidades galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde 2017 a Xunta de Galiza anuncia a construción de sete residencias de maiores que se situarán nas sete principais cidades galegas, isto é, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Compostela, Ferrol e Vigo.

A súa construción e equipamento inicial corre a conta da Fundación Amancio Ortega (FAO), de acordo co convenio asinado entre esta entidade e a Xunta de Galiza, porén, a partir da súa entrega á administración pública a decisión sobre o modelo de xestión destes centros dependerá do Goberno galego que será o titular dos mesmos.

Galiza conta cun importante déficit de prazas públicas de residencias de maiores. Así, a suma de todas aquelas que contan con financiamento público, incluídas as concertadas, apenas representan o 3 por cada 100 maiores de 65 anos, lonxe da rateo recomendada pola Organización Mundial da Saúde (OMS) que sitúa en cinco prazas por cada cen persoas maiores de 65 anos.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 09:34:23
Nº Rexistro: 13711
Data envio: 31/03/2021 09:34:23.083

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, e de acordo cos datos oficiais, oito de cada dez prazas de residencias en Galiza son privadas.

A pandemia provocada pola Covid19 puxo en evidencia as carencias do modelo actual de coidados en centros residenciais e malia non contarmos con cifras desagregadas por centros pois a Xunta de Galiza négase de maneira reiterada a facelas públicas, as informacións publicadas a través dos medios de comunicación poñen de manifesto que no caso galego, foron os centros privados os que concentraron un maior número de contaxios e falecementos.

Neste contexto, é necesario un reforzo do sector público no ámbito residencial (e en xeral nos coidados) e un compromiso real por parte da administración pública na garantía dos dereitos sociais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a asumir a xestión pública directa das residenciais de maiores cuxa construción está prevista nas sete principais cidades galega."

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 09:34:23
Nº Rexistro: 13711
Data envio: 31/03/2021 09:34:23.083

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 31/03/2021 09:30:47

Noa Presas Bergantiños na data 31/03/2021 09:31:00

María do Carme González Iglesias na data 31/03/2021 09:31:19

Alexandra Fernández Gómez na data 31/03/2021 09:31:26

Iria Carreira Pazos na data 31/03/2021 09:31:33

Xosé Luis Bará Torres na data 31/03/2021 09:31:45

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/03/2021 09:31:52

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 09:34:23
Nº Rexistro: 13711
Data envio: 31/03/2021 09:34:23.083

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 31/03/2021 09:32:00

Olalla Rodil Fernández na data 31/03/2021 09:32:09

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 09:53:49
Nº Rexistro: 13713
Data envio: 31/03/2021 09:53:49.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre o número de persoas falecidas en residencias de maiores en Galiza durante a pandemia da Covid19 e as razóns pola que a Xunta non fai públicos os datos desagregados por centros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada pola Covid19 a Xunta de Galiza negou de maneira reiterada o acceso aos datos de persoas falecidas desagregados por centros residenciais.

Apenas se informa –a través da web-- ao número total de decesos e se estes se produciron nos propios centros ou nun hospital ou residencia integrada.

Tanto este grupo parlamentario, a través dos mecanismos dos que dispón o Regulamento da Cámara, como medios de comunicación a través dos mecanismos fixados pola Lei de Transparencia, temos solicitado o acceso a esta información. Porén, a Xunta de Galiza négase a facilitala con argumentos tan peregrinos como que implicaría "unha acción previa de reelaboración por parte desta Consellería de Sanidade" que, semella, o Goberno galego non está disposto a asumir nin para garantir o dereito de acceso á información pública.

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 09:53:49
Nº Rexistro: 13713
Data envio: 31/03/2021 09:53:49.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este escurantismo por parte da Xunta de Galiza non se limita só aos datos desagregados por centros residenciais en canto a contaxios e falecementos por Covid19, como é coñecido, o Bloque Nacionalista Galego tivo que esixir e reclamar en múltiples ocasións o seu dereito como grupo parlamentario para poder acceder aos expedientes e actas de inspección referidos a algúns dos principais grupos que xestionan residencias de maiores no noso país.

A demanda desta información non se limita apenas ao BNG ou os medios de comunicación senón que vén sendo esixida tamén por entidades e organizacións que representan a familiares e usuarias destes centros que descoñecen o número total e oficial de falecidas e falecidos un ano despois de que se declarase a emerxencia sanitaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a publicar, a través da páxina web e nun formato accesible para o conxunto da poboación, os datos de contaxios e persoas falecidas con Covid19 nas residenciais de maiores desagregados por centros residenciais. Así mesmo, deberá publicar o número de persoas que faleceron en centros hospitalarios e residencias integradas de maneira diferenciada indicando tamén en que hospital e residencia integrada se produciron."

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2021

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 09:53:49
Nº Rexistro: 13713
Data envio: 31/03/2021 09:53:49.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 31/03/2021 09:45:34

Iria Carreira Pazos na data 31/03/2021 09:45:41

Olalla Rodil Fernández na data 31/03/2021 09:45:51

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:11:47
Nº Rexistro: 13730
Data envio: 31/03/2021 13:11:47.701

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Diego Calvo Pouso, José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

Desde hai moitos anos, tanto o tecido social como o empresarial, vén reclamando a mellora das comunicacións ferroviarias entre Ferrol e o resto das cidades galegas.

Pese a iso, Ferrol é a cidade de Galicia máis abandonada en materia ferroviaria: realizar o traxecto entre Ferrol e A Coruña ten unha duración de 1 hora e 20 minutos. Un tempo claramente excesivo se temos presente que as dúas cidades atópanse separadas por 60 quilómetros de distancia e facer esa viaxe nun vehículo privado non supón máis de 40 minutos, ou de 50 minutos se o medio de transporte que se emprega é o autobús.

Feita a comparación de tempos entre os diferentes medios de transportes, é obvia a conclusión de que o tempo de viaxe en tren entre ambas cidades é excesivo. Circunstancia que loxicamente fai que a cidadanía afectada, que ascende a 500.000 persoas, non contemple este medio de transporte como unha alternativa nos seus desprazamentos por resultar pouco competitiva.

Se comparamos os tempos de viaxe en tren entre Ferrol e A Coruña cos de outras cidades, o agravio é notorio. Así, os 100 quilómetros que separan Santiago e Ourense fanse en 30 minutos e o traxecto Coruña – Santiago, en 25 minutos, pese a que a distancia é maior ca que separa Ferrol da A Coruña.

A Xunta de Galicia leva anos demandando que se inclúa Ferrol nos plans de modernización do ferrocarril na Comunidade Autónoma, contribuíndo a este obxectivo

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:11:47
Nº Rexistro: 13730
Data envio: 31/03/2021 13:11:47.701

grupo parlamentario popular de galicia

mesmo máis alá das súas obrigas e competencias. No ano 2017, a Administración galega elaborou un estudio encamiñado precisamente a mellorar a mobilidade no corredor ferroviario A Coruña-Ferrol, que remitiu, o 18 de xaneiro de 2018, á Secretaría de Estado do daquela Ministerio de Fomento.

Paralelamente, e ante próxima chegada da alta velocidade a Galicia, a Xunta comezou o deseño e construción das estacións intermodais nas sete grandes cidades de Galicia. A este respecto, no ano 2019, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade destinou 50.000 euros a realizar o anteproxecto da intermodal de Ferrol. Compromiso que mantivo no tempo coa reserva no seu orzamento dunha partida plurianual de 4,5 millóns de euros para a construción desta infraestruturas.

Desgraciadamente, por contra, nos últimos 2 anos o Goberno central non realizou ningunha inversión encamiñada a modernizar a conexión ferroviaria entre Ferrol e A Coruña. De feito, nos orzamentos xerais do Estado para este ano 2021 unicamente contempla 200.000 euros para a realización do estudo do baipás de Betanzos-Infesta, actuación esencial para rebaixar os tempos de viaxe entre as dúas cidades. Unha partida claramente insuficiente para este cometido.

Á vista do exposto, é claro o interese do Goberno galego por mellorar o corredor ferroviario Ferrol - A Coruña e por dotar á cidade de Ferrol dunha estación intermodal á altura da que xa teñen ou está previsto que teñan o resto das grandes cidades galegas, pero non parece ser así no caso do Goberno de España.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario do Partido Popular de Galicia presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a presentar unha planificación completa de obras e investimentos para a modernización do corredor ferroviario Ferrol-Coruña, empezando pola licitación do baipás de Betanzos, coa fin de reducir os tempos de viaxe de tal xeito que o desprazamento en tren resulte unha alternativa competitiva para a mobilidade dos usuarios con respecto a outros medios de transporte”.

Santiago de Compostela, 31 de marzo 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:11:47
Nº Rexistro: 13730
Data envio: 31/03/2021 13:11:47.701

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/03/2021 13:08:05

Diego Calvo Pouso na data 31/03/2021 13:08:22

José Manuel Rey Varela na data 31/03/2021 13:08:40

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/03/2021 13:08:58

Carmen María Pomar Tojo na data 31/03/2021 13:09:12

Ramón Carballo Páez na data 31/03/2021 13:09:23

José Manuel Balseiro Orol na data 31/03/2021 13:09:39

María Sol Díaz Mouteira na data 31/03/2021 13:09:48

Marta Nóvoa Iglesias na data 31/03/2021 13:10:10

Rubén Lorenzo Gómez na data 31/03/2021 13:10:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:24:08
Nº Rexistro: 13732
Data envio: 31/03/2021 13:24:08.468

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Noelia Pérez López, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos:

No ano 2016, a Xunta de Galicia, o Concello de Ourense e o Ministerio de Fomento asinaron un acordo de colaboración para o desenvolvemento da Estación Intermodal de Ourense e a súa contorna urbana, definindo dunha banda as responsabilidades de cada administración e doutra a folla de ruta a seguir.

En dito acordo contemplábanse varias actuacións diferenciadas, entre elas, unha nova terminal de autobuses integrada na futura estación de ferrocarril intermodal.

O pasado 6 de febreiro de 2021 entrou en funcionamento a nova infraestrutura da estación de autobuses, financiada e executada ao 100% pola Xunta de Galicia. Máis de 7.300 metros cadrados que albergan 16 dársenas e un edificio de viaxeiros, e que permitirá un intercambio máis rápido e con maior seguridade aos pasaxeiros que usen o autobús e o ferrocarril.

En execución atópase o aparcadoiro soterrado cofinanciado tamén pola administración autonómica, pero executado polo ADIF e do que nada sabemos do seu cronograma.

Descoñecemos tamén o calendario da intervención sobre o actual edificio Empalme, a nova cuberta, a cubrición de vías e o novo vial que conectará o barrio da Ponte co barrio do Vinteún, todas elas obras esenciais para a vertebración da cidade de Ourense e, por ende, de toda a provincia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:24:08
Nº Rexistro: 13732
Data envio: 31/03/2021 13:24:08.468

grupo parlamentario popular de galicia

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta esta proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para urxir a convocatoria da Comisión de Seguimento da estación intermodal de Ourense coa finalidade de que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana concrete, tanto os prazos de execución, como os orzamentos consignados para continuar co avance de todas as actuacións que lle corresponde executar na estación intermodal de Ourense".

Santiago de Compostela, 31 de marzo 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:24:08
Nº Rexistro: 13732
Data envio: 31/03/2021 13:24:08.468

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/03/2021 13:20:47

Noelia Pérez López na data 31/03/2021 13:21:05

Diego Calvo Pouso na data 31/03/2021 13:21:18

Carmen María Pomar Tojo na data 31/03/2021 13:22:13

Ramón Carballo Páez na data 31/03/2021 13:22:32

José Manuel Balseiro Orol na data 31/03/2021 13:22:45

María Sol Díaz Mouteira na data 31/03/2021 13:22:57

Marta Nóvoa Iglesias na data 31/03/2021 13:23:11

Rubén Lorenzo Gómez na data 31/03/2021 13:23:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:27:46
Nº Rexistro: 13734
Data envio: 31/03/2021 13:27:46.226

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Borja Verea Fraiz, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo** e **Marta Nóvoa Iglesias,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de motivos

O Goberno galego vén demandando de xeito reiterado nos últimos anos que desde a administración central se lle dea prioridade e axilidade ás obras de construción da autovía entre Lugo e Santiago co obxecto de que esta infraestrutura puidese entrar en servizo para o Xacobeo 2021.

Resulta evidente que o Executivo central non atendeu esta demanda reiterada da Xunta de Galicia porque hoxe, xa inmersos no Xacobeo, as obras desta infraestrutura viaria atópanse aínda moi lonxe de finalizar.

De feito, os traballos dos treitos pendentes da A-54, Palas-Melide e Melide-Arzúa, acumulan atrasos moi importantes e están a avanzar a un ritmo moi lento, tanto que mesmo se trata case dunha paralización das obras. O progreso é tan escaso que xa ata os altos cargos do Ministerio de Transportes aseguran que ven moi difícil rematar as obras da Autovía Santiago-Lugo en 2022.

Se a este deficiente ritmo de execución sumamos ademais o recorte de investimentos que Executivo de coalición impuxo ás contas autonómicas para o actual exercicio, todo a punta a que esta infraestrutura seguirá a ser un obxectivo pendente.

En consecuencia, cómpre que o Goberno de España intensifique o ritmo destas obras e aproveite os meses de primavera e do verán para avanzar dun xeito decidido nos tramos pendentes e así tratar de acurtar os prazos.

Galicia precisa do desenvolvemento en tempo e forma dunha infraestrutura estratéxica de tal xeito que aínda que xa non sexa posible a súa entrada en servizo neste Ano Santo, si poida facer durante o Xacobeo, que se estenderá ata 2022.

O obxectivo final é aproveitar ao máximo as potencialidades que supón este acontecemento singular, tanto a nivel económico como social sumado á mellora das

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:27:46
Nº Rexistro: 13734
Data envio: 31/03/2021 13:27:46.226

grupo parlamentario popular de galicia

comunicacións entre Lugo e Santiago e os municipios que percorre a futura autovía unha vez se complete.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a requirirlle ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a axilización das obras pendentes na autovía A-54, entre Lugo e Santiago, có obxecto de que poida entrar en servizo por completo durante o Xacobeo 2021-2022”.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:27:46
Nº Rexistro: 13734
Data envio: 31/03/2021 13:27:46.226

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/03/2021 13:10:02

José Manuel Balseiro Orol na data 31/03/2021 13:10:20

Borja Verea Fraiz na data 31/03/2021 13:10:34

Ramón Carballo Páez na data 31/03/2021 13:10:50

María Sol Díaz Mouteira na data 31/03/2021 13:11:09

Diego Calvo Pouso na data 31/03/2021 13:11:22

Rubén Lorenzo Gómez na data 31/03/2021 13:11:36

Carmen María Pomar Tojo na data 31/03/2021 13:11:50

Marta Nóvoa Iglesias na data 31/03/2021 13:12:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:29:22
Nº Rexistro: 13738
Data envio: 31/03/2021 13:29:22.252

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Teresa Egerique Mosquera, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

Despois dunha longa espera, o Goberno de España vén de aprobar en Consello de Ministros o Real Decreto-lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19.

Esta iniciativa estatal chega tarde, sobre todo tendo en conta que neste período a Xunta de Galicia xa puxo en marcha dous plans de rescate e xa está traballando no terceiro, todo iso, con fondos propios e sen ter recibido, ata o de agora, recursos económicos do Estado con este fin.

Por se non fora suficiente, a repartición feita desde A Moncloa dos fondos destas axudas a empresas e autónomos é inxusta e decepcionante con Galicia, pois recibiremos unha cantidade que está moi lonxe do que lle correspondería á nosa Comunidade.

Outra das eivas máis importantes das axudas estatais é o feito de que deixan fóra destes apoios a sectores esenciais do noso tecido produtivo.

Un destes sectores excluídos polo criterio arbitrario do Goberno socialista é o pesqueiro, incluído todos os ámbitos sociais e económicos ligados á pesca, o complexo mar-industria e a acuicultura, máis aló dos almacenistas.

O sector, que estivo faenando durante toda a pandemia, vén reclamando medidas para reducir o forte impacto que tivo no sector a crise provocada polo coronavirus, especialmente, tras o peche parcial do canle HORECA, as restricións actuais en bares e restaurantes e a redución do turismo.

Así por exemplo, para especies como o marisco ou o peixe espada, entre outros, o impacto chegou a ser superior ao 80% das vendas. Mentres que, como dato xeral e ata outubro do ano pasado, estimábase unha redución nun 20% a venda de produtos pesqueiros no conxunto de España.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:29:22
Nº Rexistro: 13738
Data envio: 31/03/2021 13:29:22.252

grupo parlamentario popular de galicia

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España de tal xeito que incorpore ao sector pesqueiro e á cadea mar-industria na listaxe de Actividades Económicas da CNAE, incluídas no Real Decreto-lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da COVID-19, para que as empresas deste sector que cumpran os requisitos sexan susceptibles de recibir tamén estas axudas directas".

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:29:22
Nº Rexistro: 13738
Data envio: 31/03/2021 13:29:22.252

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/03/2021 13:22:48

José Manuel Balseiro Orol na data 31/03/2021 13:23:10

Teresa Egerique Mosquera na data 31/03/2021 13:23:25

Ana Belén García Vidal na data 31/03/2021 13:23:35

Manuel Santos Costa na data 31/03/2021 13:23:46

José Alberto Pazos Couñago na data 31/03/2021 13:23:52

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/03/2021 13:24:03

Daniel Vega Pérez na data 31/03/2021 13:24:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 11:15:13
Nº Rexistro: 13783
Data envio: 05/04/2021 11:15:13.020

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 5 ABR. 2021
SAÍDA
Num. 32

En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de decembro de 2020.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Xacobeo 2021

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 05/04/2021 11:14:41
Asinado por: CONVIDADO/A ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 05/04/2021 09:53:59
CSV: BOPGDSPGu7wrZOwIB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 11:15:13
Nº Rexistro: 13783
Data envio: 05/04/2021 11:15:13.020

XUNTA DE GALICIA

Expediente para Acordo

ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	INCORPORACIÓN DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-12-005-20
ENTIDADE / ORGANISMO	Consellería de Sanidade
DESCRICIÓN DA ENTIDADE	DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS ECONÓMICOS
DATA DE APERTURA	28.10.2020

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-12-005-20
PX-12-003-20

1.2. DESCRICIÓN OPERACIÓN

Incorporación de crédito por importe 15.119,66 € ao vixente Orzamento de gastos da Consellería de Sanidade, na aplicación de financiamento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, como consecuencia da incorporación na axencia dos remanentes correspondentes ao proxecto TITTAN PGI01366. INTERREG POCTEP.
Movemento entre proxectos para aportar o cofinanciamento de fondos propios correspondente.

1.3. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

INCORPORACION DE CRÉDITO

1.3.1. Empregos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	18	12.01.411A.432.14	AXENCIA GALEGA COÑECEMENTO	2016 00412	5421	S	15.119,66	

MOVEMENTO ENTRE PROXECTOS

1.3.2. Empregos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	18	12.01.411A.432.14	AXENCIA GALEGA COÑECEMENTO	2016 00412	1040	S	2.668,18	

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 05/04/2021 11:14:41
CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 11:15:13
Nº Rexistro: 13783
Data envio: 05/04/2021 11:15:13.020

1.3.3. Recursos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	18	12.01.411A.432.14	AXENCIA GALEGA COÑECEMENTO	2016 00158	1010	N	2.668,18	

1.3.4. Fundamento normativo

Artigo 71 c) e 66 e) do TR Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia.

Instrución sétima para a incorporación automática dos remanentes de crédito ao orzamento 2020.

Orde do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procesos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico.

1.4. INFORME

1.4.1. Exposición

A Consellería de Sanidade solicita a incorporación de saldos pendentes existentes a 31/12/2017, na partida 12.01.411A.132.14 – 2016.00412 “INTERREG-EUROPE 14-20 PROXECTO TITTAN” na modalidade 5421- INTERREG EUROPE por importe de 15.119,66 €. O dito saldo correspóndese ao proxecto TITTAN PGI01366, que xestiona a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

A 31/12/2017 existían na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde importes pendentes de execución polos importes mencionados que non chegaron a incorporarse ao exercicios posteriores.

O 31.07.2020 asinouse o acordo para a autorización da incorporación dos remanentes na axencia e o movemento entre proxectos para aportar a cofinanciación necesaria (IC-12.A1-005-20 e PX-12.A1-005-20).

A o non estar recoñecido, corresponde contabilizar no orzamento de ingresos un compromiso pola cantidade a incorporar.

Así mesmo, realizase un movemento entre proxectos para aportar o cofinanciamento correspondente de fondos propios.

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 05/04/2021 11:14:41

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 11:15:13
Nº Rexistro: 13783
Data envio: 05/04/2021 11:15:13.020

Polo exposto, e de acordo co disposto na normativa referenciada, sométese para a súa autorización este expediente de incorporación de remanente e movemento entre proxectos.

INCIDENCIA INDICADORES NEGATIVOS

SECC.-SERV.-PROG.-PROXECTO	CÓDIGO INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	VALOR PREVIO	MODIFICACIÓN	VALOR VIXENTE
.	---				

1.5. INCIDENCIA INDICADORES POSITIVOS

SECC.-SERV.-PROG.-PROXECTO	CÓDIGO INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	VALOR PREVIO	MODIFICACIÓN	VALOR VIXENTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO	O Conselleiro de Facenda P.D.: 10/02/2015 MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 05/04/2021 11:14:41

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 11:15:13
Nº Rexistro: 13783
Data envio: 05/04/2021 11:15:13.020

XUNTA DE GALICIA

Expediente para Acordo

ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	INCORPORACIÓN DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-12-004-20 PX-12-004-20
ENTIDADE / ORGANISMO	Consellería de Sanidade
DESCRICIÓN DA ENTIDADE	DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS ECONÓMICOS
DATA DE APERTURA	28.10.2020

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-12-006-20

PX-12-004-20

1.1.2. Descrición operación

Incorporación de crédito por importe de 25.125,00 € ao vixente Orzamento de gastos da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, resultantes dos remanentes correspondentes ao proxecto 0227_CODIGOMAIS_1_E. INTERREG POCTEP.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

INCORPORACION DE CRÉDITO

1.2.1. Empregos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	18	12.01.411A.732.14	AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	2017 00091	5411	S	25.125,00	

MOVEMENTO ENTRE PROXECTOS

1.2.2. Empregos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	18	12.01.411A.732.14	AXENCIA GALEGA COÑECEMENTO	2017 00091	1040	S	8.375,00	

1.2.3. Recursos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	18	12.01.411A.732.14	AXENCIA GALEGA COÑECEMENTO	2017 00091	1010	N	8.375,00	

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 05/04/2021 11:14:41
CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 11:15:13
Nº Rexistro: 13783
Data envio: 05/04/2021 11:15:13.020

1.2.4. Fundamento normativo

Artigo 71 c) e 66 e) do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

Instrución sétima para a incorporación automática dos remanentes de crédito ao orzamento 2020.

Orde do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procesos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico.

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Consellería de Sanidade remite un expediente no que solicita a incorporación de saldos pendentes existentes a 31/12/2018 na partida 11.01.411A.732.14 – 2017.00091 na modalidade 5410- INTERREG POCTEP por importe de 25.125,00€ correspondentes ao proxecto 0227_CODIGOMAIS_1_E.

O proxecto enmárcase dentro da convocatoria do Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. Este proxecto pretende impulsar a creación dun Ecosistema Transfronteirizo Innovador no sector da saúde, que permita integrar aos actores públicos e privados e fomentar as capacidades e oportunidades de valorización.

A 31/12/2018 existían importes pendentes de execución por importe de 151.450,76 € dos que soamente se incorporaron 50.010,75 €.

Na axencia tramitouse a correspondente incorporación, polo que é preciso axustar a aplicación de financiamento á dita axencia para manter a coherencia entre os respectivos orzamentos. Apórtase o cofinanciamento necesario, 8.375,00€, para manter as porcentaxes de cofinanciación (75 % de fondo europeo e 25% FCA que cofinancia elixible).

Corresponde contabilizar no orzamento de ingresos un compromiso pola cantidade a incorporar.

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 05/04/2021 11:14:41

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 11:15:13
Nº Rexistro: 13783
Data envio: 05/04/2021 11:15:13.020

Polo exposto, e de acordo co disposto nos artigos 71 e 66.e) TR Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, sométese para a súa autorización este expediente de incorporación de remanente.

INCIDENCIA INDICADORES NEGATIVOS

SECC.-SERV.-PROG.-PROXECTO	CÓDIGO INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	VALOR PREVIO	MODIFICACIÓN	VALOR VIXENTE
.	---				

1.4. INCIDENCIA INDICADORES POSITIVOS

SECC.-SERV.-PROG.-PROXECTO	CÓDIGO INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	VALOR PREVIO	MODIFICACIÓN	VALOR VIXENTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO	O Conselleiro de Facenda P.D.: 10/02/2015 MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 05/04/2021 11:14:41

CSV: BOPGDSPGu7wrZOwlB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 11:15:13
Nº Rexistro: 13783
Data envio: 05/04/2021 11:15:13.020

XUNTA DE GALICIA

Expediente para Acordo

ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	INCORPORACIÓN DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-12-007-20
ENTIDADE / ORGANISMO	Consellería de Sanidade
DESCRICIÓN DA ENTIDADE	DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS ECONÓMICOS
DATA DE APERTURA	13.06.2020

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-12-007-20
PX-12-005-20

1.2. DESCRICIÓN OPERACIÓN

